Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia

Última versión

MODIFICACIÓNS

Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Artigo 40 apartado 1 nova redacción por artigo 18 apartado un.
- Artigo 92 apartado 1 letras a) e b) nova redacción por artigo 18 apartado dous.
- Artigo 126 apartado 1 letra i) nova redacción por artigo 18 apartado tres.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Artigo 4 apartado m) nova redacción por artigo 26 apartado un.
- Artigo 21 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado dous.
- Artigo 38 apartado a) nova redacción por artigo 26 apartado tres.
- Artigo 47 apartado 3 nova redacción por artigo 26 apartado catro.
- Artigo 48 apartado 3 nova redacción e apartado 4 suprimido por artigo 26 apartados cinco e seis.
- Artigo 55 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado sete.
- Artigo 57 apartado 2 nova redacción por artigo 26 apartado oito.
- Artigo 66 apartado 3 nova redacción por artigo 26 apartado nove.
- Artigo 70 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado dez.
- Artigo 79 apartado 4 nova redacción por artigo 26 apartado once.
- Artigo 83 apartados 3 e 4 engadidos por artigo 26 apartados doce e trece.
- Artigo 84 apartados 1, 2, 3 e 4 nova redacción por artigo 26 apartados catorce, quince, dezaseis e dezasete.
- Artigo 85 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado dezaoito.
- Artigo 86 apartado 2 nova redacción e apartado 3 engadido por artigo 26 apartados dezanove e vinte.
- Artigo 89 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado vinte e un.
- Artigo 90 nova redacción do título por artigo 26 apartado vinte e dous.
- Artigo 90 bis engadido por artigo 26 apartado vinte e tres.
- Artigo 91 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado vinte e catro.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 94 apartado 3 nova redacción por artigo 26 apartado vinte e cinco.
Artigo 100 apartados b) e c) nova redacción por artigo 26 apartados vinte e sei,, e vinte e sete.
Artigo 105 nova redacción por artigo 26 apartado vinte e oito.
Artigo 111 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartados vinte e nove, trinta e trinta e un.
Artigo 112 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e dous.
Artigo 113 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e tres.
Artigo 116 apartado 10 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e catro.
Artigo 125 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e cinco.
Artigo 139 apartado 3 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e seis.
Artigo 142 apartado 4 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e sete.
Artigo 147 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e oito.

Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia

Artigo 7 apartado 1 letra k) nova redación por disposición derradeira primeira.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Artigo 62 apartado 5 engadido por artigo 22 apartado un.
Artigo 63 suprimido por artigo 22 apartado dous.
Artigo 83 apartado 3 nova redacción por artigo 22 apartado tres.
Artigo 97 apartados 2 nova redacción por artigo 22 apartado catro.
Artigo 123 apartado 1 nova redacción por artigo 22 apartado cinco.
Disposición transitoria primeira apartados 1 letra b), 2 e 5 nova redacción por artigo 22 apartado seis.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Artigo 4 letra c) nova redacción por artigo 85 apartado un.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 12 apartado 1 letra b) ordinal 3º nova redacción por artigo 85 apartado dous.
Artigo 15 nova redacción por artigo 85 apartado tres.
Artigo 19 apartado 2 nova redacción por artigo 85 apartado catro.
Artigo 24 apartado 4 nova redacción por artigo 85 apartado cinco.
Artigo 32 apartado 4 nova redacción por artigo 85 apartado seis.
Artigo 84 apartado 1 bis engadido por artigo 85 apartado sete.
Artigo 90 letra a) nova redacción por artigo 85 apartado oito.
Artigo 93 apartado 4 nova redacción por artigo 85 apartado nove.
Disposición adicional segunda apartado 1 nova redacción por artigo 85 apartado dez.
Disposición adicional oitava engadida por artigo 85 apartado once.
Disposición adicional novena engadida por artigo 85 apartado doce.
Disposición adicional décima engadida por artigo 85 apartado trece.
Disposición transitoria primeira nova redacción por artigo 85 apartado catorce.
Disposición transitoria segunda suprimida por artigo 85 apartado quince.
Disposición transitoria terceira nova redacción por artigo 85 apartado dezaseis.
Disposición transitoria novena apartados 1, 2 e 3 nova redacción e apartados 7 e 8 engadidos por artigo 85 apartados dezasete e dezaoito.

O disposto nos números un, dous e tres da disposición derradeira primeira terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2021.

Exposición de motivos

I

No mundo actual acadan cada vez maior importancia aquelas accións que pretenden cubrir as necesidades fundamentais da humanidade dunha forma á vez sustentable e eficiente. Así, os Obxectivos do desenvolvemento sustentable da Axenda 2030 e o Pacto verde europeo, que inclúe, entre outras actuacións, a Estratexia «Da granxa á mesa», a nova Estratexia forestal da Unión Europea, a Estratexia sobre biodiversidade para 2030 e a Acción polo clima, deben formar parte de calquera actuación desenvolvida polos poderes públicos no eido da xestión da terra.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Un dos obxectivos prioritarios da Estratexia «Da granxa á mesa» é garantir a seguridade alimentaria, para o cal presenta como elementos críticos a competitividade das explotacións agrícolas, a resiliencia dos sistemas alimentarios locais e rexionais e a creación de cadeas de subministración curtas. A terra constitúe o sustento básico da produción de alimentos a nivel local e rexional, polo que resulta esencial tanto protexer este recurso escaso e non renovable como asegurar o seu acceso aos produtores agroalimentarios.

Pola súa banda, a nova Estratexia forestal da Unión Europea declara que os bosques xestionados non só fixan o carbono mellor que os bosques non xestionados senón que tamén reducen as emisións e os problemas causados pola deterioración do estado dos bosques; sinala que a xestión sustentable e activa dos bosques ten un mellor impacto no clima e que os países que xestionan os seus bosques adecuadamente deben ser recompensados por iso.

Esta lei ten como finalidade a recuperación das terras agrarias de Galicia para uso agrícola, gandeiro e forestal, sen limitarse a enunciar estes valores con carácter xenérico, senón que forman parte fundamental das medidas e das propostas contidas no seu articulado. Así, o apoio á actividade agrícola e aos ingresos das explotacións agrarias familiares e, nomeadamente, ás mulleres agricultoras, o fomento da aplicación de prácticas agrícolas que contribúan ao mantemento dos ecosistemas e incrementen a capacidade de adaptación ao cambio climático, o fomento da xestión forestal sustentable e activa, e a loita contra a degradación e o abandono dos solos agrarios son á vez cuestións transversais presentes na lei e eixos fundamentais do Pacto verde europeo, moi especialmente da Estratexia «Da granxa á mesa» incluída nel, así como da Acción polo Clima e da nova Estratexia forestal da Unión Europea.

A aposta estratéxica pola recuperación de terras abandonadas mediante a súa posta en valor presenta varios eixos fundamentais: a creación de actividade económica no medio rural, factor fundamental á hora de combater o reto demográfico; a mitigación e adaptación ao cambio climático, en especial mediante a prevención dos incendios forestais; a seguridade alimentaria, a través da protección da capacidade produtiva da terra e o fomento da súa posta en produción; e o impulso dunha planificación da paisaxe agraria que permita a creación de ecosistemas resilientes cunha probada capacidade de recuperación fronte a perturbacións como grandes incendios ou graves riscos fitosanitarios.

Así mesmo, a lei non só é un instrumento que permita facer fronte ao reto demográfico ao promover a recuperación de asentamentos poboacionais que progresivamente veñan reducir o problema do despoboamento do rural, senón que tamén constitúe unha aposta clara pola igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, na medida en que facilita a mobilidade e dispoñibilidade de terras e crea unhas condicións de desenvolvemento das iniciativas de emprendemento agrogandeiro e forestal máis equitativas entre xéneros.

Polos motivos expostos, e tendo en conta a función social do dereito de propiedade conforme o disposto no artigo 33 da Constitución española, a principal motivación desta lei é loitar contra o abandono e a infrautilización das terras e facilitar base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan, á vez que procurar anticiparse aos incendios e traballar, en definitiva, pola recuperación demográfica e pola mellora da calidade de vida da poboación no rural.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Todas as cuestións devanditas, alén dos problemas ambientais e da crise climática, obrigan a produción agraria a evolucionar cara a un modelo máis sustentable e respectuoso co ambiente, e tamén cara a un aproveitamento dos recursos endóxenos e compatibles cunha produción forestal ordenada, sustentable e funcional. E a iso é ao que tende, entre outras cuestións, a formulación da nova PAC e das medidas e incentivos nela incluídos, que darán apoio de modo transversal aos mecanismos e instrumentos regulados nesta lei.

Galicia presenta, en termos obxectivos, evidentes vantaxes para competir nesas condicións, pero non sen dificultades. Para isto debe, canto antes, corrixir os desequilibrios que se producen e que, dun modo resumido, se expoñen a continuación.

En primeiro lugar, os graves problemas da súa estrutura territorial agraria: unha parte importante do solo rústico de Galicia está composta por pequenas parcelas dispersas pertencentes a propietarios, na súa maioría, desligados do rural. Isto é froito, fundamentalmente, dun proceso de desagrarización que reduciu a poboación activa empregada na agricultura a menos da décima parte da que tiña hai cincuenta anos e que supuxo unha notable diminución da superficie agraria útil galega. Paralelamente, non se produciu un crecemento proporcional do tamaño das explotacións, o que se traduciu nun forte incremento do abandono das terras agrarias, as cales, en moitos casos, son terras de alta ou moi alta produtividade. Por este motivo, é necesario proporcionar ferramentas orientadas a acadar unha superficie agraria útil e unha superficie media das explotacións próximas ás medias nacionais e europeas.

Consecuencia evidente do abandono e da desagrarización resulta ser, sobre todo nunha estrutura xeográfica tan complexa como a galega, a desestruturación na ordenación territorial dos usos agrarios. A excesiva fragmentación e mestura dos diversos usos agroforestais, xunto coa súa localización en terreos que non son sempre os óptimos para eses usos, provoca un incremento de custos e un menor rendemento das actividades agrarias.

Por outra parte, o abandono das terras e a inexistencia dunha ordenación territorial dos usos agroforestais é a causa de importantes problemas ambientais e socioeconómicos, entre os que destacan a vulnerabilidade fronte aos incendios e a baixa eficiencia das actividades agrarias. Está demostrado que o abandono e a desordenación de usos favorece o incremento dos lumes e tamén a súa virulencia. Esta multicausalidade na xeración de incendios viuse referendada no Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, do 31 de xullo de 2018, do Parlamento de Galicia, que avaliou a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017, no que se recollen un total de 22 recomendacións referidas á necesidade da ordenación de usos agrarios, á mellora no coñecemento da titularidade e ao fomento da mobilidade de terras produtivas. Todas estas recomendacións están explicitamente recollidas ao longo do articulado da lei.

Por último, ao tempo que existe terra abandonada e, polo tanto, dispoñible, o índice de mobilización –por compravendas ou arrendamentos– das nosas terras agrarias resulta ser moi baixo, comparado con economías da nosa contorna. Unha das razóns da inmobilización é o

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

paulatino descoñecemento da localización das propiedades rústicas que teñen as persoas titulares dos predios, conforme van pasando os tempos e as xeracións.

Paradoxalmente, ese conxunto de factores negativos pódese traducir nunha oportunidade para un sector agrario reforzado logo da pandemia da covid-19: existe unha demanda clara de terra produtiva dos diferentes usos agrícolas, gandeiros e forestais. Esta demanda procede das explotacións actualmente existentes, pero tamén se observa un interese crecente de novos emprendedores e de persoas e colectivos dispostos a investir no sector. Un dos obxectivos desta lei é, precisamente, dar cobertura á devandita demanda a través da recuperación de terras hoxe en día abandonadas ou infrautilizadas, sempre que se apunte, en liña co anteriormente exposto, cara a producións agrícolas, gandeiras e forestais ambientalmente respectuosas, sustentables, co foco posto na excelencia e no contexto dunha acaída ordenación de usos nos solos agrarios, tan necesaria como urxente; unha ordenación de usos que tamén axudará a mellorar a base territorial de explotacións agroforestais situadas nas principais comarcas agrarias galegas. En definitiva, trátase de desenvolver no territorio rural galego unha zonificación do uso agrícola, gandeiro e forestal que evite a desestruturación da paisaxe pero tamén a súa homoxeneización e a continuidade de masas arborizadas en grandes superficies que incrementen o risco asociado aos incendios.

O Catálogo de solos agropecuarios e forestais proposto na lei constituirá o instrumento marco para a ordenación dos usos do territorio rural, co fin de acadar un desenvolvemento económico e social sustentable no medio rural. A localización das actividades agroforestais nos lugares máis adecuados contribúe en gran medida ao seu éxito e, consecuentemente, favorece o progreso económico e a cohesión social do territorio rural. A planificación dos usos do solo facilita unha maior eficiencia económica das actividades agrarias ao mesmo tempo que garante a súa sustentabilidade ambiental.

No que se refire aos instrumentos para a mobilización de terras, a lei reforza o papel do Banco de Terras como instrumento público de intermediación na mobilización da terra agraria, reducindo así trámites administrativos, impulsando a súa axilización e converténdoo na figura fundamental para o desenvolvemento dos novos instrumentos de recuperación da terra agraria. Así mesmo, créase o Banco de Explotacións co fin de garantir a remuda xeracional e de facilitar o contacto entre persoas titulares de explotacións agroforestais e persoas interesadas nelas. Dentro tamén dos procedementos de mobilización de terras, defínense as permutas de especial interese agrario como un mecanismo especialmente acaído para mellorar a base territorial das explotacións agrarias galegas, calquera que sexa a súa localización no territorio.

Por outra parte, propóñense novos mecanismos para a recuperación da terra agraria: polígonos agroforestais, aldeas modelo e actuacións de xestión conxunta. Estas figuras permiten recuperar as terras agrarias en situación de abandono ou infrautilización e pór de acordo as persoas titulares e as interesadas na posta en produción a través, fundamentalmente, do recurso ao arrendamento voluntario, por prezos e prazos acordados entre as partes, a permuta ou a compravenda para casos particulares; isto é, poñen en conexión a oferta e a demanda de terra, con instrumentos que garantan a seguridade xurídica dos investimentos e os dereitos das persoas titulares, e todo iso a través da mediación e o soporte técnico dos poderes públicos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Os principios reitores na aplicación destes instrumentos serán sempre a voluntariedade, a rendibilidade e a sustentabilidade.

Neste senso, non se implantará unha figura de recuperación de non existir un consenso amplamente maioritario das persoas titulares das respectivas áreas de actuación, deixarase liberdade de non incorporación ás persoas titulares non interesadas e permitiránselles diferentes alternativas, sempre que a súa posición non poña en risco a actuación da maioría integrada no proxecto.

Por outro lado, e agás nos casos de actuacións por criterios ambientais, paisaxísticos, patrimoniais ou sociais, as actuacións levadas a cabo deberán garantir a priori unha actividade económica rendible, capaz de asegurar a calidade de vida no medio rural.

Alén diso, ningunha das actuacións será allea á planificación previa que vén dada pola ordenación de usos e nas novas figuras só poderán ser integradas aquelas orientacións produtivas que cumpran cos requisitos culturais, produtivos, sociais e ambientais que serán predeterminados con carácter obxectivo.

Finalmente, establécense instrumentos de fomento da recuperación da terra agraria a través das actuacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e dun potente catálogo de medidas fiscais e financeiras.

A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia forma parte dun corpus lexislativo que culmina un camiño que xa se advertía na exposición de motivos da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, cando se sinalaba a «necesidade de implementar instrumentos capaces de garantir o cumprimento do obxectivo de mellora da calidade de vida no medio rural [...] dotándose dun conxunto de normas xurídicas propias [...] para constituír un corpo xurídico coherente e eficaz cara á contribución do espazo agrario e dos seus sistemas produtivos a ese obxectivo».

Un claro exemplo da aplicación coordinada das diferentes normas que forman parte dese corpus pode verse á hora de analizar a relación entre as novas figuras de recuperación produtiva e os procesos de reestruturación parcelaria enmarcados na lei de 2015.

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, ten como obxectivo declarado a actuación naquelas zonas en que é posible mellorar a estrutura territorial das explotacións agrarias; non é, por tanto, aplicable nas áreas en situación de abandono, nas que non existen explotacións. Pola contra, son esas zonas en abandono o obxectivo principal de traballo das figuras de recuperación, que mesmo contan, dentro dos seus procedementos, coa posibilidade de levar a cabo reestruturación parcelaria nas áreas recuperadas. Aínda máis, a lei declara como zonas prioritarias para o desenvolvemento de polígonos agroforestais de iniciativa pública as zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas que presenten un abandono superior ao 50 % do seu ámbito. Deste modo, a relación entre a recuperación produtiva e a reestruturación parcelaria non só non é competitiva senón que resulta sinérxica e complementaria.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Esta lei responde tamén á vontade de cumprimento do mandato parlamentario recollido no Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, do 31 de xullo de 2018, do Parlamento de Galicia, pois recolle ao longo do seu articulado de forma específica 43 das súas recomendacións.

II

A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia estrutúrase en 149 artigos, distribuídos en oito títulos. Ademais, a sistemática da lei incorpora sete disposicións adicionais, nove disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria única e dez disposicións derradeiras.

O título preliminar, relativo ás disposicións xerais, establece o obxecto e o ámbito de aplicación da lei, e inclúe entre os seus obxectivos os derivados das recomendacións do precitado ditame da Comisión do 31 de xullo de 2018.

No título I regúlase a organización administrativa e os demais suxeitos intervenientes na xestión da terra agroforestal. O capítulo I concreta as funcións que neste ámbito serán desempeñadas pola Consellería do Medio Rural e pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, como ente coordinador das actuacións de recuperación e mobilidade de terras, así como as novidades no seu réxime xurídico, no modo de financiamento e na forma de xestión do seu patrimonio. Igualmente, regúlase un órgano consultivo e colexiado, denominado Consello de Xestión da Terra Agroforestal, con representación de todos os centros directivos ou entidades relacionadas e con funcións consultivas nos ámbitos da xestión da terra e da xestión da información nese eido.

O capítulo II ocúpase de regular os demais suxeitos que participarán do novo modelo de xestión da terra agroforestal, e inclúe o Banco de Terras de Galicia e o Banco de Explotacións, que actuarán como instrumentos de intermediación, así como as entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Así mesmo, introdúcese un novo actor fundamental, como son as agrupacións de xestión conxunta de carácter agrogandeiro ou forestal.

O título II ten por obxecto a ordenación de usos e a planificación dos solos agroforestais. Introduce dúas grandes novidades: por unha parte, un novo procedemento para a investigación e o recoñecemento de predios de titular descoñecido e da súa adscrición ao patrimonio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que se desenvolve no capítulo I, e, pola outra, o establecemento, no capítulo II, da regulación do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, figura clave na ordenación de solos agroforestais, incluída na Lei do solo e pendente de desenvolver. Así mesmo, neste capítulo prevese a elaboración dun mapa de usos agroforestais de Galicia, coa finalidade de servir de punto de partida para a planificación da ordenación e xestión de usos das terras agroforestais e a elaboración dun informe bianual verbo dos dous instrumentos de planificación.

O título III establece os instrumentos de mobilización da terra agroforestal e desenvolve a estrutura e o funcionamento do Banco de Terras de Galicia e do Banco de Explotacións de Galicia, que actuarán como instrumentos de intermediación. O capítulo I regula o servizo

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

público de intermediación para a recuperación de terreos con potencial agronómico. No capítulo II, relativo ao Banco de Terras de Galicia, xa existente desde 2007, defínese a súa finalidade principal e introdúcense modificacións da estrutura e do funcionamento encamiñadas a mellorar a súa eficiencia e á adaptación ao seu novo rol na mobilización de terras. Pola súa parte, no capítulo III regúlase o Banco de Explotacións de Galicia, de nova creación, que servirá para mediar entre persoas produtoras que pretenden abandonar a explotación e persoas interesadas na súa transmisión, pola vía da compra ou do arrendamento.

O título IV desenvolve os procedementos de mobilización da terra agroforestal, previamente recollidos nalgunhas das disposicións da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que quedará derrogada coa entrada en vigor desta lei. Os devanditos procedementos foron modificados de forma coherente co conxunto da lei e incorporados en seis capítulos que responden á declaración de abandono, á incorporación de predios ao Banco de Terras, ao seu sistema de fixación de prezos, aos procedementos de arrendamentos, aos alleamentos gratuítos e vendas de predios, así como ás permutas agroforestais de especial interese agrario.

O título V establece os instrumentos de recuperación de terras agroforestais e introduce as figuras de polígono agroforestal, de actuación de xestión conxunta e de aldea modelo, así como os requisitos necesarios para a súa implantación.

O capítulo I establece a regulación dos polígonos agroforestais, que perseguen a posta en produción de áreas de terra agroforestal con capacidade produtiva que están en estado de abandono ou infrautilización ou ben que contan con especiais valores ambientais, patrimoniais ou paisaxísticos que se encontran nun estado de abandono tal que provoca a deterioración dos devanditos valores. Tamén poderán ter por obxecto a mellora da estrutura territorial de explotacións xa existentes. A aprobación do polígono agroforestal precisará da súa declaración de utilidade pública e interese social e poderá implicar a reestruturación das parcelas que o integran.

Pola súa parte, o capítulo II introduce as actuacións de xestión conxunta das terras agroforestais, que se caracterizan pola realización dos procesos de xestión por parte das persoas propietarias ou titulares de dereitos de uso ou aproveitamento a través das súas agrupacións, sen incorporar procedementos de reestruturación da propiedade.

Finalmente, o capítulo III regula as aldeas modelo, un modelo específico de figura de recuperación caracterizado pola realización de actuacións integradas para a recuperación da capacidade agronómica das terras circundantes a núcleos de poboación situados no territorio rural galego co fin de promover actividade económica ligada ao sector primario ao tempo que reducir o risco de incendios forestais. Nestas aldeas poderase actuar tamén no núcleo rural co obxecto da súa rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística.

O título VI establece os procedementos de recuperación das terras agroforestais. En particular, configura o procedemento para a aprobación dos polígonos agroforestais, no capítulo I; un procedemento específico para a declaración de aldeas modelo, no capítulo II; e establece medidas de fomento da incorporación de persoas mozas ou emprendedoras á actividade agraria, no capítulo III.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O título VII regula os instrumentos de fomento da recuperación da terra agraria de Galicia agrupados en dous capítulos. No capítulo I recolle as medidas de fomento xerais, mentres que o capítulo II establece as medidas fiscais e financeiras específicas e o procedemento de interlocución coa Administración tributaria para a introdución de novas medidas fiscais na lexislación estatal.

O título VIII divídese en tres capítulos. No primeiro establécese o réxime de inspección e control; no segundo, as ordes de execución, multas coercitivas e execución subsidiaria; e no terceiro, as infraccións e sancións, e préstase especial atención ás sancións derivadas do mantemento da situación de abandono dos predios e dos usos non conformes coa ordenación, singularmente nos casos das terras incluídas nos instrumentos de recuperación.

As disposicións adicionais teñen por obxecto medidas de simplificación administrativa, os prazos dos procedementos e o sentido do silencio administrativo, as permutas que afecten os montes de titularidade pública e os montes veciñais en man común, a colaboración para a creación de emprego e o asentamento da poboación do medio rural, o efecto das cuestións xudiciais que poidan promover os particulares sobre os dereitos que afecten os procedementos de recuperación de terras previstos nesta lei, o acceso á información catastral e a previsión de que os servizos provinciais de montes emitan informe na tramitación dos instrumentos de recuperación da terra agraria desenvolvidos nesta lei.

As disposicións transitorias abordan o réxime transitorio aplicable aos usos do solo; á cualificación provisional dos montes inscritos no Sistema rexistral forestal de Galicia; á cualificación provisional dos enclaves forestais en terreos agrícolas; aos expedientes en tramitación no Banco de Terras de Galicia; ao funcionamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural; ao réxime de infraccións, sancións e recursos administrativos; á aplicación de prezos e á adquisición por parte da Comunidade Autónoma de Galicia dos inmobles situados no seu territorio vacantes por ter sido abandonados polos seus donos ou cuxos donos son descoñecidos; e á suspensión de plantación de eucaliptos.

Na disposición derrogatoria única, xunto coa previsión de derrogación das disposicións que se opoñan ao disposto nesta lei, derrógase expresamente a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

Por último, nas dez disposicións derradeiras inclúense as modificacións precisas noutras normas, como no Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia; na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; no Decreto 45/2011, do 10 de marzo, de fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro, e na Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Así mesmo, autorízase o Consello da Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A lei procurou axustarse aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39 /2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; en concreto, aos principios de necesidade e eficacia, ao se tratar do instrumento máis adecuado para garantir os obxectivos expostos. En canto aos principios de seguridade xurídica e eficiencia, a dita norma é coherente co resto do ordenamento xurídico no que se insire, e no seu contido procurouse establecer unha regulación clara e estable na fixación de obrigas e réxime xurídico.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

TÍTULO PRELIMINAR Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto da lei

Esta lei ten por obxecto establecer o marco xeral para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos, a prevención e a loita contra o seu abandono, o fomento da súa recuperación e a incorporación de persoas mozas á actividade agraria, co fin de garantir a sustentabilidade do sector agroforestal, así como acadar os obxectivos xerais que se recollen no artigo 2.

Artigo 2. Obxectivos xerais

Son obxectivos desta lei os seguintes:

a) Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.

b) Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agroforestal e prestando atención especial ao fomento da constitución de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.

c) Coordinar as actuacións das diferentes administracións que teñan relación directa ou indirecta coa xestión das terras agroforestais, loitar contra o seu abandono e obter datos útiles para esas finalidades, así como crear un fondo documental e unha rede de intercambio de datos e información que contribúa a ese fin.

d) Facilitar a ordenación das terras agroforestais, mediante a súa identificación cartográfica e a ordenación dos seus usos, especialmente nas áreas con especiais valores produtivos, definidas consonte o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, así

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

como daqueloutras con especiais valores patrimoniais, ambientais ou paisaxísticos, de maneira que se contribúa ao necesario equilibrio entre o aproveitamento das terras conforme a súa aptitude máis acaída e o respecto aos valores patrimoniais, ambientais e paisaxísticos.

e) Contribuír ao coñecemento preciso e veraz da estrutura da propiedade rústica en Galicia, da súa titularidade, dos prezos de transferencia e do grao de mobilidade cara á mellora da transparencia de mercado, dos niveis de abandono e, en xeral, de todo canto contribúa a devolver unha imaxe rigorosa da situación e da evolución do sector agroforestal.

f) Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.

g) Apoiar as explotacións agroforestais mediante a aplicación de medidas de fomento co obxectivo de contribuír á mellora da súa competitividade e da súa capacidade de resiliencia.

h) Acadar unha superficie agraria útil galega próxima á media nacional ou europea, así como facilitar que as explotacións agroforestais dispoñan de base territorial suficiente para garantir a súa viabilidade económica e unha acaída orientación da súa actividade.

i) Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional coa incorporación de persoas mozas ás explotacións, así como fomentar que as novas explotacións agroforestais contribúan á renda familiar.

j) Afianzar a actividade agroforestal como actividade económica de referencia fomentando o seu desenvolvemento, así como o doutras actividades complementarias que sexan compatibles co respecto dos valores naturais, a conservación do patrimonio cultural de interese agrario e a integridade da contorna.

k) Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.

l) Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.

m) Xerar condicións favorables para os procesos de transferencia de coñecemento a través de proxectos de investigación e innovación destinados á mellora da capacidade produtiva da terra e a garantir a provisión de servizos ecosistémicos.

n) Fomentar a conservación da produtividade e o bo estado das terras agropecuarias e forestais, mellorar a capacidade produtiva das terras existentes, asegurar a súa biodiversidade e evitar a degradación dos solos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

ñ) Proporcionar ferramentas orientadas a acadar unha superficie agraria útil próxima ás medias nacional e europea, procurando que os terreos aptos para o cultivo de producións ligadas ás explotacións agrogandeiras sexan obxecto de recuperación prioritaria para o dito uso agrogandeiro.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

Esta lei será aplicable ás terras agroforestais, prioritariamente a aquelas que se encontren en situación de abandono ou infrautilización, e a asentamentos de poboación en zonas rurais e explotacións agropecuarias localizados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. Definicións

Para efectos desta lei, enténdese por:

a) Actividades dos predios agroforestais incorporados ao Banco de Terras: para os efectos da súa xestión, os predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia, e sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial que regule os seus usos, poderán ser empregados para as seguintes actividades:

1º. Agrogandeiras: serán admisibles estas actividades en terras de labor aptas para o desenvolvemento de cultivos non permanentes, cultivos herbáceos permanentes ou semipermanentes, todos eles en monocultivo, en rotación ou mixtos, plantacións frutícolas, viñedos, oliveiras e especies arbóreas aproveitadas exclusivamente polos seus froitos, así como as terras de labor dedicadas a prados naturais ou artificiais. Tamén serán admisibles as producións apícolas situadas fóra dos terreos clasificados como forestais.

2º. Forestais: serán admisibles as actividades en terreos clasificados como forestais para os aproveitamentos recollidos no artigo 8.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

3º. Mixtas: correspondentes a terreos en que poden ser admisibles actividades encadrables nas dúas anteriores.

b) Actuacións de mobilización de terras: conxunto de actuacións desenvolvidas a través dalgún dos instrumentos de recuperación das terras recollidos no título V desta lei.

c) Asentamento rural: instrumento voluntario de recuperación de terras mediante a realización de actuacións integradas para a recuperación da capacidade agronómica das terras circundantes a núcleos de poboación e asentamentos poboacionais situados no territorio rural galego, co fin de promover actividade económica ligada ao sector primario ao tempo que reducir o risco de incendios forestais. As actuacións poderán abranguer todo ou parte do núcleo rural do asentamento con fins que propicien a recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) Área cortalumes: área delimitada con criterios técnicos co fin de xerar descontinuidades da biomasa que freen ou atenúen o avance dos incendios mediante a implantación da actividade agrícola, gandeira ou forestal máis axeitada para este fin.

e) Arrendamento ordinario a través do Banco de Terras de Galicia: contrato a través do cal se cede temporalmente o uso e aproveitamento dun predio integrado no Banco de Terras de Galicia para o desenvolvemento de actividades dos predios agroforestais conforme as condicións reguladas nesta lei.

f) Arrendamento pactado ou de mutuo acordo a través do Banco de Terras de Galicia: aquel arrendamento ordinario no que a persoa titular, previamente á incorporación do predio ao Banco de Terras, pacta as condicións de prezo, duración e uso con outra persoa, sen que se apliquen nese caso procedementos de concorrencia nin prezos mínimos, pero si o resto das condicións exixidas na lei.

g) Axentes promotores produtivos: persoas físicas ou xurídicas interesadas na explotación de parcelas que voluntariamente promoven a súa consideración como unidades produtivas co propósito de recuperaren as parcelas con vocación agroforestal que se encontran en situación de abandono ou infrautilización.

h) Parcelas enclavadas: aquelas parcelas en que concorra algunha das seguintes situacións:

1º. Que estean situadas no interior do perímetro doutra parcela ou conxunto de parcelas da mesma persoa titular ou posuidora dos dereitos de uso e se atopen en situación de abandono ou infrautilización.

2º. Que separen dúas ou máis parcelas do mesmo propietario de maneira que teñan estremas con esas parcelas superiores ao 40 % do perímetro da parcela enclavada.

3º. Que estean situadas no interior do perímetro conformado por parcelas pertencentes a varias persoas titulares e exista acordo entre elas para instar a permuta.

i) Faixas secundarias de xestión de biomasa: aquelas faixas nos termos previstos no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou norma que a substitúa.

j) Perímetro: contorno lineal pechado que abrangue o conxunto da superficie dos predios incluídos na actuación. Para estes efectos, os perímetros integrarán sempre parcelas catastrais completas. Os seus lindes virán determinados ben por límites naturais ou artificiais, tales como límites administrativos, ríos, camiños ou vías de comunicación, ou ben por cambios notorios do uso produtivo. A determinación concreta dos límites do perímetro deberá ser xustificada sempre tecnicamente polas persoas solicitantes dos proxectos e aprobada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Poderanse excluír do perímetro determinadas parcelas por razóns produtivas, ambientais, patrimoniais e paisaxísticas, de acordo co disposto nesta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

k) Polígono agroforestal: instrumento voluntario de mobilización de terras que ten por obxecto o aproveitamento e a recuperación produtiva de parcelas que se encontren en estado de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de constituír áreas de explotación que garantan a súa rendibilidade, contando coa existencia de axentes promotores públicos ou privados interesados no seu desenvolvemento.

l) Polígono agroforestal cortalumes: tipo específico de polígono agroforestal de iniciativa pública caracterizado pola súa aplicación exclusiva nas áreas cortalumes. Xustifícase a delimitación do seu perímetro con base na minimización da probabilidade de expansión dos incendios e da superficie afectada.

m) Prezo de referencia do Banco de Terras de Galicia: prezo fixado en función do tipo de actividade, da superficie, da localización do predio e, de ser o caso, da súa calidade agronómica, por acordo do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Este prezo constitúe o de partida para a formulación de ofertas de predios de titularidade da Axencia e o prezo mínimo de incorporación das parcelas achegadas por persoas particulares, agás no caso de arrendamentos pactados.

Para a determinación do prezo de referencia terase en conta o prezo mínimo establecido por acordo do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta da Comisión Técnica de Prezos e Valores.

n) Sistema de información de terras de Galicia (Sitegal): ferramenta informática de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural empregada polo Banco de Terras de Galicia para a xestión integral e o desenvolvemento das súas funcións ordinarias que inclúe a posta á disposición das persoas usuarias do Catálogo de predios dispoñibles. Este catálogo inclúe información sobre a identificación, a localización, a superficie, as actividades admisibles e o prezo de saída do predio.

ñ) Sistema público de xestión da biomasa: sistema definido no artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

o) Solos de alta produtividade agropecuaria ou forestal: aqueles terreos que presenten os maiores valores de produtividade para un cultivo ou un aproveitamento agroforestal determinado ou un grupo destes, acreditables de acordo coa metodoloxía desenvolvida no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou nos catálogos parciais, e que correspondan aos terreos de alta produtividade agropecuaria ou forestal referidos no artigo 34 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

p) Terra agroforestal: aquel terreo que, independentemente da súa cualificación urbanística, posúa aptitude produtiva para o cultivo ou o aproveitamento agrícola, gandeiro, forestal ou mixto. Para os efectos desta lei, os termos «agrario» e «agroforestal» son sinónimos.

q) Terra agroforestal en situación de abandono: aquel terreo agroforestal no que non se realiza ningún tipo de actividade agrícola, gandeira ou forestal e que presenta unha cuberta herbácea, arbustiva ou arbórea espontánea na maior parte da súa superficie. Exceptúanse desta definición a terra en barbeito e a terra cuxos valores ambientais, patrimoniais ou

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

paisaxísticos deben ser obxecto de protección e poden verse afectados polo aproveitamento agroforestal.

r) Terra agroforestal infrautilizada: aquel terreo cuxa actividade ou uso non coincide co uso agrogandeiro ou forestal identificado no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou nos catálogos parciais. No caso dos terreos incluídos no perímetro dun instrumento de recuperación da terra agraria, tamén se considerarán infrautilizados aqueles que non se poñan en produción nas condicións establecidas na correspondente declaración de utilidade pública e interese social.

s) Terra en barbeito: aquel terreo agroforestal que, temporal e voluntariamente, se encontra sen actividade co fin de recuperar a súa capacidade produtiva.

t) Terra de antigo uso agrícola en situación de abandono: aquel terreo que, independentemente do prazo que leve abandonado, conserve unha aptitude produtiva que permita recuperar o seu cultivo ou aproveitamento agrícola e onde actualmente non desenvolva unha actividade agrícola ou forestal o titular dos terreos, aínda que exista cuberta vexetal de forma espontánea na súa superficie, sexa esta arbórea, arbustiva, de matogueira ou herbácea.

u) Terra improdutiva: aquel terreo que presenta carencias agronómicas tales que o fan non apto para ser considerado como terra agroforestal.

v) Terreos agropecuarios ou forestais: aqueles terreos clasificados polo Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou polos catálogos parciais como agropecuarios ou forestais en función da súa capacidade produtiva actual e potencial para efectos da súa consideración como terreos de carácter ou uso agropecuario ou forestal na aplicación de calquera normativa sectorial ou ambiental.

w) Zonas de influencia forestal: as definidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou norma que a substitúa.

x) Zonas en situación de especial abandono: zonas en cuxo perímetro exista unha situación produtiva que permita presumir un abandono non inferior ao 75 % da súa superficie.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 4 apartado m) nova redacción por artigo 26 apartado un.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 4 letra c) nova redacción por artigo 85 apartado un.

TÍTULO I Organización administrativa e suxeitos intervenientes na xestión da terra agroforestal

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

CAPÍTULO I Competencias e organización administrativa

Sección 1ª. Competencias da Consellería do Medio Rural

Artigo 5. Competencias da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural exercerá as seguintes competencias no ámbito desta lei:

a) Definir e propor o desenvolvemento de directrices de política agraria relativas á mobilidade de terras con vocación agropecuaria, incidindo de xeito especial na ordenación de usos segundo a aptitude das terras e na súa recuperación.

b) Deseñar estratexias e políticas de desenvolvemento socioeconómico do territorio rural galego en situación de abandono ou infrautilización.

c) Fomentar a dinamización das zonas rurais de Galicia en situación de abandono ou infrautilización.

d) Formular e planificar iniciativas e programas de desenvolvemento nas zonas rurais en situación de abandono ou infrautilización.

e) Contribuír á execución de accións para a diversificación económica nas zonas rurais en situación de abandono ou infrautilización.

f) Elevar ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación da declaración de utilidade pública e interese social dos instrumentos de recuperación de terras regulados no título V desta lei.

g) Desenvolver unha supervisión e un control de eficacia respecto do cumprimento de obxectivos e da xestión pública realizada na recuperación das terras agrarias de Galicia.

h) Exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos nesta lei.

i) Concertar contratos temporais, de carácter voluntario, coas agrupacións de xestión conxunta de terreos agroforestais cos requisitos establecidos nesta lei.

j) Promover a iniciativa, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e en colaboración cos respectivos concellos, da realización de actuacións integradas co obxectivo de fomentar a mobilización de terras a través de aldeas modelo.

k) Elaborar propostas normativas e promover o desenvolvemento regulamentario na ordenación de usos dos solos agroforestais e de prevención da situación de abandono ou infrautilización destes.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sección 2ª. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Artigo 6. Natureza da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é a axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas nesta lei.

Artigo 7. Competencias da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural disporá das seguintes competencias:

a) Deseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e a xestión do territorio rural que coordinen actuacións de diversa natureza e conten coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.

b) Supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento rural, en especial as orientadas á recuperación das terras forestais e da superficie agraria útil como base da bioeconomía.

c) Deseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos previstos nesta lei para tal fin.

d) Tramitar os procedementos de investigación da propiedade de inmobles de natureza rústica dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade, así como a revisión xeométrica e topográfica deses predios no caso de existiren dúbidas sobre a súa configuración e estado.

e) Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, destinados a reforzar a base produtiva das áreas rurais, valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.

f) Articular proxectos de xestión de terras agroforestais e de desenvolvemento rural dirixidos directa ou indirectamente a favorecer a prevención e a loita contra os incendios no territorio rural e fronte a pragas e enfermidades.

g) Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

h) Impulsar a formulación e a aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, especialmente a través da dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural responsables da súa execución.

i) Promover o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais soportes documentais previstos na lei.

j) Contribuír ao reforzo do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.

k) Realizar as actuacións precisas para garantir os dereitos das mulleres a participaren no desenvolvemento rural en condicións de igualdade cos homes, en particular a través de medidas e actuacións que teñan por obxecto a revitalización do tecido produtivo e a fixación da poboación nas áreas rurais, de conformidade co artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade efectiva de mulleres e homes, e desenvolvendo os dereitos recoñecidos, en particular, ás mulleres de zonas rurais e costeiras non urbanas na lexislación galega sobre igualdade de mulleres e homes.

l) Xestionar e aplicar as medidas contidas nos programas de desenvolvemento rural sustentable no ámbito da aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ou da norma que a substitúa, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan outros órganos da Administración autonómica.

m) Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos europeos de desenvolvemento rural.

n) Adquirir, allear, permutar e arrendar predios, edificacións no rural, explotacións agrarias e calquera outro ben e dereito de natureza rústica, coas finalidades e nos termos previstos nesta lei.

O anterior comprende, en xeral, a administración, xestión, conservación e disposición de predios, explotacións agrarias, vivendas ou grupos de vivendas, no rural, así como os demais bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio ou os que, non sendo titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, estean ou non adscritos ao seu patrimonio, sexan xestionados por ela en virtude de calquera título válido en dereito, no marco do exercicio das competencias e finalidades que lle son propias; e, en particular, a xestión dos bens e dereitos de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural incorporados ao Banco de Terras de Galicia, que estarán adscritos ao patrimonio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co obxectivo de devolvelos ao tráfico xurídico.

ñ) Intermediar no arrendamento ou compravenda de explotacións co fin de garantir a continuidade daquelas que, pola idade das persoas titulares, por dificultades na xestión ou por outras circunstancias, deixen ou vaian deixar de ser explotadas polos seus titulares.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

o) Exercitar calquera outra función técnica, xurídica ou material que, en relación coas materias da súa competencia, se encomende ou competa á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elaborará un plan de acción anual das actuacións en materia de recuperación agraria, con indicación de obxectivos, o orzamento, os recursos materiais e humanos, as entidades colaboradoras e a previsión de resultados. Este informe, que será publicado na súa páxina web, incluirá, como mínimo, as actuacións do Banco de Terras de Galicia e do Banco de Explotacións, así como o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación e de recuperación da terra agraria regulados nesta lei.

3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural deberá remitir cunha perioricidade bianual un informe de avaliación ao Consello de Xestión da Terra Agroforestal, á Comisión de Avaliación e Seguimento prevista na disposición derradeira oitava desta lei e ao Parlamento de Galicia sobre as actuacións realizadas en materia de recuperación da terra agraria.

Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 7 apartado 1 letra k) nova redación por disposición derradeira primeira.

Artigo 8. Réxime xurídico e fiscal da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, adscrita á consellaría competente en materia de medio rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

2. O réxime xurídico interno da Axencia regúlase polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo rexerase polo dereito privado, agás cando se exerzan potestades administrativas, caso en que se rexerá polo dereito público.

3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural gozará do tratamento fiscal aplicable á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9. Financiamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderase financiar a través de ingresos procedentes tanto de transferencias de financiamento consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia como de ingresos propios, derivados, entre outros, dos alleamentos e da xestión dos arrendamentos de predios de calquera titularidade, así como de indemnizacións, alleamentos de produtos, ou expropiacións de predios da súa titularidade.

Artigo 10. Xestión do patrimonio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá adquirir, vender, posuír, reivindicar, permutar, ceder gratuitamente ou mediante un prezo, arrendar, constituír dereitos reais e, con carácter xeral, dispor e administrar os seus bens por calquera medio admitido en dereito.

2. As parcelas, as explotacións agrarias e, en xeral, calquera ben ou dereito que, no exercicio das funcións que lles son propias e para o cumprimento dos seus fins, foren adquiridos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co propósito de os devolver ao tráfico xurídico patrimonial, quedan excluídos do Inventario xeral de bens e dereitos da Comunidade Autónoma e non se incorporarán ao patrimonio da Administración xeral da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da notificación ao órgano competente en materia de patrimonio para efectos informativos.

Así mesmo, os devanditos activos e dereitos que constitúen o patrimonio da Axencia como consecuencia do cumprimento das súas funcións e co propósito de devolvelos ao tráfico xurídico non quedarán incorporados ao seu patrimonio inmobilizado, senón que se adscribirán a el co dito fin, independentemente da súa contía.

3. A adquisición dos devanditos bens e dereitos efectuaraa a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e non requirirá de informe preceptivo e favorable do centro directivo competente en materia de patrimonio.

4. De acordo co disposto no número anterior, e sen prexuízo das transmisións de bens e dereitos que poidan efectuarse en réxime de dereito administrativo a favor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por calquera administración pública ou entidade do sector público, o réxime xurídico das adquisicións, alleamentos e demais actos de disposición e negocios xurídicos patrimoniais sobre bens e dereitos realizados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o exercicio das súas funcións e coa finalidade de devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial será o de dereito privado.

Non obstante o anterior, para estes efectos seguiranse procedementos que garantan o respecto aos principios de igualdade, publicidade e concorrencia, de acordo co previsto nesta lei, así como o cumprimento da función social da propiedade.

Sección 3ª. Consello de Xestión da Terra Agroforestal

Artigo 11. Definición e estrutura do Consello de Xestión da Terra Agroforestal

1. O Consello de Xestión da Terra Agroforestal é un órgano consultivo colexiado, adscrito á consellaría responsable en materia de medio rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que se encarga da análise e do estudo das vías de coordinación das políticas públicas relativas á xestión das terras agroforestais do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como da xeración de propostas estratéxicas de mellora desta xestión.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. O Consello terá a seguinte composición, por proposta dos centros directivos ou entidades que se sinalan a continuación:

a) Unha persoa en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que actuará como persoa titular da presidencia do órgano.

b) Unha vogalía en representación do Banco de Terras de Galicia.

c) Unha vogalía por proposta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

d) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia de planificación forestal.

e) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en produción agrogandeira.

f) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia de infraestruturas agrarias.

g) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia de defensa do monte.

h) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia de patrimonio cultural.

i) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia de patrimonio natural e biodiversidade.

j) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en ordenación do territorio.

k) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en xestión hidrolóxica de ámbito autonómico.

l) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en coordinación, integración e elaboración da información xeográfica e cartográfica de Galicia.

m) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia tributaria autonómica.

n) Unha vogalía por proposta das asociacións de cooperativas agrarias galegas.

ñ) Tres vogalías por proposta das organizacións profesionais e sindicatos agrarios que forman parte do Consello Agrario Galego.

o) Dúas vogalías por proposta dos representantes dos propietarios e das organizacións profesionais do Consello Forestal de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Así mesmo, convidarase a Administración do Estado a que designe persoas representantes dos centros directivos con competencias en materia de xestión catastral e xestión hidrolóxica para que actúen como vogais do Consello de Xestión da Terra Agroforestal.

Actuará como titular da secretaría deste órgano colexiado unha persoa coa condición de empregada pública ao servizo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, designada por esta.

3. Nas designacións das persoas integrantes do Consello procurarase a existencia dunha representación paritaria de mulleres e homes.

4. O Consello poderá constituír comisións de carácter técnico, ás que poderán asistir, na súa condición de asesoras, persoas de recoñecido prestixio dos ámbitos profesionais, académicos e sociais, que levarán a cabo actuacións de asesoramento, e, en xeral, aquelas tarefas que lle sexan asignadas polo Consello.

5. O Consello de Xestión da Terra Agroforestal rexerase, en todo o non previsto nesta lei, polo disposto para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, así como pola lexislación básica de réxime xurídico das administracións públicas.

6. O funcionamento do Consello non suporá aumento do gasto público e será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Artigo 12. Funcións do Consello de Xestión da Terra Agroforestal

1. As funcións consultivas encomendadas ao Consello de Xestión da Terra Agroforestal están divididas en dúas categorías:

a) Funcións consultivas no ámbito da xestión da terra:

1º. Apoio na programación das políticas en materia de planificación, ordenación e xestión da terra agroforestal de Galicia e na análise de propostas concretas de actuación ou regulación normativa.

2º. Análise das normativas sectoriais de afectación.

3º. Elaboración de informes, estudos, traballos técnicos e propostas de actuación para a mellora da xestión da terra agroforestal de Galicia.

4º. Elaboración de análises sectoriais, así como dun informe anual de actividades.

5º. Análise da coordinación entre os diferentes organismos co fin de evitar disfuncións, propor a resolución de eventuais discrepancias e facilitar sinerxías entre as diferentes actuacións, no marco do establecido nesta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) Funcións consultivas no ámbito da xestión da información:

1º. Estudar os datos estatísticos e xeográficos relacionados, directa ou indirectamente, coa xestión de terras agroforestais. Estes datos serán achegados por todos os organismos integrantes do Consello ou, en xeral, polos organismos da Administración pública galega que sexan requiridos. Así mesmo, poderán subscribirse convenios de colaboración con institucións públicas e privadas que, polas súas funcións ou coñecementos técnicos, poidan achegar datos que supoñan unha colaboración útil para o desenvolvemento das funcións do Consello de Xestión. A coordinación, centralización, custodia e protección dos datos será exercida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que para estes efectos poderá contar coa colaboración e o apoio técnico da entidade responsable da coordinación, integración e elaboración da información xeográfica e cartográfica de Galicia para as tarefas que lle son propias.

2º. Fornecer as análises e os datos precisos para a formulación de políticas públicas dirixidas ao cumprimento dos obxectivos desta lei ou que axuden ás decisións dos axentes privados relacionadas co acceso á terra agroforestal.

3º. Emitir un informe preceptivo sobre o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, así como sobre o Mapa de usos agroforestais de Galicia. Quedan exceptuados os catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais, así como as revisións do Catálogo e do Mapa cando estas non teñan un carácter substancial.

4º. Crear o Observatorio de Mobilidade de Terras de Galicia, para o cal se poderá colaborar con entidades públicas e privadas como ferramenta que terá como obxectivos a recollida, elaboración e difusión de información sobre mobilidade de terras rústicas en Galicia para mellorar a transparencia dos mercados e coñecer as dinámicas que se dan sobre estas terras a nivel parroquial ou municipal e para o conxunto da Comunidade, co dobre obxectivo de poder deseñar e implantar políticas públicas tendentes a un mellor aproveitamento da terra e dos recursos do territorio e de subministrar datos que axuden ás decisións dos axentes privados.

2. A coordinación, centralización, custodia e protección dos datos de carácter xeográfico realizarase empregando as directrices establecidas polo órgano competente na materia de recompilación e tratamento da información xeográfica en Galicia, de conformidade coa normativa que resulte aplicable.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 12 apartado 1 letra b) ordinal 3º nova redacción por artigo 85 apartado dous.

Sección 4ª. Comisión Técnica de Prezos e Valores

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 13. Comisión Técnica de Prezos e Valores

1. A Comisión Técnica de Prezos e Valores é o órgano colexiado, adscrito á consellaría responsable en materia de medio rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, encargado de estudar a evolución temporal dos prezos das terras agroforestais e de emitir informe sobre os valores dos prezos de referencia da terra agroforestal, o cal servirá de base para a fixación polo Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dos devanditos prezos.

2. A Comisión estará formada polos seguintes representantes, por proposta dos centros directivos ou entidades que se sinalan a continuación, procurando unha composición proporcionada entre mulleres e homes:

a) Dúas persoas representantes por proposta da consellaría competente en materia de medio rural, unha das cales actuará como persoa titular da presidencia do órgano e a outra, como vogal.

b) Unha vogalía por proposta da consellaría competente en materia de facenda.

c) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia de ordenación do territorio.

d) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia de patrimonio natural.

e) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia de montes.

f) Unha vogalía por proposta do Xurado de Expropiación de Galicia.

g) Unha vogalía por proposta do centro directivo competente en materia tributaria autonómica.

h) Unha vogalía por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias.

i) Unha vogalía por proposta das asociacións de cooperativas agrarias galegas.

j) Dúas vogalías por proposta das organizacións profesionais e sindicatos agrarios que forman parte do Consello Agrario Galego.

k) Dúas vogalías por proposta dos representantes dos propietarios e das organizacións profesionais do Consello Forestal de Galicia.

Así mesmo, convidarase a Administración xeral do Estado a que designe unha persoa representante do centro directivo con competencia en materia de xestión catastral para que actúe como vogal da Comisión Técnica de Prezos e Valores.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Actuará como titular da secretaría deste órgano colexiado unha persoa coa condición de empregada pública ao servizo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, designada pola dita axencia.

Poderán asistir ás reunións da Comisión Técnica de Prezos e Valores, con voz pero sen voto, en condición de expertas para os efectos de levar a cabo labores de asesoramento, persoas profesionais de recoñecido prestixio, así como persoal técnico que preste servizo dentro do órgano da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural encargado da xestión do Banco de Terras de Galicia.

3. A Comisión Técnica de Prezos e Valores recibirá, polo menos unha vez ao ano, un informe de actividade do órgano da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural encargado da xestión do Banco de Terras de Galicia, así como un informe sobre prezos e valores elaborado conxuntamente polo centro directivo competente en materia de agricultura e polo órgano da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural encargado da xestión do Banco de Terras de Galicia.

4. A Comisión Técnica de Prezos e Valores aprobará un documento técnico baseado en criterios obxectivos de valoración que servirá de base para a fixación, por parte do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dos prezos de referencia tanto de arrendamento como de venda e que servirá de punto de partida para a determinación dos prezos dos instrumentos definidos nesta lei. Os devanditos prezos serán determinados en función de parámetros que deberán constar no propio documento técnico, tales como zonas xeográficas, produtividade, localización, configuración xeofísica, superficie do predio, tipos de aproveitamento ou o Catálogo de solos agropecuarios e forestais, unha vez aprobado.

5. A Comisión Técnica de Prezos e Valores emitirá un informe anual que servirá de base para a modificación, por parte do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dos prezos de referencia definidos no número anterior.

6. A Comisión Técnica de Prezos e Valores reunirase, cando menos, unha vez ao ano, e rexerase, en todo o non previsto neste capítulo, polo disposto para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, así como pola lexislación básica de réxime xurídico das administracións públicas.

CAPÍTULO II Outros suxeitos

Artigo 14. Banco de Terras de Galicia

O Banco de Terras de Galicia, dependente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, configúrase como un instrumento público de intermediación entre persoas titulares de

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

terras agroforestais e persoas interesadas no seu aproveitamento que ten como obxectivo principal contribuír á mobilización produtiva desas terras mediante arrendamentos, cesións, permutas, alleamentos ou calquera outro negocio xurídico.

Artigo 15. Banco de Explotació

O Banco de Explotacións, xestionado polo órgano de dirección do que dependan funcionalmente as oficinas rurais, actuará como un instrumento público de intermediación que terá como finalidade facilitar a posta en contacto entre persoas titulares de explotacións agroforestais que, voluntaria ou forzosamente, abandonan a actividade e persoas interesadas en se incorporar a ela, co obxectivo de garantir a continuidade da explotación e así loitar contra o seu desmantelamento e o abandono sobrevido das terras que a constitúen.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 15 nova redacción por artigo 85 apartado tres.

Artigo 16. Agrupacións de xestión conxunta

1. As persoas propietarias ou titulares de dereitos de aproveitamento de terreos agroforestais que pretendan unha xestión común dos ditos terreos poderán solicitar o seu recoñecemento como agrupación forestal ou agrogandeira de xestión conxunta, segundo a finalidade principal da agrupación.

2. As agrupacións de xestión conxunta terán por finalidade xestionar de forma conxunta e sustentable os terreos agroforestais integrados no perímetro de actuación co fin de, explotalos, recuperalos e pólos en valor, previndo e impedindo o seu abandono; favorecer a produción e comercialización conxunta; o uso en común dos medios para a realización de actividades agrarias; servir como instrumento para a protección do ambiente, a prevención e defensa contra os incendios forestais, a protección fronte a catástrofes e a mitigación e adaptación contra o cambio climático; crear emprego endóxeno, colaborando no aumento da calidade de vida e nas expectativas de desenvolvemento da poboación rural; e a transferencia de coñecemento e a introdución de prácticas innovadoras no medio rural.

3. De acordo coas finalidades expresadas no número anterior, por transcender os seus fins e obxectivos daqueles exclusivamente de interese particular, poderá declararse de interese xeral a xestión conxunta realizada polas indicadas agrupacións.

4. Poderán solicitar o recoñecemento como agrupacións de xestión conxunta as seguintes entidades cuxa actividade se desenvolva en terreos agroforestais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Asociacións sen ánimo de lucro constituídas para o auxilio, apoio e asesoramento ás persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento de terreos na planificación da xestión agroforestal e na xestión e comercialización conxunta dos seus aproveitamentos,

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

sempre que estean compostas por persoas titulares dos indicados dereitos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Sociedades civís e comunidades de bens.

c) Cooperativas e outras entidades de economía social.

d) Sociedades agrarias de transformación.

e) Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital.

f) Sociedades de fomento forestal, para o caso de agrupacións de xestión conxunta forestal.

g) Calquera outra que teña por obxecto a recuperación, de forma conxunta, de terras agroforestais.

Artigo 17. Entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

1. As entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural son aquelas entidades de carácter público ou privado que contribúen ao cumprimento dos obxectivos desta lei a través da cooperación coa dita axencia, mediante a realización, entre outras, de funcións de intermediación e acompañamento.

2. Logo da aprobación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, poderán ter a condición de entidades colaboradoras as seguintes:

a) As entidades locais.

b) Os grupos de desenvolvemento rural.

c) As entidades asociativas de ámbito agroforestal, en particular, as organizacións profesionais e os sindicatos agrarios.

d) As cooperativas e outras entidades de economía social.

e) Os colexios profesionais do ámbito agroforestal.

f) As entidades sen ánimo de lucro con obxectivos comúns aos desta lei.

3. Baixo a supervisión e seguindo as indicacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, entre as súas funcións figuran as seguintes:

a) A actuación como oficinas xestoras do Banco de Terras de Galicia, prestando apoio e información ás persoas usuarias.

b) O acompañamento e a orientación ás persoas mozas que se incorporen á actividade agraria en materia de información, formación, análises técnicas e asesoramento xurídico.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) A actuación como unidades xestoras do Sistema de información de terras de Galicia (Sitegal), coa posibilidade de tramitar solicitudes de incorporación e de arrendamento e, en xeral, cantas funcións permita a aplicación para o nivel de autorización outorgado a elas pola persoa administradora do sistema.

d) O asesoramento e acompañamento a iniciativas de solicitude de polígonos agroforestais ou actuacións de xestión conxunta.

e) O asesoramento no redimensionamento das explotacións e no deseño, de ser o caso, de plans de negocio segundo criterios de sustentabilidade ambiental, fomentando a incorporación de novas tecnoloxías da información e da comunicación.

f) A vixilancia sobre a posible existencia de terras en abandono ou infrautilización, e, en especial, a notificación desta circunstancia á correspondente xefatura territorial.

g) A colaboración na revisión e actualización dos mapas de usos e do Catálogo de solos agropecuarios e forestais.

h) A colaboración co Consello de Xestión da Terra Agroforestal na compilación de datos e na observación do territorio.

i) Calquera outra que poida facilitar a aplicación dos instrumentos previstos nesta lei ou os que se establezan nas súas normas de desenvolvemento.

4. Nas oficinas agrarias comarcais, dependentes da consellaría competente en materia de medio rural, desenvolveranse as funcións previstas nesta lei para as entidades colaboradoras.

Artigo 18. Recoñecemento como entidade colaboradora

1. A condición de entidade colaboradora, agás no caso do número 4 do artigo anterior, adquirirase de acordo cos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, mediante a formalización do correspondente convenio de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que precisará as funcións que son asumidas pola entidade de acordo co establecido no artigo anterior, os requisitos que debe cumprir e facer cumprir e as medidas de comprobación e control que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural reservará para si sobre as funcións desenvoltas.

Igualmente, no convenio deberá determinarse a súa duración e as posibles prórrogas.

De ser o caso, o convenio poderá prever a axuda financeira da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en concepto de compensación dos gastos en que se incorra no exercicio das funcións previstas nesta lei.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural manterá un rexistro actualizado das entidades colaboradoras.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. En calquera caso, o recoñecemento como persoa xestora do Sistema de información de terras de Galicia (Sitegal) emitirase a título individual, de entre as que cumpran os requisitos exixidos para as entidades colaboradoras.

4. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá fomentar a formación técnica específica ás persoas con capacidade técnica para exercer os labores sinalados no artigo anterior.

TÍTULO II Ordenación de usos e planificación

CAPÍTULO I Instrumentos de ordenación

Artigo 19. Investigación da titularidade

1. A consellaría con competencias en medio rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, poderá promover a investigación sobre a situación de inmobles existentes en solo rústico ou en solos de núcleo rural dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade.

2. O procedemento de investigación dos predios, incluíndo as edificacións ou construcións que puideren existir neles, poderá ser iniciada de oficio pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural cando así o aconsellen os distintos instrumentos e procedementos de mobilización e recuperación de terras.

3. O procedemento de investigación pode levar de seu, se for preciso, a inspección dos bens e dereitos afectados nos termos previstos na lexislación de patrimonio das administracións públicas.

4. A colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no proceso da investigación da titularidade será obrigatoria para as persoas titulares dos predios.

5. Acordada a iniciación do procedemento de investigación, disporase a publicación no Diario Oficial de Galicia dun anuncio en que figuren as características que permitan identificar o ben ou dereito obxecto de investigación.

Remitirase copia do anuncio ao concello e mais á xefatura territorial correspondente onde radique o ben ou dereito para a súa exposición ao público no taboleiro edictal da dita entidade e da unidade durante un prazo de vinte días. Así mesmo, o anuncio será publicado nun apartado específico da páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

6. A copia do anuncio será remitida, así mesmo, á Administración xeral do Estado, para os efectos de que poida alegar, se é o caso, a súa titularidade sobre o ben e, en particular, a data de vacancia do ben anterior á entrada en vigor desta lei ou a existencia dun procedemento administrativo de investigación da titularidade dese ben.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

7. Durante o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do prazo de exposición no taboleiro edictal do concello, as persoas afectadas polo procedemento de investigación, así como tamén a Administración xeral do Estado, poderán alegar, por escrito, canto consideren conveniente, para o cal deberán achegar os datos, antecedentes ou documentos que consideren pertinentes para fundar o seu dereito. En todo caso, as persoas indicadas deberán presentar, de existiren, os títulos escritos en que se funde o seu dereito e declarar os gravames e situacións xurídicas que coñezan e afecten os seus predios ou dereitos. A falsidade destas declaracións dará lugar, con independencia das accións penais, á responsabilidade polos danos e perdas que deriven da falsidade ou omisión.

8. Para os efectos desta lei, salvo proba en contrario, considerarase persoa propietaria a titular que conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, quen o sexa pública e notoriamente, aínda que careza do oportuno título escrito de propiedade.

Neste último suposto, a persoa interesada deberá achegar unha declaración na que, baixo a súa responsabilidade, manifeste a súa condición de titular dos inmobles de que se trate. A dita declaración terá efectos unicamente no marco desta lei e coa finalidade de asumir as obrigas que corresponden ás persoas titulares. O anterior entenderase sen prexuízo do dereito de propiedade e a salvo dos dereitos de terceiros e a competencia dos órganos xurisdicionais civís, de acordo coa lexislación estatal, para a determinación das titularidades en presenza.

No caso de que a persoa afectada indicar a titularidade en réxime de comunidade presumirase, para os efectos desta lei e salvo proba en contrario, que actúa en representación da comunidade da que for titular.

9. Transcorrido o prazo sinalado no número 7, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural determinará a proba que, de ser o caso, deba practicarse, atendendo ao obxecto da investigación e tendo en conta as alegacións e mais a documentación que constan no expediente.

10. Instruído o procedemento, porase de manifesto nun prazo de dez días ás persoas a que afecte a investigación e que comparecesen nel, incluída a Administración xeral do Estado, se compareceu no procedemento, para que dentro do dito prazo aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.

Na tramitación deste procedemento, a emisión de informe por parte do centro directivo competente en materia de patrimonio terá carácter facultativo.

11. A resolución do procedemento de investigación corresponde á persoa que exerza a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e contra ela caberá recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cuxa resolución esgota a vía administrativa. A resolución determinará a titularidade do ben ou dereito para os efectos da asunción das obrigas que corresponden ás persoas titulares de

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

acordo con esta lei.A citada resolución decidirá, no caso de inmobles vacantes por teren sido abandonados polos seus donos ou cuxos donos sexan descoñecidos, a pertenza do ben ou dereito á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Neste caso, os bens consideraranse adquiridos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no exercicio das funcións que lle son propias e para o cumprimento dos seus fins, co propósito de devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial. Aos ditos bens resultaralles aplicable o réxime xurídico previsto para estes casos no artigo 8 desta lei.

Porén, os predios en solo rústico adquiridos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de acordo con este artigo, ou os predios de substitución correspondentes no caso de reestruturación da propiedade nos polígonos agroforestais, só se poderán destinar ao arrendamento durante os dez anos seguintes á data do ditado da firmeza en vía administrativa da resolución do procedemento de investigación, sen que poidan durante este prazo allearse, permutarse ou constituírse dereitos reais sobre eles. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural estará facultada, dentro deste prazo, para excluír os predios respecto dos que se acreditase suficientemente a súa titularidade nos termos previstos no número 8 deste artigo e facerlle entrega á persoa titular, de ser o caso, das rendas devindicadas durante o referido período. Transcorrido ese prazo, consideraranse os bens e dereitos integrados definitivamente no patrimonio da Axencia e destinaranse aos fins establecidos no artigo 37, ben que só poderán ser cedidos a título gratuíto de acordo co establecido nos artigos 60 e 61 aos concellos onde radiquen, sen prexuízo das accións civís das persoas que se consideren con dereito á súa titularidade, ou, de ser o caso, dos recursos pendentes ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa previstos no número 12 deste artigo.

Cando o procedemento de investigación se iniciase como consecuencia de denuncia, determinarase na resolución se procede dereito a premio nos termos previstos na normativa xeral de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

12. De conformidade coa lexislación estatal aplicable, o coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión da investigación practicada corresponderá á xurisdición ordinaria. Así mesmo, contra os actos administrativos ditados no exercicio da facultade de investigación prevista neste artigo non se admitirán accións interditais ou para a tutela sumaria da posesión previstas, e só se poderá recorrer contra eles ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa por infracción das normas sobre competencia e procedemento, unha vez cumpridas as exixencias establecidas na devandita xurisdición.

13. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural deberá inscribir ao seu favor no rexistro da propiedade os bens ou os dereitos sobre estes cuxa pertenza lle fose acreditada a través do procedemento de investigación previsto neste artigo, ou que adquirise por carecer de dono, segundo o disposto nesta lei, e tras a tramitación do referido procedemento, respectando en todo caso os dereitos das persoas titulares. Igualmente, procederase a realizar os trámites pertinentes para a súa alta no catastro.

A inscrición no rexistro da propiedade á que se refire o parágrafo anterior axustarase ao establecido na lexislación hipotecaria e na normativa de aplicación xeral do patrimonio das administracións públicas e non poderá producirse mentres non se produza a integración

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

definitiva dos bens no patrimonio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de conformidade co disposto no apartado undécimo do presente artigo.

14. As parcelas suxeitas a un procedemento de investigación dos previstos neste artigo carentes de posuidor poderán ser integradas transitoriamente no Banco de Terras de Galicia, e acordarase a súa entrega para a súa xestión provisional pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co carácter de medida cautelar adoptada neste procedemento conforme o artigo 42 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, para evitar tanto a súa propia deterioración como o risco ambiental que supón a súa situación, en tanto se adopta a resolución final que proceda, respectando os dereitos dos posibles titulares.

Nestes supostos, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural axustará a xestión destas parcelas ao réxime xeral que resulta aplicable, coas seguintes especialidades:

a) O uso do predio poderá cederse a terceiras persoas nos termos e coas condicións previstos nesta lei, sen prexuízo da finalización do procedemento e da medida cautelar en caso de aparición da persoa titular do predio, circunstancia condicionante que se fará constar expresamente no instrumento de cesión. A aparición da persoa titular do predio determinará a aplicación das consecuencias establecidas nesta lei para cada tipo de suposto.

b) No caso de cesión a terceiras persoas, as rendas e os ingresos que por calquera outra causa se produzan durante este período serán consignadas na Caixa Xeral de Depósitos, a favor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

c) No Sistema de información de terras de Galicia (Sitegal), recollido no artigo 22, indicarase especificamente que a parcela está suxeita a un procedemento de investigación por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, identificando o expediente do que se trate.

Se o procedemento de investigación conclúe coa declaración de que a parcela foi abandonada polos seus donos ou que o seu dono é descoñecido e a súa titularidade corresponde á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, as rendas depositadas durante a tramitación do procedemento, así como aquelas devindicadas durante un período de dez anos posterior á dita declaración, ingresaranse na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Neste caso a xestión do predio pasará a rexerse polo réxime ordinario previsto para estes supostos e manterase ata a súa extinción a cesión de uso e aproveitamento que puider estar vixente.

En todo caso, observarase o disposto no apartado 11 deste artigo.

15. Se o procedemento de investigación non for resolto e non for notificada a súa resolución no prazo de dous anos, contados desde o día seguinte ao acordo de inicio, caducará, e acordarase o arquivamento das actuacións.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 19 apartado 2 nova redacción por artigo 85 apartado catro.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 20. Revisión xeométrica e topográfica de predios

1. No marco dos procedementos establecidos nesta lei, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá proceder de oficio, contando co consentimento da persoa titular do predio e, se é o caso, das persoas titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento, á revisión xeométrica e topográfica dos predios de terra agroforestal incorporados ou en proceso de incorporación ao Banco de Terras de Galicia dos que interese coñecer con precisión a súa dimensión e a localización das súas estremas para o cumprimento dos obxectivos sinalados nesta lei.

2. Esta revisión terá en conta os intereses das persoas titulares do predio e, se é o caso, das persoas titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento, que, polo seu carácter de persoas interesadas, serán citadas e disporán da posibilidade de audiencia e dos dereitos de alegación e recursos que legalmente lles correspondan, e sen prexuízo da competencia dos xulgados e tribunais competentes sobre as cuestións de propiedade.

3. O levantamento topográfico e os informes de campo, de seren necesarios, serán levados a cabo polo persoal técnico competente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ou por persoal técnico competente pertencente a entidades do sector público ou a empresas contratadas para ese fin. Na súa realización convidarase a que asistan as persoas titulares e outros posibles interesados na revisión xeométrica e topográfica dos predios.

Artigo 21. Actualización de datos catastrais

1. Os resultados dos procedementos administrativos de investigación de titularidade e revisión xeométrica e topográfica recollidos nos artigos anteriores, así como dos procedementos e instrumentos de mobilización e recuperación regulados nesta lei, incluíndo o resultado do trámite de audiencia ás persoas interesadas, serán notificados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural á entidade responsable da elaboración e mantemento do catastro rústico relativo á Comunidade Autónoma de Galicia nos termos acordados no convenio de colaboración correspondente, para que proceda, de acordo coa normativa aplicable, á súa incorporación a este.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural promoverá a formalización dun convenio de colaboración coa entidade responsable da elaboración e mantemento do Catastro Rústico na Comunidade Autónoma de Galicia para facilitar a actualización e o intercambio de información e modificación dos datos deste.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 21 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado dous.

Artigo 22. O Sistema de información de terras de Galicia (Sitegal)

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Ao Sistema de información de terras de Galicia, definido conforme o sinalado no artigo 4, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Actuar como sede electrónica do Banco de Terras de Galicia, integrando neste os procedementos de incorporación, solicitudes de arrendamento, notificacións e rexistros, de ser o caso, xestión dos procedementos administrativos e, en xeral, cantas funcións lles sexan outorgadas ás sedes electrónicas na normativa legal.

b) Recoller nun sistema de información xeográfica todas as referencias cartográficas, nos diferentes formatos e fontes, das parcelas do Banco de Terras de Galicia que están á espera de ser incorporadas, as xa incorporadas, nos seus diferentes estados, e as que foron xa dadas de baixa.

c) Recoller os datos procedentes de aldeas modelo e polígonos agroforestais, así como os procedentes do Banco de Explotacións, do Rexistro de Polígonos Agroforestais e do Rexistro de Agrupacións Agroforestais de Xestión Conxunta.

d) Permitir ás persoas usuarias o acceso web aos datos alfanuméricos e cartográficos que non estean protexidos pola normativa.

e) Servir como acceso á sede electrónica da Xunta de Galicia para todos os procedementos desenvolvidos nesta lei.

Artigo 23. Estados Sitegal

1. Para os efectos de achegar información sobre a situación de cada unha das parcelas dadas de alta no Sitegal, atribuirase unha etiqueta identificativa na que conste o seu estado.

2. Os estados Sitegal son os seguintes:

a) Arrendada: parcela con contrato de arrendamento en vigor.

b) Dispoñible en concorrencia: parcela arrendable, non arrendada nin en proceso de arrendamento, que está temporalmente sometida ao proceso de concorrencia competitiva sinalado no artigo 54.3 desta lei.

c) Dispoñible sen concorrencia: parcela arrendable, non arrendada nin en proceso de arrendamento, que pode ser solicitada para o seu arrendamento segundo o disposto no artigo 54.6 desta lei.

d) Dispoñible en proceso de investigación: parcela arrendable, pero suxeita a un procedemento de investigación da titularidade por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

e) En proceso de arrendamento: parcela para a que constan unha ou varias solicitudes de arrendamento cos trámites sen finalizar.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

f) Non arrendable: parcela incorporada que, debido a unha circunstancia temporal, non pode ser cualificada con ningún outro estado mentres esa circunstancia non se resolva.

g) Non incorporada: parcela para a que foi solicitada a incorporación pero que está á espera de que se completen os trámites correspondentes.

h) Retirada do Banco de Terras: parcela que formou parte do Catálogo do Banco de Terras, pero que por unha ou outra circunstancia foi dada de baixa. Esta etiqueta inclúese só para efectos estatísticos.

3. Por resolución do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderanse definir novos estados que identifiquen situacións das parcelas.

CAPÍTULO II Instrumentos de planificación

Artigo 24. Mapa de usos agroforestais de Galicia

1. O Mapa de usos agroforestais de Galicia constitúe un documento técnico que reflectirá o uso das terras de carácter agroforestal no momento da súa elaboración ou, de ser o caso, da correspondente revisión. Este mapa servirá de base para a planificación das actuacións do conxunto dos órganos das administracións públicas, das entidades do sector público con competencias relacionadas co desenvolvemento rural e das entidades privadas interesadas, en todo o referente á ordenación e xestión de usos das terras agroforestais.

2. O mapa analizará e identificará os sistemas agrarios de alto valor natural como base da infraestrutura verde rural.

3. A entidade responsable da coordinación, integración e elaboración da información xeográfica e cartográfica de Galicia colaborará na elaboración da metodoloxía técnica para a obtención desta información e o establecemento dos estándares e formatos que debe cumprir. Esta metodoloxía debe considerar a integración das fontes de información xa existentes sobre o uso da terra agroforestal e establecer os mecanismos de coordinación necesarios entre elas a través do Consello de Xestión da Terra Agroforestal. Pola súa parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural será a responsable da elaboración do mapa e das súas eventuais revisións.

4. O Mapa de usos agroforestais de Galicia e, de ser o caso, as súas revisións, serán aprobados mediante unha resolución do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo do informe preceptivo do Consello de Xestión da Terra Agroforestal. Exceptúanse deste informe aquelas revisións que non conteñan modificacións substanciais.

5. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural será a responsable do desenvolvemento do plan de seguimento e dun plan de traballo para a súa actualización.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6. Na elaboración do mapa terase en conta a información recollida no Sistema de información de parcelas agrícolas (Sixpac), no Sistema de información de ocupación do solo de España (Siose) e no Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG). En caso de discrepancia, prestarase especial atención ao estudo sobre o terreo, e terán validez os datos obtidos na elaboración do mapa de usos. Darase conta ás respectivas entidades elaboradoras dos outros instrumentos para que fagan as necesarias correccións, co fin de manter o necesario reflexo da realidade e a necesaria coherencia entre fontes.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 24 apartado 4 nova redacción por artigo 85 apartado cinco.

Artigo 25. Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia

1. O Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia configúrase como un documento técnico flexible e de áxil revisión que representa o instrumento marco para a ordenación e xestión do desenvolvemento dos usos destes solos sobre o territorio galego.

2. O catálogo clasificará a totalidade dos terreos agroforestais en agropecuarios ou forestais en función da súa aptitude produtiva actual e potencial a partir da análise de factores físicos, ambientais, estruturais e socioeconómicos.

3. O Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia procurará unha distribución axeitada dos usos agrogandeiros e forestais no territorio galego e favorecerá o desenvolvemento destes usos fronte ao abandono da terra agroforestal. De modo particular, o catálogo buscará garantir unha superficie agraria útil próxima á media nacional ou europea.

4. Tanto nos terreos agropecuarios como nos forestais, o catálogo identificará os solos rústicos de alta produtividade agropecuaria e forestal, respectivamente.

5. O catálogo establecerá a regulación de usos permitidos, prohibidos e autorizables correspondente aos terreos agropecuarios e forestais.

6. O catálogo será o instrumento de delimitación recollido nas letras a) e b) do artigo 34.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos solos rústicos de alta produtividade agropecuaria e forestal.

7. Os solos delimitados polo catálogo como de alta produtividade agropecuaria e forestal adquirirán a categoría de solo rústico de especial protección agropecuaria ou forestal, respectivamente, en función da cualificación da que formen parte no catálogo, de acordo co disposto nas letras a) e b) do artigo 34.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Artigo 26. Contidos do Catálogo de solos agropecuarios e forestais

O Catálogo de solos agropecuarios e forestais incluirá, como mínimo, os seguintes contidos:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) A identificación e caracterización dos diferentes usos agroforestais. O nivel de desagregación destes usos vai depender do grao de información de que se dispoña para a caracterización individual, e poderá ir do nivel mínimo de delimitación agropecuario/forestal ata un nivel máximo correspondente a cultivos ou aproveitamentos individuais. Eses niveis de desagregación poderán ser diferentes dunhas a outras unidades de terreo en función da información da que se dispoña en cada unha delas.

b) A identificación dos factores físicos, estruturais, socioeconómicos, ambientais e outros que poidan condicionar a aptitude de cada unidade territorial para cada uso agroforestal dos reflectidos na letra anterior e a súa avaliación cuantitativa para todo o ámbito territorial obxecto do catálogo.

c) Os mapas de aptitude para cada un dos usos agroforestais identificados e a descrición da metodoloxía empregada para a súa elaboración, que deberá recoller e agregar os valores numéricos dos diferentes factores obtidos a partir do método exposto na letra anterior. En calquera caso, terase en conta o uso actual recollido no Mapa de usos agroforestais.

d) O Mapa de ordenación de usos agroforestais, resultante da integración nun só mapa do conxunto dos mapas de aptitude individual construídos segundo o detallado na letra anterior, que priorizará a clasificación como terreo agropecuario da terra con mellores características agronómicas. Este mapa incluirá, como mínimo, a delimitación espacial dos terreos agropecuarios e forestais, así como a identificación neles dos solos de alta produtividade agropecuaria e forestal. O catálogo incluirá tamén a descrición da metodoloxía empregada para a elaboración deste mapa.

e) As normas e os criterios para a regulación dos usos dos terreos agropecuarios e forestais nas diferentes zonas delimitadas polo catálogo.

f) O plan de avaliación, seguimento e actualización do catálogo. Este plan incluirá o procedemento para o seguimento do catálogo e unha metodoloxía técnica, e un plan de traballo para a súa actualización.

Artigo 27. Elaboración do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia e procedemento de tramitación ambiental

1. Para a elaboración do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia levarase a cabo un proceso de participación pública co fin de ponderar a opinión e o coñecemento das diferentes unidades administrativas con responsabilidade sectorial, dos axentes locais, dos entes municipais, das cooperativas, das organizacións profesionais agroforestais, dos colexios profesionais da rama agroforestal e ambiental, dos órganos xestores das figuras de protección e garantía de orixe, dos centros de investigación agroforestal, dos centros universitarios do ámbito agroforestal, das organizacións ambientais e de custodia do territorio, dos grupos de desenvolvemento rural e de calquera outra entidade ou persoa interesada na xestión do territorio agroforestal.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, como encargada da tramitación e execución do catálogo, remitirá ao órgano ambiental unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, acompañada do borrador do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia e dun documento inicial estratéxico co contido legalmente establecido.

3. O órgano ambiental, no prazo máximo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará e remitirá á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, tras identificar e consultar coas administracións públicas afectadas e coas persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles.

4. A Axencia Galega de Desenvolvemento rural, unha vez elaborado o estudo ambiental estratéxico e unha nova proposta de Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, seguirá un trámite de información pública logo do anuncio no Diario Oficial de Galicia e na web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e someteraos simultaneamente á consulta das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas por un prazo de corenta e cinco días hábiles.

5. Á vista do resultado da información pública e dos informes emitidos, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural modificará, de ser o caso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará unha nova proposta de catálogo que inclúa as modificacións que, se é o caso, procedan, tras o cal remitirá ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratéxica completa, de conformidade coa lexislación vixente.

6. O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, formulará a declaración ambiental estratéxica no prazo máximo de catro meses, contados desde a recepción da documentación completa, prorrogable por dous meses máis por razóns debidamente motivadas e comunicadas ao órgano competente na tramitación do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.

7. A declaración ambiental estratéxica será publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental e terá natureza de informe preceptivo e vinculante. Poderá ser obxecto de modificación nos termos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

Artigo 28. Aprobación do Catálogo de solos agropecuarios e forestais

O Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, unha vez incorporado o contido da declaración ambiental estratéxica, será aprobado mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, tras a proposta da consellaría competente en materia de medio rural e despois do informe preceptivo do Consello de Xestión da Terra Agroforestal. No Diario Oficial de Galicia publicarase o acordo de aprobación e o documento que conteña as normas e criterios para a regulación dos usos dos terreos agropecuarios e forestais establecidos na letra e) do artigo 26 desta lei.

Artigo 29. Informe bianual en relación co mapa e o catálogo

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Após a aprobación do Mapa de usos agroforestais de Galicia e do Catálogo de solos agrarios e forestais de Galicia, porase en marcha un plan de seguimento por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que elaborará un informe bianual que será exposto no Consello Forestal de Galicia e no Consello Agrario Galego, así como no Parlamento de Galicia.

Artigo 30. Modificación do Catálogo de solos agropecuarios e forestais

Considéranse modificacións non substanciais do Catálogo de solos agropecuarios e forestais aquelas que non afecten as características esenciais do catálogo nin os seus obxectivos. Serán de escasa entidade e de alcance reducido as que cumpran os seguintes requisitos:

a) Cando a redelimitación dos terreos agropecuarios e/ou forestais non supere o 5 % da superficie ocupada por eles.

b) As modificacións das normas e criterios para a regulación dos usos dos solos agropecuarios e forestais que só precisen ou concreten os establecidos orixinalmente no catálogo.

As modificacións non substanciais poden ser realizadas directamente pola consellaría competente en medio rural, que dará conta da súa execución ao Consello da Xunta, oído o Consello de Xestión da Terra Agroforestal, e quedarán exentas de tramitación ambiental.

Artigo 31. Catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais

1. O Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia pode concretarse e desenvolverse parcialmente con maior grao de detalle e precisión espacial a través de catálogos parciais para cada ámbito territorial delimitado especificamente con este propósito.

2. Os catálogos parciais poderán elaborarse e aprobarse de xeito anticipado ao Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, empregando a mesma metodoloxía, agás o relativo á tramitación ambiental, e co mesmo contido e efectos, aínda que con referencia ao territorio específico que constitúe o seu alcance. Posteriormente incorporaranse ao conxunto do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.

3. Deberá xustificarse o territorio específico que comprenderá un catálogo parcial atendendo a circunstancias como as súas características físicas e ambientais, os seus problemas e singularidades ou por coincidir co perímetro dun polígono agroforestal ou dunha actuación de xestión conxunta.

4. Na elaboración dos catálogos parciais realizarase, de ser o caso, unha avaliación ambiental nos termos establecidos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa, e reduciranse á metade os prazos incluídos nela. No caso de catálogos correspondentes a polígonos agroforestais ou actuacións de xestión conxunta, a avaliación ambiental realizarase simultaneamente á tramitación ambiental do proxecto regulada no artigo 88 desta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

5. Os catálogos parciais serán aprobados mediante resolución do titular da consellaría competente en materia de medio rural, por proposta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. No Diario Oficial de Galicia publicarase a resolución de aprobación e o documento que conteña as normas e criterios para a regulación dos usos dos terreos agropecuarios e forestais. No caso de catálogos parciais correspondentes a polígonos agroforestais ou actuacións de xestión conxunta, o catálogo aprobarase de forma conxunta co proxecto correspondente ao instrumento de recuperación de que se trate.

6. Unha vez aprobados os catálogos parciais, os terreos de alta produtividade agropecuaria ou forestal incluídos neles adquirirán a categoría de «solo rústico de protección agropecuaria» e «solo rústico de protección forestal», respectivamente, de acordo co disposto nas letras a) e b) do artigo 34.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Artigo 32. Coordinación cos instrumentos de ordenación territorial, planeamento urbanístico e outra normativa sectorial

1. Os instrumentos de ordenación territorial e planeamento urbanístico, así como os plans derivados de políticas sectoriais que teñan incidencia no territorio, deberán ter en conta as determinacións do Catálogo de solos agropecuarios e forestais e dos catálogos parciais, de acordo co establecido neste artigo.

2. O contido dos catálogos resultará directamente vinculante desde a súa entrada en vigor e prevalecerá sobre a información que, sobre o solo rústico, se reflicte nos planos que integran a cartografía do Plan básico autonómico de Galicia, así como tamén sobre calquera instrumento de planeamento urbanístico vixente.

3. A totalidade dos terreos clasificados como agropecuarios polo Catálogo de solos agropecuarios e forestais ou polos catálogos parciais terá a consideración de terreo e uso agropecuario na aplicación de calquera normativa sectorial ou ambiental, e non será aplicable en ningún caso, por tanto, un procedemento de cambio a uso agropecuario.

4. Os terreos identificados como solos de alta produtividade agropecuaria polo Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou polos catálogos parciais, en aplicación do artigo 34.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, adquirirán a categoría de solo rústico de especial protección agropecuaria.

5. A totalidade dos terreos clasificados como forestais polo Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou polos catálogos parciais terá a consideración de terreo e uso forestal ou monte na aplicación de calquera normativa sectorial ou ambiental, e non será aplicable en ningún caso, por tanto, un procedemento de cambio a uso forestal.

6. Os terreos identificados como solos de alta produtividade forestal polo Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou polos catálogos parciais, en aplicación do artigo 34.2. b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, adquirirán a categoría de solo rústico de especial protección forestal.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

7. Na elaboración, modificación ou revisión dos plans xerais de ordenación municipal e dos plans básicos municipais deberase ter en conta o que establece o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou os catálogos parciais. A reclasificación e recategorización do solo incluído nun catálogo requirirá o informe previo da consellaría competente en materia de medio rural no que se ponderen as consecuencias da perda dos valores produtivos e sociais dos terreos agropecuarios e forestais, a xustificación pola Administración local da necesidade concreta da transformación do solo pola inexistencia doutras alternativas viables e a tramitación do procedemento previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística redactados a partir da aprobación dos catálogos deberán ter en conta no seu modelo de ordenación territorial e nas actuacións que propoñan a orientación agropecuaria ou forestal dos terreos e o seu grao de produtividade ou aptitude para estes usos segundo o establecido no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou nos catálogos parciais. Estes instrumentos requirirán, para a reclasificación e recategorización do solo, de informe favorable da consellaría competente en materia de medio rural no que se ponderen as consecuencias da perda dos valores produtivos e sociais do solo de alta produtividade agropecuaria e forestal.

8. No relativo ás figuras de protección recollidas nos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas, como é o caso das reservas naturais fluviais ou zonas de protección especial, o uso das terras agroforestais en ningún caso poderá pór en risco os valores ambientais presentes.

9. A ordenación de usos e actividades e as actuacións propostas nos instrumentos de ordenación de espazos naturais deberán procurar a súa compatibilidade coa aptitude e orientación agropecuaria ou forestal dos terreos delimitados no Catálogo de solos agropecuarios e forestais, agás que se xustifique a súa incompatibilidade cos valores que se pretende protexer. De acordo co establecido na lexislación básica estatal, unha vez aprobados os instrumentos de ordenación de espazos naturais, as súas determinacións aplicaranse prevalecendo sobre o establecido no catálogo, sen prexuízo da adaptación, de ser o caso, das disposicións do catálogo aos indicados plans.

10. En calquera caso, na elaboración dos catálogos terase en conta a información recollida no Mapa de usos agroforestais de Galicia, no caso de existir, así como no Sistema de información de parcelas agrícolas (Sixpac), no Sistema de información de ocupación do solo de España (Siose) e no Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG). En caso de discrepancia, prestarase especial atención ao estudo sobre o terreo, e terán validez os datos obtidos na elaboración do Mapa de usos agroforestais, dando conta ás respectivas entidades que estean a elaborar os outros instrumentos para que fagan as necesarias correccións co fin de manter a necesaria coherencia entre fontes.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 32 apartado 4 nova redacción por artigo 85 apartado seis.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 33. Publicidade dos instrumentos de identificación e ordenación dos usos da terra agroforestal

1. Os instrumentos de identificación e ordenación dos usos da terra agroforestal regulados neste capítulo serán públicos, sen prexuízo da aplicación da normativa de tratamento e protección dos datos de carácter persoal nos casos en que resulte procedente.

2. A cartografía e información xeográfica utilizada ou resultante da súa elaboración porase á disposición da cidadanía. Esta información farase pública nun formato dixital, analizable e acorde cos estándares europeos de Inspire para a súa utilización e integración noutros estudos ou instrumentos de xestión territorial.

3. A devandita información será rexistrada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no Rexistro de Cartografía de Galicia como cartografía oficial, segundo o disposto no Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

TÍTULO III Instrumentos de mobilización de terras

CAPÍTULO I Declaración de servizo público

Artigo 34. Servizo público de intermediación para a recuperación de terreos con potencial agronómico

As actividades de prestación de servizos de intermediación para a recuperación e prevención do abandono de terreos con potencial agronómico que desenvolve a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a través do Banco de Terras de Galicia, así como a través do Banco de Explotacións, e que pon á disposición da cidadanía, terán a consideración de servizo público e rexeranse polo disposto nesta lei.

CAPÍTULO II O Banco de Terras de Galicia

Artigo 35. Finalidade e xestión do Banco de Terras

A finalidade principal do Banco de Terras de Galicia é a xestión, mobilización e recuperación produtiva das terras agrarias, de xeito que se favoreza a mellora da base territorial das explotacións e se asegure a correcta orientación produtiva destas terras.

O Banco de Terras de Galicia está xestionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Para estes efectos, a Axencia aprobará mediante acordo do seu Consello Reitor as condicións xerais en que se realizará a prestación dos servizos do Banco de Terras de Galicia e os negocios xurídicos derivados deles, que serán obxecto de publicación na páxina web da

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e deberán ser aceptadas polos solicitantes dos indicados servizos.

Artigo 36. Bens incorporados ao Banco de Terras de Galicia

1. Incorporaranse ao Banco de Terras de Galicia, para a súa xestión a través deste instrumento, e con independencia da súa titularidade, sen prexuízo do establecido no artigo 50, os seguintes predios:

a) Os predios procedentes da masa común nos procedementos de concentración parcelaria con data de firmeza de acordo posterior á de entrada en vigor da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, e nos de reestruturación parcelaria regulados na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, ambos os dous casos nos termos previstos polo artigo 46 desta lei, excluídas as que foron alleadas ou cedidas por calquera motivo con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

b) Os predios especificamente adquiridos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a súa incorporación ao Banco de Terras.

c) Os predios que calquera entidade do sector público adscriba ou ceda ou cuxa xestión delegue, encomende ou encargue á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

d) Os predios que adquira a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de acordo co procedemento establecido no artigo 19 e aqueles que, de acordo co establecido neste, xestione provisionalmente en virtude de medida cautelar.

e) Poderanse integrar, así mesmo, os montes veciñais en man común, cando se extinga ou desapareza a comunidade de veciños titular do monte, de maneira provisional, segundo o disposto no artigo 27 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, ou cando sexan declarados en estado de grave abandono ou degradación, nos termos previstos pola lexislación que os regula.

f) Os predios incorporados no marco dos procedementos de creación ou constitución de polígonos agroforestais, aldeas modelo e actuacións de xestión conxunta regulados nesta lei ou na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia ou norma que a substitúa.

g) Os predios incorporados por solicitude da persoa titular, de acordo co procedemento previsto por esta lei.

2. Os predios mencionados nas letras a) e b) e, no caso de adquisición definitiva, na letra d) do número anterior serán de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, nos termos sinalados no artigo 10, e sen prexuízo do réxime de alleamento ou de cesión gratuíta con transmisión da propiedade establecido nesta lei.

Artigo 37. Destino dos bens incorporados ao Banco de Terras de Galicia

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Os predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia estarán destinados a actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou mixtas. Igualmente, poderán utilizarse para a implantación de infraestruturas necesarias para a ordenación e o desenvolvemento rurais ou que teñan que localizarse no medio rural, e para outros fins compatibles coa súa natureza.

2. Así mesmo, segundo o previsto no artigo seguinte, os predios poderán destinarse pola vía do alleamento ou a cesión gratuíta á conservación e mellora do patrimonio natural e á biodiversidade.

3. No caso de polígonos agroforestais, aldeas modelo ou actuacións de xestión conxunta, pola vía do alleamento ou a cesión gratuíta, poderán destinarse á implantación de infraestruturas necesarias para a ordenación e o desenvolvemento rurais e para outros fins compatibles coa súa natureza.

Artigo 38. Fomento do acceso á terra

O Banco de Terras fomentará:

a) O acceso á terra a cantas persoas desexen dedicarse á actividade agroforestal, sexa en explotacións existentes ou de nova creación, e especialmente:

1º. O incremento da superficie útil das explotacións existentes co fin de acadar, como mínimo, valores próximos á superficie media na Unión Europea para a correspondente orientación produtiva.

2º. A primeira instalación de persoas agricultoras ou silvicultoras mozas e novas incorporacións.

3º. O acceso e o mantemento polas mulleres da titularidade ou da cotitularidade das explotacións agroforestais.

4º. O acceso á terra agroforestal das mulleres que sofren violencia de xénero. Neste caso gozarán de prioridade na súa tramitación e preferencia no réxime de concorrencia.

5º. O acceso das persoas desempregadas de longa duración ou maiores de 45 anos.

b) O acceso á terra agroforestal de entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que precisen para algunha das seguintes finalidades:

1º. Protección ambiental ou paisaxística, ou a custodia do territorio.

2º. Integración social de persoas en risco de exclusión social.

3º. Campos de investigación e experimentación agroforestal.

4º. A realización doutros fins de interese social.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 38 apartado a) nova redacción por artigo 26 apartado tres.

CAPÍTULO III O Banco de Explotacións

Artigo 39. Xestión e funcións

1. O Banco de Explotacións será xestionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de forma integrada e coordinada co Banco de Terras de Galicia.

2. Entre as funcións do Banco de Explotacións están as seguintes:

a) Elaborar e publicar unha listaxe actualizada das explotacións susceptibles de intermediación, entendendo por tales aquelas que por razón da idade das persoas titulares desta, polas dificultades da súa xestión ou por calquera circunstancia, se integren, de forma voluntaria, no Banco de Explotacións.

b) Facilitar o labor de intermediación, consistente na posta á disposición das persoas interesadas de información vinculada ás explotacións incluídas no Banco de Explotacións que poida ser de utilidade na consecución de negocios xurídicos de cesión de uso ou calquera outra transmisión de dereitos sobre as explotacións entre as persoas titulares e as interesadas.

c) Coordinar coas entidades colaboradoras o asesoramento no redimensionamento das explotacións e, de ser o caso, no deseño dos seus plans de negocio de acordo con criterios de viabilidade económica e sustentabilidade ambiental.

3. En ningún caso a intermediación do Banco de Explotacións suporá a asunción por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dos dereitos e obrigas da persoa titular da explotación, nin, en particular, das obrigas de conservación ou mantemento da explotación.

4. Para facilitar o bo fin destas operacións de intermediación, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá aprobar, de acordo co contido do artigo 129, liñas de apoio financeiro específicas, sen prexuízo das competencias doutros órganos da Administración autonómica.

Artigo 40. Inclusión no Banco de Explotacións

1. A inclusión de explotacións no Banco iniciarase por solicitude das persoas interesadas en que a súa explotación estea incluída no Banco de explotacións. As solicitudes de incorporación irán acompañadas dunha declaración xurada da veracidade da información facilitada.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

En calquera caso, incorporaranse ao Banco de Explotacións todas aquelas explotacións que non acrediten a súa continuidade e que recibisen axudas públicas para a súa mellora no período de tempo inmediatamente anterior ao abandono da actividade, sempre que tal condición estea expresamente establecida nas correspondentes bases reguladoras das devanditas axudas.

Unha explotación poderá estar incluída no Banco de Explotacións un período máximo de dous anos, contado a partir da data de abandono da actividade.

2. A solicitude levará asociada a incorporación da explotación ao Banco de Explotacións, así como a autorización de posta á disposición de terceiras persoas interesadas dos datos recollidos na solicitude, co obxecto de que estas poidan consultar información de interese para a súa adquisición ou arrendamento.

3. A persoa titular da explotación ou, de ser o caso, a persoa representante, deberá indicar a relación de parcelas e bens que forman parte da explotación, e poderá establecer un prezo de venda e/ou arrendamento para o seu conxunto, sen que este sexa un requisito obrigatorio. Formarán parte da relación, caso de existiren:

a) Os bens inmobles de natureza rústica e calquera outro que sexa obxecto de aproveitamento agroforestal.

b) As construcións e instalacións agroforestais, mesmo de natureza industrial.

c) O gando, as máquinas, os apeiros e demais bens mobles integrados na explotación e afectos a ela.

d) Os dereitos e obrigas que poidan corresponder ao seu titular e que estean afectos a esta. Entre estes inclúense bens e dereitos de natureza inmaterial, entre outros, os signos distintivos tales como o nome comercial e o rótulo da explotación; a marca e a adscrición ás denominacións de orixe e outras indicacións xeográficas protexidas; as marcas de produción ecolóxica e integrada; a adhesión a un sistema de certificación forestal sustentable, e os dereitos sobre variedades vexetais e dereitos de produción.

4. Non estará cuberta polo Banco de Explotacións a incorporación, venda ou arrendamento parcial da explotación. Porén, non se considerará parcial cando a operación inclúa negocios xurídicos de arrendamento ou venda dos distintos elementos da explotación a unha única persoa.

Tanto a persoa titular como a que asumirá a titularidade da explotación poderán sinalar bens que queden excluídos do negocio xurídico, sempre e cando non se poña en risco a viabilidade da explotación, logo da aceptación expresa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

5. A incorporación das explotacións no Banco de Explotacións non constituirá proba do dereito de propiedade ou de calquera outro dereito que sobre os citados bens puider existir.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 40 apartado 1 nova redacción por artigo 18 apartado un.

Artigo 41. Intermediación

1. As persoas interesadas no arrendamento, permuta, adquisición ou calquera outro negocio xurídico de cesión de uso ou transmisión de dereitos sobre as explotacións poderán solicitar do Banco de Explotacións a intermediación coas persoas titulares das explotacións incluídas, coa finalidade de acadar os ditos negocios xurídicos, que estarán en todo caso sometidos ao principio da autonomía da vontade dos interesados. Para estes efectos presentarán a súa solicitude ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e poderán ofrecer un prezo de compra, arrendamento, permuta ou calquera outro negocio xurídico de cesión ou aproveitamento, sen que isto último sexa un requisito obrigatorio.

2. O Banco de Explotacións supervisará que, durante o proceso de transferencia da explotación, esta se manteña en condicións produtivas.

TITULO IV Procedementos de mobilización da terra agroforestal

CAPÍTULO I Declaración de abandono ou infrautilización de predios

Artigo 42. Requisitos para a declaración de abandono ou infrautilización

1. Poderán ser declarados en estado de abandono ou infrautilización aqueles predios en que concorran as condicións establecidas no artigo 4 desta lei.

2. Non procederá a declaración de predio en estado de abandono ou infrautilización, aínda que cumpra coas citadas definicións, cando se atope, cando menos, nun dos seguintes supostos:

a) Que se encontre en proceso de reestruturación parcelaria, desde o inicio das obras da rede de camiños principais ata transcorridos seis meses desde a toma de posesión.

b) Que se trate dun monte veciñal en man común en situación de abandono, ao cal, de ser o caso, se lle aplicará o réxime de declaración en estado de grave abandono ou degradación previsto na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, que substituirá, para todos os efectos, a declaración como predio en estado de abandono regulada nesta lei.

Artigo 43. Iniciación do procedemento

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. O procedemento de declaración de abandono ou infrautilización será iniciado de oficio polo órgano territorial competente en materia de medio rural onde radique o predio, ou a maior superficie deste, no caso de estar situado no ámbito de máis dunha provincia, ben por iniciativa propia, por comunicación ou por denuncia. Do acordo de inicio do procedemento ou, de ser o caso, da súa inadmisibilidade, darase traslado ao denunciante.

2. A iniciación do procedemento será publicada no Diario Oficial de Galicia, coa identificación precisa dos predios, e notificada ás persoas propietarias e ás demais que teñan sobre eles dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos, de seren coñecidas, e abrirase un prazo de quince días hábiles de alegacións das persoas interesadas.

3. En todo caso, as persoas indicadas no número anterior estarán obrigadas a comparecer no procedemento e a presentar, se existiren, os títulos escritos en que se funde o seu dereito e a declarar os gravames e situacións xurídicas que coñezan e afecten os seus predios ou dereitos. A falsidade destas declaracións dará lugar, con independencia das accións penais, á responsabilidade polos danos e perdas que deriven da falsidade ou omisión.

4. Para os efectos deste artigo, a determinación das persoas propietarias efectuarase segundo o disposto no artigo 19.8 desta lei.

5. No caso de que non sexa posible a identificación das persoas titulares dos predios, iniciarase o procedemento de investigación regulado no artigo 19 desta lei. A tramitación do procedemento de investigación non suspenderá o de declaración do predio en estado de abandono ou infrautilización, en tanto subsistan as circunstancias que xustificaron a súa iniciación.

Artigo 44. Instrución e resolución

1. Na fase de instrución, elaborará un informe o servizo correspondente da xefatura territorial da consellaría competente en materia de medio rural, que actuará como instrutora, e que en todo caso se pronunciará sobre o cumprimento dos requisitos de incorporación sinalados no artigo 49, así como tamén sobre o resultado da audiencia practicada segundo o establecido no artigo anterior.

2. O órgano instrutor determinará a proba que, de ser o caso, deba practicarse, atendendo ao obxecto do procedemento e tendo en conta o alegado polas persoas interesadas.

3. Con base no informe emitido, será elaborada unha proposta de resolución por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que será notificada ás persoas interesadas co fin de que, no prazo de quince días, procedan á presentación de alegacións ou á elección dunha das seguintes opcións:

a) No caso de declaración de abandono, compromiso de respectar as condicións mínimas que lle comunicase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na proposta remitida.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) No caso de declaración de infrautilización, compromiso de realización dunha práctica agroforestal axustada aos usos previstos no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, nos termos previstos por esta lei, sempre respectando as boas prácticas específicas fixadas polo órgano competente segundo a tipoloxía do solo.

c) Acreditar a cesión a un terceiro do uso e do aproveitamento do predio mediante calquera negocio xurídico válido en dereito, que incluirá expresamente a obriga da persoa cesionaria de realizar, como mínimo, unha práctica axustada aos usos previstos no referido catálogo, nas mesmas condicións da letra anterior.

d) A solicitude da incorporación do predio ao Banco de Terras de Galicia, no caso de informe favorable deste, segundo o recollido no número 1 deste artigo, e logo da realización, á custa da persoa propietaria ou, de ser o caso, da titular das facultades de uso e aproveitamento, dos traballos de limpeza e mantemento do predio nas condicións que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural indique na proposta remitida.

Os compromisos adquiridos en virtude do previsto nas letras a) e b), así como a solicitude referida na letra d), resultarán vinculantes para o interesado desde a súa formalización, con independencia da resolución do procedemento.

4. O procedemento será finalizado por resolución da persoa que exerza a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que terá o seguinte contido, segundo os casos:

a) A resolución recollerá expresamente o compromiso adquirido polo interesado, no caso de comunicar este a elección dalgunha das opcións previstas no número anterior. En concreto, no caso das letras a) e b) do número anterior, a resolución recollerá as condicións mínimas a que se refiren as devanditas letras.

b) A resolución declarará o estado de abandono ou infrautilización do predio se non se comunica opción ningunha por parte do interesado no prazo concedido, o que levará de seu a execución das medidas subsidiarias recollidas no artigo seguinte, ou se non houber interesados coñecidos, sen prexuízo, neste último caso, da tramitación do procedemento previsto no artigo 19.

5. A resolución do procedemento esgotará a vía administrativa e será susceptible de recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

6. O procedemento de declaración de abandono ou infrautilización de predios deberá ser tramitado no prazo máximo dun ano, contado desde a adopción do acordo de inicio. Transcorrido este prazo sen notificarse a resolución finalizadora do procedemento, producirase a súa caducidade, sen prexuízo da posible apertura, de ser o caso, dun novo procedemento, e da conservación das actuacións realizadas no anterior, e, en particular, do carácter vinculante para a persoa interesada dos compromisos adquiridos fronte á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 45. Medidas subsidiarias

Cando se dean as circunstancias sinaladas no número 4.b) do artigo anterior, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá instar a execución subsidiaria por parte da Administración competente para a realización das actuacións de limpeza, mantemento e xestión da biomasa e, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas, nos termos establecidos na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou norma que a substitúa.

CAPÍTULO II Incorporación e exclusión de predios do Banco de Terras de Galicia

Artigo 46. Incorporación de oficio

1. Incorporaranse de oficio ao Banco de Terras os predios a que se refiren as letras a) a f) do número 1 do artigo 36, e que non se encontren afectados pola limitacións ás incorporacións sinaladas no artigo 50. Agás nos predios descritos nas letras a) e b) do artigo 36.1, estas incorporacións faranse por solicitude da administración titular ou da responsable da custodia do ben, segundo os casos.

2. Os prezos de arrendamento nestes casos serán os correspondentes aos prezos de referencia fixados segundo o procedemento recollido no artigo 53.

3. O resto das condicións de incorporación serán as propostas polas entidades titulares ou encargadas da custodia, de ser o caso, sempre que sexan conformes coa normativa aplicable e co contido desta lei.

4. A incorporación das terras que formen parte dos polígonos agroforestais, das aldeas modelo e das actuacións de xestión conxunta rexeranse polo disposto nos títulos V a VII desta lei, sen que lles resulten de aplicación, no caso de existir discrepancia, as disposicións establecidas neste capítulo.

Artigo 47. Incorporación por solicitude da persoa titular

1. Fóra dos casos previstos no artigo anterior, a incorporación de predios ao Banco de Terras de Galicia realizarase por solicitude da persoa titular, sempre que non se encontren afectados polas limitacións sinaladas no artigo 50. Para estes efectos, entenderase por persoa titular a que teña facultades bastantes para ceder o uso e o aproveitamento dun predio.

2. As solicitudes de incorporación presentaranse ao Banco de Terras ou, de ser o caso, ás entidades colaboradoras, a través de modelos normalizados, aprobados por resolución da persoa que exerza a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

3. Dentro da solicitude, a persoa solicitante poderá propor o uso para o cal incorpora a parcela, dentro dos permitidos no Catálogo de solos agropecuarios e forestais, no caso de

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

existir, e establecer condicións particulares, tales como cultivos ou aproveitamentos específicos, sistemas de produción ou outras condicións agronómicas.

A solicitude de incorporación implicará un compromiso por parte da persoa solicitante de formalizar o arrendamento por un período mínimo de cinco anos para actividades agrogandeiras e de vinte anos para actividades forestais.

4. Así mesmo, a solicitude de incorporación permitiralle á persoa titular do predio fixar o prezo de renda por debaixo do cal o Banco de Terras non arrendará o predio, o cal non será inferior aos prezos de referencia establecidos, segundo se desenvolve no artigo 53. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo do informe da Comisión Técnica de Prezos e Valores, establecerá a marxe máxima de incremento con respecto aos prezos de referencia que se admitirá nos prezos fixados polas persoas titulares dos predios.

No caso de que a persoa titular non fixe un prezo de renda, aplicaráselle o correspondente prezo de referencia.

Estas condicións non serán aplicacibles no caso dos arrendamentos pactados que se recollen no artigo 55.

5. Todas as condicións fixadas pola persoa titular serán obxecto de estudo polo Banco de Terras de Galicia para comprobar que son conformes co contido desta lei e coa restante normativa aplicable. Caso de existir algunha non conformidade, a dita circunstancia notificaráselle á persoa solicitante e daráselle trámite de audiencia por un prazo de dez días. De non ser resolta a non conformidade unha vez cumprido o trámite, a persoa titular poderá optar por modificar a solicitude ou, de ser o caso, desistir dela.

6. A persoa titular do predio poderá, de non existir solicitude de arrendamento sobre este, solicitar a modificación das condicións de incorporación. Esta modificación deberá ser conforme coas condicións xerais de incorporación recollidas na lei e deberá ser admitida polo Banco de Terras de Galicia.

7. Nas condicións xerais de prestación do servizo do Banco de Terras establecerase o tempo mínimo de permanencia dos predios no Banco, de tal forma que se permita desenvolver as súas funcións.

8. O procedemento concluirá por resolución da persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que porá fin á vía administrativa.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 47 apartado 3 nova redacción por artigo 26 apartado catro.

Artigo 48. Revisión previa dos predios que se pretendan incorporar

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Independentemente da orixe da solicitude, con carácter previo á decisión sobre incorporación, procederase á revisión cartográfica, xurídica e catastral de cada predio, que poderá incluír unha inspección in situ cando esta sexa necesaria.

2. En todos os casos se incluirá a revisión da coherencia entre fontes cartográficas. No caso de existir incoherencia entre a delimitación real do terreo, obtida por comprobación in situ ou revisión do título de propiedade, e os datos catastrais, iniciarase o procedemento de solicitude de revisión ante o Catastro, segundo o disposto nos artigos 20 e 21. En tanto non se inicien estes trámites, non se procederá á incorporación do predio ao catálogo de parcelas dispoñibles no Banco de Terras. Esta disposición non será de aplicación no caso dos polígonos agroforestais, aldeas modelo e actuacións de xestión conxunta.

3. Agás no caso dos predios sinalados nas letras a), b) e f) do número 1 do artigo 36, as operacións derivadas do proceso de revisión serán realizadas pola persoa ou entidade solicitante da incorporación, salvo no caso de que solicite que estas operacións sexan executadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Neste último caso, a Axencia, de acordo co establecido nas condicións de prestación do servizo do Banco de Terras e negocios xurídicos del derivados, preparará un orzamento coa enumeración e custo das operacións necesarias e remitirao para a súa aceptación e aboamento pola persoa interesada con carácter previo á realización ou á contratación, de ser o caso, agás nos casos recollidos no título VI, en que se levarán a cabo segundo os procedementos incluídos nel.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 48 apartado 3 nova redacción e apartado 4 suprimido por artigo 26 apartados cinco e seis.

Artigo 49. Superficie mínima dos predios, incorporación parcial e incorporación por lotes

1. Os predios que se incorporen ao Banco de Terras de Galicia deberán ter a superficie mínima que se determine mediante resolución da persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, segundo os diferentes tipos de actividade, agás que se opte pola súa incorporación por lotes nos termos previstos polo seguinte número ou no caso de polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou actuacións de xestión conxunta de terras, nos que non existirá esta restrición.

2. Poderán incorporarse ao Banco de Terras un ou varios predios de superficie inferior á mínima mencionada no número anterior sempre que se forme un lote de predios do mesmo titular que conteña, polo menos, un predio de superficie superior ao dobre da mínima. Para o seu arrendamento, o lote recibirá o tratamento correspondente a un predio único cun prezo global de renda.

3. No caso de que só unha parte do predio que se pretenda incorporar teña aptitude agroforestal ou a normativa sectorial de aplicación, e, en particular, a normativa urbanística,

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

patrimonial, ambiental, de augas, de montes ou de incendios forestais, non permita o uso agroforestal ou limite substancialmente a capacidade dunha parte do predio para ser arrendada para eses fins, poderase incorporar parcialmente este, delimitando cartograficamente de forma clara a parte que se incorporará, que será considerada como unha parcela individual para todos os efectos.

4. Excepcionalmente poderase incluír de maneira individual un predio de superficie inferior á mínima, sempre que estea debidamente xustificado mediante informe emitido por un técnico competente do Banco de Terras de Galicia. O prezo de arrendamento dese predio non será inferior ao mínimo que se determine, con carácter xeral, mediante resolución da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Artigo 50. Limitacións á incorporación

Non procederá a incorporación, de oficio ou por instancia de parte, de parcelas ao Banco de Terras de Galicia, nos seguintes casos:

a) Cando non se trate dun predio de terra agroforestal.

b) Cando a normativa sectorial de aplicación, en particular, a normativa urbanística, de ordenación do territorio, patrimonial cultural, de patrimonio natural e biodiversidade, de augas, montes ou de incendios forestais, non permita ou limite totalmente o destino do predio ou o seu uso e aproveitamento.

c) Cando non se acredite que a persoa solicitante é titular do predio, de acordo co establecido nesta lei.

d) Cando se constate a existencia de situacións de feito, de dereitos, cargas ou gravames que impidan o uso e o aproveitamento do predio, tales como instalacións ou construcións, propias ou alleas, estean ou non relacionadas co uso e o aproveitamento do predio, presenza de lixo, depósito de materiais, vertedoiros incontrolados, extracción de terra ou agregados.

e) Cando razóns de índole técnica, agronómica ou forestal, xustificadas no correspondente informe técnico, limiten ou impidan a aptitude do predio para o seu arrendamento nos destinos e actividades previstos nesta lei.

f) Cando o terreo non se encontre nas condicións debidas de mantemento ou xestión forestal activa que fagan que o predio adquira as condicións de abandono, agás no caso de arrendamentos pactados.

g) Cando o titular do predio teña xa arrendado ou cedido o seu uso a terceiras persoas.

h) Cando o uso que se propón non sexa admisible de acordo co Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.

Artigo 51. Efectos da incorporación

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A incorporación dun predio ao Banco de Terras de Galicia outorga aos órganos competentes da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, nas condicións establecidas por esta, a facultade de mediar con terceiras persoas coa finalidade de acadar o seu arrendamento e de actuar como representante da persoa titular na formalización do contrato de arrendamento coa persoa arrendataria, sen prexuízo do réxime de alleamento establecido nesta lei para os predios que sexan de titularidade da Axencia e da posibilidade de cesión gratuíta.

2. Así mesmo, a incorporación facultará a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, nas condicións xerais de prestación do servizo aprobadas por acordo do Consello Reitor, por proposta da persoa que exerza a dirección, para realizar labores de acondicionamento dos predios, co fin de mellorar as súas condicións en función do seu destino. Nas condicións xerais de prestación do servizo determinaranse os supostos en que estes labores poderán ser realizados á custa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

3. A incorporación non modificará os dereitos e as obrigas da persoa titular do predio e, en particular, o réxime de responsabilidade en relación co mantemento do terreo e a súa masa vexetal nas condicións legalmente exixibles, entrementres non se produza o arrendamento a unha terceira persoa. Porén, nas condicións xerais de prestación do servizo poderán preverse os supostos e requisitos en que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural se poderá facer cargo da responsabilidade do mantemento a cambio da tarifa que se estableza.

4. Nas condicións xerais de prestación do servizo poderase establecer unha remuneración por gastos de xestión, así como unha remuneración para os casos en que a operación de intermediación chegue a bo fin. Así mesmo, determinaranse as condicións e requisitos para o seu establecemento e, en particular, a fixación do seu importe, a suspensión temporal da súa aplicación, a non suxeición e os supostos de exención.

5. As alteracións da titularidade dos predios incorporados ao Banco de Terras e a constitución, modificación ou extinción de dereitos reais ou persoais sobre eles non afectará a incorporación nin os seus efectos, incluída, de ser o caso, a cesión temporal do uso e o aproveitamento a terceiras persoas, sen prexuízo do dereito da nova persoa titular de solicitar a exclusión do predio do Banco de Terras. Para estes efectos, nas condicións xerais de prestación do servizo incluirase a obriga do titular de facer constar, en todos os negocios que afecten a titularidade ou uso dos predios, a incorporación destes ao Banco de Terras de Galicia.

Artigo 52. Exclusión de predios do Banco de Terras de Galicia

1. O Banco de Terras de Galicia poderá acordar de oficio a exclusión dos predios nos que concorran de forma sobrevida as circunstancias mencionadas no artigo 50, logo da tramitación do procedemento, que garantirá a audiencia da persoa titular.

2. Así mesmo, acordarase a exclusión dun predio do Banco de Terras nos seguintes casos:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) Cando se produzan as alteracións da titularidade dos predios incorporados ao Banco de Terras e a constitución, modificación ou extinción de dereitos reais ou persoais sobre eles e así o solicite o seu novo titular, logo da acreditación do cambio de titularidade.

b) Cando así o solicite a persoa titular, de tratarse de predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia por petición daquela e unha vez transcorrido o período de permanencia mínimo establecido nas condicións xerais de prestación do servizo. Os predios incorporados formando un lote só poderán ser excluídos individualmente por solicitude da persoa titular cando se manteña o requisito establecido no artigo 49.2. desta lei. En caso contrario, a exclusión do predio comportará a exclusión de oficio de todo o lote.

c) Cando o predio estea integrado provisionalmente no Banco de Terras por encontrarse en proceso de investigación e, unha vez determinada a súa titularidade, agás que a persoa titular solicite a súa integración definitiva.

d) Cando, transcorrido un prazo de tres anos desde a incorporación do predio, logo do informe dos técnicos competentes da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, se considere de modo fundado a improbabilidade da súa transmisión ou arrendamento.

3. Se o predio estiver arrendado coa intermediación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a súa exclusión do Banco de Terras só poderá producirse de concorrer algunha das causas expostas no número anterior unha vez que finalice o correspondente contrato, agás que nel se estableza algunha previsión específica respecto do momento en que produza efectos a exclusión.

CAPÍTULO III Fixación e control dos prezos do Banco de Terras de Galicia

Artigo 53. Prezos de referencia do Banco de Terras de Galicia

Os prezos de referencia para o arrendamento dos predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia, de acordo coa definición establecida no artigo 4, serán aprobados polo Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo do informe da Comisión Técnica de Prezos e Valores. Os devanditos prezos serán aplicables aos casos determinados nesta lei.

CAPÍTULO IV Arrendamento de predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia

Artigo 54. Oferta pública de arrendamento de predios

1. O Banco de Terras de Galicia dará cumprimento á súa función de intermediación para a mobilización da terra agroforestal mediante a oferta pública de arrendamento dos predios incorporados a el que sexan susceptibles de arrendamento para calquera dos destinos enunciados no artigo 37 desta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Unha vez ditada a resolución de incorporación ao Banco de Terras de Galicia, a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá dispor a publicación da oferta pública de arrendamento no Sitegal, atendendo, entre outros aspectos, ao número de parcelas e á súa demanda. A publicación realizarase cunha periodicidade mínima semestral, de existiren novos predios dispoñibles. Nesta oferta pública incorporaranse, así mesmo, as parcelas que finalizasen o seu arrendamento por vencemento do contrato ou pola súa anulación por algún dos supostos recollidos na lei.

3. A publicación como dispoñible en concorrencia da parcela determinará a apertura dun prazo de quince días hábiles para a presentación de ofertas en concorrencia competitiva a través do indicado sistema. A devandita publicación reflectirá as condicións xerais e, de ser o caso, particulares establecidas pola persoa titular na súa solicitude, incluídos as actividades admisibles e o prazo de arrendamento e prezo mínimos.

4. Mediante acordo do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural estableceranse:

a) O número máximo de solicitudes que pode ter realizadas simultaneamente para arrendamento unha mesma persoa.

b) Os criterios para resolver os supostos de concorrencia de solicitudes de arrendamento sobre o mesmo predio ou lote de predios para os diferentes usos, que terán en conta, entre outros, o prezo ofertado, que será como mínimo o de referencia sinalado no artigo 53, e a adecuación da oferta ao cumprimento dos obxectivos sinalados na letra a) do artigo 38 desta lei.

c) A suspensión temporal de recepción de solicitudes de arrendamento ordinario por causa xustificada.

5. As solicitudes presentadas serán resoltas por resolución da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural nun prazo máximo de seis meses, tras a proposta de resolución elaborada polo órgano da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural encargado da xestión do Banco de Terras e a resposta á petición dos informes sectoriais que, de ser o caso, sexan preceptivos. No caso de que os referidos informes sexan autonómicos, deberán ser emitidos con carácter de urxencia. Sen prexuízo da obriga de ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes se, chegado o prazo máximo para a súa resolución, esta non foi ditada e notificada.

6. As parcelas que non tiveren ningunha solicitude válida ou cuxas eventuais solicitudes resultaren resoltas negativamente, de acordo co procedemento sinalado neste artigo, pasarán ao estado de dispoñibles sen concorrencia no Sitegal e serán arrendadas, sen procedemento de concorrencia competitiva, a aquela persoa que faga unha solicitude que se axuste aos requisitos fixados nesta lei. No caso de presentación de varias solicitudes darase preferencia á orde de presentación.

7. A resolución da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que fixe as condicións do arrendamento será notificada á persoa titular do predio ou predios para que,

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

nun prazo de dez días, poida comunicar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a súa oposición a esta, no caso de que as condicións notificadas supoñan un cambio das establecidas no momento da incorporación do predio ou lote, ou das modificadas posteriormente, de acordo co indicado no artigo 47. A oposición das persoas propietarias por outros motivos diferentes determinará a finalización do procedemento de arrendamento, a exclusión do predio do Banco de Terras, logo da resolución ditada pola dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, durante o prazo de dous anos, e non impedirá a devindicación e o cobramento da remuneración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola intermediación realizada, agás causa debidamente xustificada e analizada pola Axencia. No caso de que dentro do prazo indicado non se comunique á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a oposición ao arrendamento, a persoa titular da dirección da Axencia, na súa calidade de representante da persoa titular, nos termos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como se recolle no artigo 51.1, procederá á sinatura do correspondente contrato de arrendamento.

8. As resolucións ditadas no procedemento pola dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa da forma e nos prazos establecidos na lei reguladora da indicada xurisdición, sen prexuízo do carácter de dereito privado dos contratos de arrendamento que sexan concertados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural respecto dos predios da súa titularidade ou concertados en representación do seu titular.

9. Se, unha vez asinado o contrato por parte da persoa representante da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a persoa titular presentar impedimentos á execución do arrendamento do predio ou predios, isto será causa de exclusión destes do Banco de Terras e comportará a imposibilidade de reincorporación dos predios durante un período mínimo de dous anos, agás no caso de forza maior ou causa debidamente xustificada.

10. Se, unha vez notificada a resolución e rematado o procedemento de audiencia á persoa seleccionada como arrendataria polo Banco de Terras, o contrato non se formalizar por causa imputable a ela, esta quedará inhabilitada para ser cesionaria de predios incorporados ao Banco de Terras durante un período de dous anos, agás no caso de forza maior ou causa debidamente xustificada.

11. Mentres non sexa formalizado o contrato de arrendamento polas partes non se xera dereito nin expectativa económica ou doutra índole susceptible de ser reclamado ao Banco de Terras ou á persoa titular do predio.

12. Non poderán ser beneficiarias de arrendamentos as persoas que, en calquera momento do procedemento, manteñan débedas coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

13. Así mesmo, non poderán ser beneficiarias do arrendamento dun predio aquelas persoas que, tendo previamente arrendado ese mesmo predio ou outros ao Banco de Terras, incumprisen algunha das obrigas asumidas no contrato anteriormente asinado e particularmente o establecido nos números 6 e 7 do artigo 57.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 55. Arrendamento pactado ou de mutuo acordo

1. As persoas titulares de predios agroforestais poderán solicitar a súa incorporación ao Banco de Terras facendo constar expresamente na solicitude a condición de arrendamento pactado, propoñendo a este o seu arrendamento de mutuo acordo con terceiras persoas, comunicándolle no momento da solicitude a identidade da persoa interesada e acreditando o seu consentimento e as condicións do arrendamento. No caso de que a parcela se atope xa incorporada ao Banco de Terras de Galicia, poderase solicitar igualmente que se tramite un arrendamento pactado.

Neste caso, non serán aplicables as disposicións sobre prezos mínimos e marxes de incremento destes recollidos no artigo 46, nin se someterá o predio ao proceso de oferta pública sinalado no artigo 54 desta lei.

2. As solicitudes de incorporación e arrendamento presentadas serán resoltas pola dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural nun prazo máximo de tres meses, tras a proposta de resolución elaborada polo órgano da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural encargado da xestión do Banco de Terras e a petición dos informes sectoriais que, de ser o caso, sexan preceptivos. Caso de que os referidos informes procederen da Administración autonómica, deberán ser emitidos con carácter de urxencia.

3. A proposta de resolución elaborada polo órgano da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural encargado da xestión do Banco de Terras de incorporación do predio ao Banco de Terras onde se fixen as condicións do arrendamento será notificada á persoa titular do predio ou predios e á persoa interesada no arrendamento para que, nun prazo de dez días, poidan comunicar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a súa oposición, no caso de que as condicións notificadas supoñan un cambio das establecidas no momento da presentación da solicitude.

4. A oposición por outros motivos diferentes determinará a finalización do procedemento de arrendamento, a non incorporación do predio ao Banco de Terras, logo de resolución ditada pola dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e a imposibilidade de facelo durante o prazo de dous anos, e non impedirá a devindicación e cobramento da remuneración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola intermediación realizada. No caso de que dentro do prazo indicado non se comunique á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a oposición ao arrendamento, a persoa titular da dirección da Axencia ditará resolución mediante a cal incorporará o predio ao Banco de Terras e, na súa calidade de representante da persoa titular, tal como se recolle no artigo 51.1, procederá á sinatura do correspondente contrato de arrendamento coa persoa interesada.

5. As resolucións ditadas no procedemento pola dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa da forma e nos prazos establecidos na lei reguladora da indicada xurisdición, sen prexuízo do carácter de dereito privado dos contratos de arrendamento.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6. Será aplicable ao procedemento o establecido nos números 9, 10, 11 e 12 do artigo anterior.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 55 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado sete.

Artigo 56. Contido e forma do contrato de arrendamento

1. Os contratos de arrendamento dos predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia subscribiranse entre as persoas arrendatarias e o Banco de Terras, que actuará como representante das persoas titulares particulares, nos termos expresados no artigo 51.1 e como titular nos restantes casos.

2. Para os efectos desta lei, no contrato teranse en conta, entre outras, as seguintes determinacións:

a) A identificación e descrición do predio ou predios arrendados.

b) O destino e uso que se dará ao predio ou predios arrendados.

c) O prazo de duración do contrato, que non poderá ser superior a setenta anos cando o uso pactado do predio ou predios arrendados sexa forestal e a trinta anos nos demais casos. Deberase excluír expresamente a tácita recondución, agás no caso dos arrendamentos incluídos en polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou actuacións de xestión conxunta, que será determinado para cada caso en función da súa vida útil.

d) Os dereitos e as obrigas das partes e as causas de resolución do contrato, que incluirán en todo caso o incumprimento por parte da persoa arrendataria do destino e uso pactados do predio ou predios arrendados.

e) O importe inicial da renda, que se aboará conforme o disposto no artigo 57, e o modo da súa actualización.

f) Así mesmo, o contrato recollerá, de ser o caso, os períodos de carencia e as garantías que debe ofrecer a persoa arrendataria, segundo se establece no número 2 do artigo seguinte.

3. O contrato formalizarase nos modelos que se aproben por resolución da persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Elevarase a escritura pública se o solicita calquera das partes, e os gastos derivados do outorgamento desta serán por conta da persoa solicitante e, de ser o caso, a súa inscrición no rexistro da propiedade.

Artigo 57. Pagamento do prezo do arrendamento e garantías da persoa titular do predio

1. A renda anual de arrendamento fixarase en moeda de curso legal en España. O importe inicial da renda poderá ser revisado periodicamente nos termos previstos no artigo 7 da Lei 2 /2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Con carácter previo á formalización do correspondente contrato de arrendamento, e cando a renda anual sexa igual ou superior aos 1.000 €, a persoa arrendataria deberá prestar unha fianza arrendaticia para garantir o cumprimento das obrigas correspondentes á dita persoa arrendataria. A fianza arrendaticia que deberá prestar a persoa arrendataria equivalerá a unha anualidade da renda correspondente, e será ingresada pola persoa arrendataria á disposición da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, de xeito que o importe ingresado quede afecto ás finalidades propias da fianza arrendaticia.

3. Unha vez arrendado un predio incorporado ao Banco de Terras e ata a extinción do contrato, a persoa arrendataria aboará a renda á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como titular dos predios ou como representante da persoa titular, nos termos da Lei 39 /2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por anos anticipados. No caso de que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural actúe en representación da persoa titular, unha vez recibido o pagamento da renda, o seu importe, deducidas as cantidades sinaladas no número seguinte, será transferido ao titular no prazo máximo dun mes.

4. Do importe que lle hai que aboar á persoa titular do predio descontarase a cantidade que corresponda en concepto de gastos de xestión ou remuneración, de acordo co previsto no artigo 51.4. desta lei.

5. No caso de que a persoa arrendataria non aboe a renda no prazo establecido no contrato, ou causase danos no predio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, en representación da persoa arrendadora, logo da audiencia desta e da persoa arrendataria, de acordo co procedemento establecido nas condicións xerais de contratación, realizará o pagamento con cargo á garantía constituída. As cantidades debidas que excedan do importe da garantía constituída serán reclamadas polo procedemento establecido neste apartado.

A resolución pola que se declare a incautación da garantía será notificada ás partes do contrato, e concederá ao arrendatario un prazo de tres meses para constituír novamente unha garantía equivalente a unha anualidade de renda actualizada. No caso de incumprimento deste prazo, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dará traslado á persoa arrendadora, que deberá comunicarlle se opta pola resolución do contrato ou polo seu cumprimento.

De a persoa arrendadora optar pola resolución do contrato, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural iniciará o procedemento de resolución, como representante da persoa arrendadora, de acordo co disposto nas condicións xerais de contratación.

De a persoa arrendadora optar pola continuación e cumprimento do contrato, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural comunicarallo á persoa arrendataria, coa advertencia de que, en caso de incumprimento, as cantidades debidas serán exixidas polo procedemento establecido no número 6 deste artigo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6. De conformidade coa lexislación civil aplicable, as resolucións ditadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de acordo co previsto neste número, relativas aos efectos e extinción do contrato de arrendamento, considerararanse para estes efectos como actos xurídicos emitidos, en cada caso, en representación e interese da persoa arrendadora, con eficacia vinculante para as partes do correspondente contrato de arrendamento, servindo así de título bastante á persoa arrendadora para exixir na vía xudicial civil o comportamento, actuación ou prestación que corresponda da persoa arrendataria, incluída a obriga do arrendatario de abandono e desaloxo da parcela. Para efectos da garantía de funcionamento do Banco de Terras e do cumprimento das súas finalidades públicas, nos casos de falta de pagamento da renda, as cantidades debidas terán a condición de créditos de dereito público, cuxa recadación en vía executiva corresponderá aos órganos competentes da Administración tributaria.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, como órgano competente sobre o servizo, logo da audiencia da persoa arrendataria e comprobación do cumprimento das obrigas da persoa arrendadora, ditará o acto administrativo en que se determinen as cantidades debidas para os efectos do previsto no parágrafo anterior. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dará traslado aos servizos de recadación competentes para os efectos da exixencia da renda polas vías previstas para os recursos de dereito público.

7. Ademais do establecido en canto á percepción de renda, os servizos do Banco de Terras de Galicia realizarán, de acordo coas condicións xerais de contratación aprobadas, unha actividade de supervisión en favor da persoa titular para asegurar que o predio se destine exclusivamente aos usos e coas condicións particulares fixadas no contrato.

Para estes efectos, se se detecta un incumprimento do contrato, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dará traslado á persoa arrendadora, que deberá comunicarlle se opta pola resolución do contrato ou polo seu cumprimento.

De a persoa arrendadora optar pola resolución do contrato, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural iniciará o procedemento de resolución como representante da persoa arrendadora, de acordo co disposto nas condicións xerais de contratación.

De a persoa arrendadora optar polo cumprimento do contrato, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural comunicarallo á persoa arrendataria, coa advertencia de que debe axustarse ás condicións pactadas e de que os eventuais danos serán exixidos con cargo á garantía constituída ou polo procedemento establecido no número 6 deste artigo.

Se o incumprimento do contrato implicar unha actividade do predio non admisible de acordo con esta lei, ou un uso incompatible coa normativa sectorial, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural advertirá as partes de que, no caso de que non se dea cumprimento ao contrato, se procederá á súa resolución, sen prexuízo, de ser o caso, da tramitación do correspondente procedemento sancionador, de se apreciar unha infracción administrativa recollida nesta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

De conformidade coa lexislación civil aplicable, as resolucións ditadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de acordo co previsto neste número, relativas aos efectos e extinción do contrato de arrendamento, consideraranse para estes efectos como actos xurídicos emitidos, en cada caso, en representación e interese da persoa arrendadora, con eficacia vinculante para as partes do correspondente contrato de arrendamento, servindo así de título bastante á persoa arrendadora para exixir na vía xudicial civil o comportamento, actuación ou prestación que corresponda da persoa arrendataria, incluída a obriga do arrendatario de abandono e desaloxo da parcela.

8. Unha vez extinguido o contrato, o predio restituirase nas condicións que se sinalen nas condicións xerais de contratación e, se é o caso, no propio contrato.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 57 apartado 2 nova redacción por artigo 26 apartado oito.

Artigo 58. Transmisibilidade do arrendamento e subrogación

1. Dentro das condicións xerais de prestación do servizo incluirase que os dereitos das persoas arrendatarias dos predios incluídos no Banco de Terras de Galicia serán intransmisibles, total ou parcialmente, agás os casos establecidos neste artigo.

2. No caso de morte da persoa arrendataria, admitirase a transmisión ás persoas sucesoras que asuman, nun prazo de tres meses desde o falecemento, o compromiso de explotaren o predio.

3. Admitirase tamén a transmisión dos dereitos do arrendatario nos casos de cambio de titularidade da explotación da que forme parte o predio.

4. No caso de que a persoa arrendataria sexa unha persoa xurídica e se extinga a súa personalidade xurídica por absorción ou fusión, continuará o contrato de arrendamento vixente coa entidade absorbente ou que resulte da fusión. O mesmo se aplicará nos supostos de escisión ou transmisión de empresas ou ramas de actividade destas, en favor da entidade que pase a asumir a rama de actividade a que estea afecto o predio.

5. A subrogación terá que ser solicitada á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola persoa interesada na transmisión do predio, coa acreditación do suposto que a motiva, e autorizada expresamente por resolución da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo do informe do órgano competente da xestión do Banco de Terras. A falta de resolución expresa no prazo de seis meses terá efectos desestimatorios.

CAPÍTULO V Alleamento a título oneroso e cesión gratuíta de predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 59. Alleamento a título oneroso

1. Os predios de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural incorporados ao Banco de Terras de Galicia poderán ser alleados por este a título oneroso, logo de resolución da persoa que exerza a dirección da Axencia baseada na conveniencia do alleamento para o cumprimento de calquera dos destinos e usos previstos no artigo 37 desta lei.

Así mesmo, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural procurará o alleamento dos predios da súa titularidade cando as súas condicións, en particular o seu escaso aproveitamento ou cabida, limiten ou impidan o seu arrendamento a través do Banco de Terras de Galicia.

2. O alleamento a título oneroso realizarase mediante poxa cando non concorran as circunstancias previstas no número 4 para a adxudicación directa.

3. A poxa rexerase polo previsto nesta lei, polas condicións xerais aprobadas por acordo do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que velarán pola eficacia e axilidade do procedemento, e polo prego de condicións que aprobe a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

A realización da poxa exixirá sempre unha valoración previa efectuada polos servizos competentes do Banco de Terras de Galicia que servirá para a fixación do prezo de partida. A realización da poxa anunciarase na sede electrónica da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e no taboleiro edictal do concello en que se sitúe o predio, cunha antelación mínima de quince días ao da realización da poxa.

Poderá acordarse a celebración de poxas electrónicas, para o cal a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural habilitará o correspondente procedemento.

4. O alleamento a título oneroso poderase efectuar de maneira directa, de acordo coas condicións xerais aprobadas polo Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, empregando os prezos de referencia sinalados no artigo 54, nos seguintes casos:

a) Cando o obxectivo da transmisión da propiedade sexa o acceso á terra agroforestal de mulleres que sofren violencia de xénero, acreditado de acordo cos supostos legais.

b) Cando a adquirente sexa unha entidade pública ou privada sen ánimo de lucro que precise terra agroforestal para o cumprimento dun fin de interese social ou de mellora ambiental. No caso de entidades privadas, deberán achegar un proxecto e unha memoria económica, que deberá ser aprobada e informada favorablemente pola dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

c) Cando o destino do predio sexa a implantación promovida por entidades públicas das infraestruturas necesarias para a ordenación e o desenvolvemento rurais ou que teñan que localizarse no medio rural.

d) Cando a adquirente sexa a persoa propietaria dun predio estremeiro.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

e) Cando se trate dun predio cuxo alleamento supoña unha mellora obxectiva para a estrutura dunha explotación agropecuaria ou forestal existente, aínda que non se trate dunha persoa titular dun predio estremeiro. Esta circunstancia deberá vir avalada por un informe favorable do Banco de Terras de Galicia.

f) En todos aqueles supostos en que as condicións do predio, en particular o seu escaso aproveitamento ou cabida, limiten ou impidan o seu arrendamento a través do Banco de Terras de Galicia.

5. Poderán, así mesmo, permutarse parcelas, que terán a consideración de especial interese agrario, de conformidade co disposto no capítulo VI deste título.

6. O alleamento formalizarase en documento administrativo, que constituirá título bastante para o acceso da transmisión ao rexistro da propiedade, de acordo co previsto na lexislación de patrimonio das administracións públicas.

7. Regulamentariamente poderanse desenvolver disposicións de aplicación do alleamento a título oneroso.

Artigo 60. Cesión temporal gratuíta

1. O uso e aproveitamento dos predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia que non sexan de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderán ser cedidos gratuitamente pola dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por tempo determinado, sempre que exista consentimento expreso da persoa titular dos predios.

2. De tratarse de predios de titularidade da Axencia, a cesión temporal gratuíta por parte da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural só se admitirá cando o seu obxectivo sexa achegar a entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro a terra agroforestal que precisen para o cumprimento dun fin de interese social ou de mellora ambiental que sexa compatible coa natureza do predio. No caso de entidades privadas, deberán achegar un proxecto e unha memoria económica que deberá ser aprobada por resolución da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

3. No documento en que se formalicen as cesións temporais gratuítas incluirase a súa valoración económica, para os efectos fiscais, de ser o caso, así como o tempo de duración da cesión e as condicións en que debe usarse o predio e proceder no seu día á súa devolución. Neste suposto non se aplicará remuneración por gastos de xestión.

4. Poderase ceder temporal e gratuitamente unha parcela non arrendada e de titularidade do Banco de Terras á persoa titular dunha parcela estremeira para que esta proceda á súa limpeza. Esta cesión levarase a cabo coa autorización expresa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por solicitude da persoa titular da parcela estremeira e polo tempo preciso para proceder á limpeza.

Artigo 61. Cesión gratuíta con transmisión da propiedade

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Os predios de titularidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural incorporados ao Banco de Terras de Galicia poderán ser cedidos gratuitamente con transmisión da propiedade polo Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, nos seguintes casos:

a) Cando a adquirente sexa unha entidade do sector público que precise terra agroforestal para o desenvolvemento das súas competencias ou para o cumprimento dun fin de interese social ou de mellora ambiental.

b) Cando o destino do predio sexa a implantación, promovida por entidades públicas, das infraestruturas necesarias para a ordenación e o desenvolvemento rurais ou que teñan que localizarse no medio rural.

2. A cesión levarase a cabo unicamente a entidades do sector público, e baixo as seguintes condicións, que deberán recollerse expresamente:

a) A non modificación posterior da titularidade e finalidade da cesión. Excepcionalmente, se a cesión se realizou a favor dunha entidade pública non municipal para a implantación dunha infraestrutura, permitirase unha cesión posterior á entidade local correspondente.

b) Calquera incumprimento das condicións sinaladas levará consigo a reversión da cesión, e o cesionario farase cargo de todos os gastos, directos e indirectos, derivados desa reversión.

CAPÍTULO VI Permutas de especial interese agrario

Artigo 62. Permutas de predios agroforestais de especial interese agrario

1. A consellaría competente en materia de medio rural incentivará a mellora da estrutura das propiedades agrarias mediante permutas de predios agroforestais consideradas como de especial interese agrario.

2. Enténdense como permutas de predios agroforestais de especial interese agrario aquelas permutas que cumpran, en todas ou en parte das parcelas, un ou varios dos seguintes requisitos:

a) As permutas que contribúan á adecuación dos usos do solo ás previsións do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, regulado no artigo 25 desta lei.

b) As permutas de predios incluídas en procedementos de reestruturación parcelaria pública, segundo o disposto na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, ata a aprobación das correspondentes bases, e que poidan supor unha mellora da estrutura dos predios de substitución ou unha mellora ambiental. Neste caso, a totalidade das parcelas partícipes deberán estar incluídas no perímetro da zona de reestruturación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) As permutas empregadas como instrumentos de mobilización nos casos dos polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as actuacións de xestión conxunta recollidas nesta lei.

d) As permutas que contribúan á eliminación de servidumes de paso.

e) As permutas en que interveña unha ou máis parcelas pertencentes á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

f) Aquelas permutas non incluídas nos casos anteriores, pero que sexan consideradas como de especial interese por resolución da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo dos informes dos servizos técnicos competentes.

g) As permutas que permitan ás persoas titulares de predios agroforestais eliminaren as parcelas enclavadas das súas terras, sempre que contribúan á mellora da súa sustentabilidade, cando se dean unha ou varias das seguintes circunstancias:

1º. Explotacións amparadas por figuras de garantía de orixe e marcas de calidade de carácter oficial.

2º. Explotacións dedicadas á produción ecolóxica.

3º. Explotacións gandeiras de carácter extensivo ou aquelas en que a eliminación das parcelas enclavadas contribúa a facilitar a súa extensificación.

4º. Explotacións forestais que dispoñan ou estean incluídas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal.

5º. Explotacións gandeiras que requiran das parcelas enclavadas para a mellora da súa base territorial, especialmente na contorna das súas instalacións.

h) A redefinición de límites ou consolidación da propiedade daquelas superficies inscritas no Sistema rexistral forestal de Galicia e sempre atendendo á lexislación vixente en materia de montes. Nestes casos, requirirase a participación e información do órgano forestal competente no procemento de declaración de permuta de interese agrario.

3. A declaración dunha permuta ou conxunto de permutas como de especial interese agrario realizarase por resolución da persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por solicitude de, como mínimo, unha das persoas titulares dos predios obxecto da permuta.

En calquera caso, a declaración de utilidade pública e interese social correspondente a un polígono agroforestal, segundo o disposto nos artigos 85 e 105 desta lei, implica darlles o carácter de especial interese agrario ás permutas que se leven a cabo neste.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. As permutas de predios agroforestais de especial interese agrario levarase a cabo con ou sen modificación nas estremas dos predios resultantes, segundo se desenvolve nos artigos seguintes.

5. A permuta só poderá ser considerada como de especial interese agrario sempre que, concorrendo os requisitos do número 2 deste artigo, exista unha diferenza de valor entre o conxunto dos predios de cada titular que se van permutar inferior ao 50 por cento do valor do que o teña superior, segundo a valoración efectuada polos servizos competentes da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. A diferenza compensarase economicamente, agás que non supere o 10 por cento do valor do conxunto de predios que o teña superior, caso en que non será necesaria a devandita compensación.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 62 apartado 5 engadido por artigo 22 apartado un.

Artigo 63. Permutas sen modificación de estremas

1. Poderase levar a cabo un proceso de permuta sen modificación das estremas dos predios permutados por petición dun mínimo de dúas persoas titulares, afectando unha ou varias parcelas por cada unha das persoas peticionarias. As persoas titulares deberán asinar por adiantado o acordo para realizar a permuta e permitir a colaboración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na súa realización.

2. Para seren beneficiarias deste procedemento, as parcelas obxecto de permuta deberán estar situadas na mesma parroquia ou en parroquias estremeiras, pertenzan ou non estas ao mesmo concello. De non ser así, polo menos unha das parcelas deberá estremar con outra propiedade dunha das persoas titulares permutantes, de maneira que a permuta mellore obxectivamente a estrutura da súa explotación agraria.

3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural levará a cabo os pertinentes traballos de índole técnica, valoración, asesoramento e intermediación entre as persoas participantes no procedemento.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo derrogado: Artigo 63 suprimido por artigo 22 apartado dous.

Artigo 64. Permutas con modificación de estremas

1. O procedemento de permuta con modificación de estremas consiste na reestruturación dun conxunto de predios estremeiros entre si, total ou parcialmente, pertencentes a un mínimo de dúas persoas titulares, de maneira tal que para a realización do procedemento se

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

considere o conxunto das parcelas como unha única superficie e se efectúe unha nova repartición entre os partícipes, polo que cada un reciba unha ou varias parcelas de valor igual ao da súa achega, de modo que a configuración final das parcelas resulta diferente da inicial. De existiren parcelas enclavadas dentro do conxunto de predios, serán resoltas unha vez executada a permuta.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural levará a cabo un estudo técnico de reestruturación das parcelas achegadas, que garantirá que a distribución proposta cumpre coa equivalencia de valor entre achegas e parcelas resultantes, así como coa mellora obxectiva das propiedades.

3. As persoas solicitantes poderán pedir unha modificación da proposta para a súa análise pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Artigo 65. Permutas para eliminación de parcelas enclavadas

1. Terán a consideración de permutas para eliminación de parcelas enclavadas aquelas que sexan tecnicamente viables e cumpran as seguintes condicións:

a) As parcelas deberán ter a cualificación de rústicas pola normativa urbanística e, como mínimo, unha delas deberá ter a consideración de parcela enclavada, segundo a definición contida no artigo 4 desta lei.

b) Na parcela enclavada non poderá existir unha vivenda habitada ou en correctas condicións de habitabilidade.

2. A parcela de substitución da enclavada deberá ter as seguintes características:

a) Unha superficie, como mínimo, superior a un 20 % da orixinal, repercutindo á custa da persoa titular á que se lle elimina a parcela enclavada, do axente promotor produtivo por cuxa iniciativa se desenvolva o proxecto ou á custa da persoa adxudicataria, no caso dos proxectos de iniciativa pública, os custos deste cambio de localización, así como as obras e instalacións necesarias, e garantindo en todo caso para os seus titulares unha capacidade produtiva igual ou superior á de partida.

b) Contar con acceso a camiño público ou dereito de paso outorgado por quen insta a permuta.

c) Estar libre de cargas e gravames.

3. De non lograrse un acordo entre as persoas titulares das parcelas que se pretenden permutar, poderá solicitarse da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que medie entre elas. De non se lograren acordos, as persoas interesadas na permuta de parcelas enclavadas poderán, de ser o caso, iniciar as accións xudiciais que procedan.

Artigo 66. Medidas de fomento das permutas de especial interese agrario

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural promoverá que a execución das permutas de predios agroforestais de especial interese agrario se leve a cabo con carácter voluntario, e prestará asesoramento e mediación técnica.

2. Declarada unha permuta ou conxunto de permutas como de especial interese agrario, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá:

a) Realizar traballos de limpeza, posta en cultivo ou melloras, incluso de carácter permanente, nos predios obxecto de permuta, coa finalidade de favorecer a súa explotación racional.

b) Asesorar os permutantes no procedemento de permuta e nas súas consecuencias fiscais e patrimoniais.

c) Trasladar a actualización dos datos relativos aos predios permutados á entidade responsable da elaboración e mantemento do catastro rústico na Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do establecido no artigo 21.

d) No caso de parcelas enclavadas, utilizar, sempre que sexa posible pola súa localización, predios adscritos ao Banco de Terras para completar ata un 20 % das superficies que se poidan permutar.

3. A consellaría competente en materia de medio rural poderá establecer liñas de axudas específicas que cubran os gastos notariais e de inmatriculación rexistral dos predios. Así mesmo, as permutas acollidas a este procedemento non precisarán de permisos nin licenzas de segregación.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 66 apartado 3 nova redacción por artigo 26 apartado nove.

TÍTULO V Instrumentos de recuperación de terras

CAPÍTULO I Polígonos agroforestais

Artigo 67. Obxecto dos polígonos agroforestais

1. Os polígonos agroforestais teñen por obxecto prioritario pór en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización, recuperando deste xeito unha acaída actividade de explotación agrícola ou forestal.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Poderán ter por obxecto a mellora da estrutura territorial de explotacións xa existentes ou a posta en marcha de novas iniciativas produtivas, así como o desenvolvemento de áreas que, independentemente da súa capacidade produtiva, contan con especiais valores ambientais, patrimoniais ou paisaxísticos e nas que os procesos de abandono están a deteriorar eses valores. Neste último caso, a finalidade da iniciativa será a de facer compatible o aproveitamento produtivo coa salvagarda dos seus valores, aínda que primando sempre estes últimos.

3. Así mesmo, a recuperación do uso produtivo da terra agroforestal poderá acadarse achegando a terra como factor de produción a iniciativas formativas ou produtivas de carácter social que teñan entre os seus obxectivos a recuperación da terra abandonada, permitindo a incorporación ao mercado laboral de persoas e grupos en risco de exclusión social, a incorporación ás explotacións existentes ou de nova creación de persoas mozas e, en todo caso, incentivando o papel das mulleres en réxime de igualdade.

Artigo 68. Caracteres xerais de desenvolvemento dos polígonos agroforestais

1. O desenvolvemento de polígonos agroforestais poderá efectuarse mediante iniciativas públicas a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ou de iniciativas privadas por medio dun ou varios axentes promotores produtivos. En ambos os casos será necesario dispor do acordo das persoas titulares da superficie que represente, como mínimo, o 70 % das terras incluídas no perímetro proposto de polígono agroforestal, agás no caso dos polígonos cortalumes.

2. Nos polígonos agroforestais deberá existir unha situación produtiva que permita presumir un estado de abandono ou infrautilización dun mínimo do 50 % da superficie de terras do polígono agroforestal. Para o cálculo do 50 % de superficie en abandono ou infratutilización, non se computará a superficie en produción achegada por explotacións inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia ou incluídas no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia. Este requisito poderá exceptuarse nos seguintes casos:

a) Nos polígonos de iniciativa pública nos que desde o inicio do proceso se acredite a asunción do compromiso recollido na letra c) do número 1 do artigo 92 deste lei polas persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento sobre as parcelas afectadas que supoñan un mínimo do 70 % do total da superficie incluída dentro do perímetro do polígono forestal.

b) Nos polígonos cortalumes.

3. Nos polígonos agroforestais poderanse levar a cabo procesos de reestruturación da propiedade para asegurar un tamaño mínimo das parcelas, que se fixará en función dos tipos de cultivos que se vaian producir no polígono. Tamén se poderán producir cambios de titularidade por compravendas ou permutas ligadas á posta en marcha do proxecto, así como contratos de arrendamento ou outros negocios xurídicos de cesión de uso ou transmisión de dereitos de aproveitamento sobre as parcelas incluídas no polígono entre os axentes promotores produtivos e as persoas propietarias.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, á vista das súas características e da información recollida ao longo do proceso, determinará a forma de execución do proxecto baixo as dúas modalidades seguintes:

a) Deseño de área única, o que implicará que o proxecto constituirá unha soa unidade produtiva e de licitación.

b) Deseño en lotes, o que implicará que o proxecto se divida nun grupo de lotes de superficie mínima fixada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Os lotes poderán ser adxudicados a distintos axentes promotores produtivos, de acordo co previsto no prego de condicións.

5. Para a posta en marcha dos polígonos agroforestais será necesaria a declaración de utilidade pública e interese social por parte do Consello da Xunta de Galicia, con base nas finalidades descritas no artigo anterior.

6. No caso de participación dun monte veciñal en man común nun polígono agroforestal, tanto público como privado, esta deberá aterse ao disposto no artigo 18.1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

No desenvolvemento do proceso de constitución do polígono agroforestal, en caso de participación dun monte veciñal en man común, este terá dereito de veto sobre a resolución definitiva do citado polígono.

Quedarán excluídos, agás acordo favorable coas maiorías establecidas no artigo 18.1 da citada lei, os montes veciñais en man común que estean xestionados cautelarmente pola Administración ou mediante contratos de xestión pública.

Artigo 69. Polígonos agroforestais de iniciativa pública

1. O desenvolvemento dos polígonos agroforestais de iniciativa pública realízase mediante procedementos de concorrencia competitiva que deberán axustarse aos principios de libre concorrencia e igualdade de trato e transparencia que incorporen criterios de eficiencia no aproveitamento da terra agroforestal, así como de índole social e ambiental.

2. O procedemento de concorrencia competitiva só se aplicará sobre a superficie do polígono afectada polos compromisos de venda ou arrendamento a que se refiren as letras a) e b) do artigo 92.1 desta lei.

3. En todo caso, serán de iniciativa pública os polígonos cortalume.

Artigo 70. Zonas preferentes para os polígonos de iniciativa pública

1. Serán zonas prioritarias para o desenvolvemento de polígonos agroforestais de iniciativa pública:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) As zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas que presenten un abandono superior ao 50 % do seu ámbito.

b) As áreas cortalumes, que se delimitarán con criterios técnicos co fin de xerar descontinuidades da biomasa que freen ou atenúen o avance dos incendios mediante a implantación da actividade agrícola, gandeira ou forestal máis axeitada para este fin.

c) Aquelas en que desde o inicio do proceso se acredite o acordo dun total de persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento sobre as parcelas afectadas que supoñan un mínimo do 70 % do total da superficie incluída dentro do perímetro do polígono agroforestal. Quedan excluídas do cómputo desta porcentaxe as parcelas cuxos titulares non sexan coñecidos ou non se puidesen localizar.

2. Entre as restantes zonas, darase carácter preferente ao desenvolvemento de proxectos de polígonos agroforestais cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

a) Zonas de elevada aptitude agropecuaria delimitadas no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia que se encontren en situación de especial abandono.

b) Ampliación da base territorial das explotacións existentes mediante o acceso a terras estremeiras en situación de abandono ou infrautilización ou con usos ou orientacións non conformes coa cualificación feita no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.

c) Recuperación de terras acaídas para producións acollidas a indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe protexida, así como para producións que estean a optar a ese recoñecemento ou calquera outra marca de garantía de calidade.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 70 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado dez.

Artigo 71. Polígonos agroforestais de iniciativa privada

1. O desenvolvemento de polígonos agroforestais tamén se poderá realizar por iniciativa de axentes promotores produtivos definidos no artigo 4 desta lei.

2. Os devanditos axentes, para poderen iniciar o procedemento para a aprobación dos polígonos agroforestais, deberán contar co acordo dun total de persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento sobre as parcelas afectadas que supoñan un mínimo do 70 % do total de superficie incluída dentro do perímetro do polígono agroforestal.

Artigo 72. Rexistro de Polígonos Agroforestais

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Créase o Rexistro Público de Polígonos Agroforestais da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellaría competente en materia de medio rural.

CAPÍTULO II Agrupacións e actuacións de xestión conxunta

Artigo 73. Disposicións xerais

1. A xestión conxunta de aproveitamentos agroforestais implica a obrigatoriedade da súa xestión e o aproveitamento de maneira conxunta durante o tempo de vixencia da correspondente actuación de xestión conxunta forestal ou agrogandeira e, en particular, o cumprimento obrigatorio das especificacións previstas neles. Non suporá a reorganización da propiedade dos terreos agroforestais ou predios afectados.

2. As agrupacións agroforestais de xestión conxunta poderán solicitar a declaración da utilidade pública e interese social da súa actuación de xestión conxunta agroforestal. Neste caso, seguirase a tramitación establecida nos artigos 85 e seguintes para os polígonos agroforestais no que lles sexa aplicable ás agrupacións de xestión conxunta.

3. As agrupacións forestais de xestión conxunta rexeranse pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, así como polo disposto nesta lei.

4. Por orde da consellaría competente en materia de medio rural desenvolverase un modelo de estatutos para os diferentes tipos de agrupacións de xestión conxunta.

Artigo 74. Obxecto das agrupacións de xestión conxunta

1. O obxecto das agrupacións de xestión conxunta será, de forma exclusiva, un ou varios dos seguintes:

a) A mobilización de terreos agrogandeiros ou forestais por medio dunha actuación de xestión conxunta.

b) A explotación e o aproveitamento conxunto dos terreos agrogandeiros ou forestais mediante unha xestión sustentable e multifuncional dos produtos e servizos agrogandeiros ou forestais, contribuíndo a aumentar a rendibilidade e calidade das producións. Para estes efectos, entenderase por recursos e servizos forestais aqueles definidos polo artigo 84 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa.

c) A produción e, de ser o caso, comercialización conxunta de produtos agrogandeiros ou forestais, a realización de melloras no medio rural, a promoción e desenvolvemento agrarios e a prestación de servizos comúns que sirvan a aquela finalidade.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) No caso das agrupacións forestais, a xestión activa e sustentable segundo o instrumento de ordenación forestal e xestión forestal, e a valorización das masas consolidadas de frondosas autóctonas, tendo en conta os beneficios sociais e medioambientais que achegan á sociedade galega.

e) O apoio á xestión sustentable no marco das estratexias de mitigación e adaptación fronte ao cambio climático e nas políticas activas de descarbonización, así como protexer a biodiversidade.

f) A restauración e conservación de ecosistemas agroforestais.

2. As agrupacións de xestión conxunta poderán ter por obxecto, ademais dos aproveitamentos correspondentes á súa propia natureza, aproveitamentos mixtos, así como calquera outro secundario vinculado a estes e compatible co uso de parcelas rústicas, de conformidade, de ser o caso, coas previsións do Catálogo de solos agropecuarios e forestais e da lexislación urbanística.

Artigo 75. Requisitos das agrupacións agrogandeiras de xestión conxunta

1. As agrupacións agrogandeiras de xestión conxunta deberán dispor da xestión dunha superficie mínima de 10 hectáreas.

2. As persoas ou entidades que forman parte da agrupación agrogandeira deberán asinar un compromiso de pertenza e de cesión ou delegación da xestión á agrupación durante o tempo previsto de vixencia da actuación.

3. As agrupacións agrogandeiras poderán asinar acordos de cesión coas persoas titulares de terreos agrogandeiros para o uso e o aproveitamento dos predios destes últimos mediante calquera negocio xurídico válido en dereito, e non será necesaria a súa integración como socios na dita agrupación. Estes acordos incluirán expresamente a obriga da persoa cesionaria de cumprir cos prazos de cesión dispostos neste artigo.

4. Os estatutos da agrupación de xestión conxunta recollerán, sempre que pola súa natureza mercantil lles sexan aplicables, entre outras, as seguintes previsións:

a) A maioría dos dereitos de voto deberá ser exercida polas persoas socias que acheguen a propiedade ou os dereitos de uso de parcelas agrogandeiras.

b) Os dereitos económicos das persoas membros da agrupación. Para tales efectos, de ser o caso, os estatutos sociais poderán prever a posibilidade de que cada participación ou acción social implique unha diferente participación nos beneficios da sociedade.

c) A obrigatoriedade de que, en caso de obtención de resultados positivos no exercicio económico pola entidade, se proceda á distribución dun beneficio mínimo, cunha porcentaxe sobre o resultado do exercicio ou cos criterios obxectivos para a súa determinación que para tales efectos se fixen nos estatutos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 76. Recoñecemento das agrupacións agrogandeiras de xestión conxunta

1. As solicitudes das persoas interesadas que pretendan o recoñecemento da agrupación agrogandeira de xestión conxunta deberán cumprir, ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os seguintes:

a) Identificar a tipoloxía da agrupación proposta, expresando o cultivo ou aproveitamento produtivo e as súas características técnicas.

b) Xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei, e, en particular, se for o caso, a constitución da entidade correspondente que vai levar a cabo a actuación de xestión conxunta, achegando os seus estatutos.

c) Achegar a documentación que acredite a disposición dos dereitos de uso da superficie das terras incluídas no ámbito da actuación de xestión conxunta. Deberase acreditar a disposición dos dereitos de uso dunha porcentaxe superior ao 70 % da superficie das terras incluídas no ámbito da iniciativa. Respecto da xustificación dos dereitos de uso, para os efectos desta lei, salvo proba en contrario, a Administración considerará á persoa que con tal carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais, ou, finalmente, a quen o sexa pública e notoriamente, aínda que careza do oportuno título escrito; todo iso nos termos do número 8 do artigo 19 desta lei.

d) Acreditar a dispoñibilidade dos medios persoais e técnicos precisos para a execución da actuación de xestión conxunta.

Achegar, de ser o caso, a solicitude da declaración de utilidade pública e interese social para a actuación de xestión conxunta.

e) Os terreos incluídos dentro do ámbito da iniciativa non poderán formar parte doutra agrupación co mesmo obxecto.

f) Identificar a superficie da iniciativa de actuación de xestión ou comercialización conxunta.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural solicitará a emenda e mellora da solicitude de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, e poderá requirir, de acordo co indicado neste precepto, a aclaración da documentación presentada e a modificación do ámbito da actuación.

3. Á vista da documentación achegada e, de ser o caso, das súas emendas, o titular da Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural resolverá o recoñecemento da agrupación de xestión conxunta e a viabilidade da superficie de actuación se cumpre cos requisitos establecidos nesta lei, así como a súa inscrición no Rexistro de Agrupacións Agroforestais de Xestión Conxunta.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural notificará a resolución de recoñecemento da agrupación de xestión conxunta e da viabilidade da superficie de actuación dentro do prazo de seis meses, que se contarán desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para resolver. No caso de que a resolución non se dite e notifique no indicado prazo, as persoas interesadas poderán considerar desestimada a súa solicitude para os efectos da interposición dos recursos procedentes.

5. O recoñecemento da viabilidade da actuación de xestión conxunta determinará a proposta, por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da declaración de utilidade pública e interese social, se foi solicitada pola agrupación.

Artigo 77. Rexistro de Agrupacións Agroforestais de Xestión Conxunta

Créase o Rexistro Público de Agrupacións Agroforestais de Xestión Conxunta da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellaría competente en materia de medio rural, no que se inscribirán as agrupacións agroforestais de xestión conxunta a que se refire o artigo 16 desta lei.

Artigo 78. Xestión das parcelas incluídas no ámbito da actuación de xestión conxunta

1. Na superficie da iniciativa de actuación de xestión conxunta, as persoas titulares ou con dereitos de uso ou aproveitamento de parcelas non pertencentes á agrupación de xestión conxunta, ou que non teñan acordos de cesión coa citada agrupación para o uso e o aproveitamento do seu predio, quedan obrigadas a manter unha adecuada xestión agroforestal da súa propiedade, cando menos a pór en produción as terras conforme as boas prácticas agroforestais recollidas, de ser o caso, na declaración de utilidade pública e interese social, co compromiso de mantemento destas, como mínimo, polo tempo previsto de vixencia da actuación.

O incumprimento desta obriga poderá xustificar o inicio dun procedemento de declaración de parcelas en situación de abandono ou infrautilización, segundo o disposto nesta lei.

2. No caso de que, tras a declaración de abandono ou infrautilización, as persoas titulares das parcelas opten por incorporalas ao Banco de Terras, esta incorporación deberá efectuarse a través dun arrendamento pactado ou de mutuo acordo a favor da agrupación de xestión conxunta, segundo o regulado no artigo 55 desta lei.

3. As parcelas declaradas en situación de abandono ou infrautilización no número anterior poderán ser obxecto do réxime de permutas voluntarias ou de permutas de especial interese agrario, segundo o disposto nesta lei.

CAPÍTULO III Aldeas modelo

Artigo 79. Principios xerais

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Nas aldeas modelo procurarase a recuperación da actividade económica e social dos terreos de antigo uso agrícola, gandeiro e forestal circundantes á aldea, e particularmente daqueles que se encontren en situación de abandono e infrautilización, así como dos núcleos incluídos nelas, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación. Para estes efectos, a consellaría competente en materia de medio rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, coordinará as súas actuacións, ademais de cos respectivos concellos, coas consellarías e entidades competentes, para promover, entre outras finalidades, a recuperación da capacidade agronómica do perímetro da aldea modelo, a rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística do seu núcleo e a promoción do emprego.

2. As aldeas modelo localizaranse en zonas en abandono ou infrautilización de alta capacidade produtiva para un ou varios cultivos ou aproveitamentos, e terán por obxecto principal pór en produción áreas de terra agroforestal con boa aptitude agronómica que acadaron co paso do tempo estados de abandono e/ou infrautilización, recuperando deste modo unha acaída actividade económica agroforestal.

3. Nas aldeas modelo prestarase especial atención ao mantemento, conservación e recuperación das infraestruturas agrarias da zona de execución, especialmente os muros de peche e a rede de camiños interiores. Non se executarán novas infraestruturas fixas a non ser por motivos excepcionais debidamente xustificados.

4. A declaración de aldea modelo irá seguida da elaboración, por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dun proxecto de ordenación produtiva. Os cultivos e aproveitamentos incluídos dentro do proxecto de ordenación produtiva deberán desenvolverse sempre mediante métodos e técnicas de produción sustentable.

5. A declaración dunha aldea modelo poderá levar asociada a elaboración dun plan de dinamización que comprenda, total ou parcialmente, o ámbito clasificado como solo de núcleo rural que se encontre dentro do perímetro da aldea modelo.

6. Para a posta en marcha dunha aldea modelo será necesaria a declaración de utilidade pública e interese social por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 79 apartado 4 nova redacción por artigo 26 apartado once.

Artigo 80. Rexistro de Aldeas Modelo

Créase o Rexistro público de Aldeas Modelo da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellaría competente en materia de medio rural.

Artigo 81. Rede de aldeas modelo de Galicia

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural impulsará a creación dunha rede de aldeas modelo de Galicia como instrumento de colaboración funcional entre elas, que terá os seguintes obxectivos:

a) A posta en común de experiencias e información.

b) A coordinación de producións e a xeración de sinerxías entre as diferentes aldeas modelo.

c) A promoción e posta en valor dos produtos procedentes destas aldeas modelo.

d) A consecución de estándares de excelencia polos produtos procedentes destas aldeas modelo.

2. Poderanse incorporar á rede de aldeas modelo de Galicia tanto as aldeas modelo como calquera outra aldea que, coas mesmas finalidades e características, se desenvolva pola iniciativa privada.

Artigo 82. Actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación nas aldeas modelo

1. Sen prexuízo dos instrumentos específicos previstos na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, e de forma compatible e coordinada con eles, a Xunta de Galicia impulsará programas de financiamento ou actuacións integradas e conxuntas de un ou varios dos seus departamentos para impulsar a recuperación dos núcleos rurais das aldeas modelo. En particular, fomentarase a recuperación destes núcleos por parte das persoas propietarias, concellos ou entidades públicas e privadas, mediante a aprobación dos plans de dinamización específicos previstos nesta lei.

2. As intervencións sobre o medio urbano que precisen a modificación da ordenación urbanística do ámbito requirirán a previa ou simultánea tramitación do novo instrumento de planeamento ou a modificación daquel.

TÍTULO VI Procedementos de recuperación de terras

CAPÍTULO I Procedemento de aprobación de polígonos agroforestais

Sección 1ª. Procedemento de aprobación de polígonos agroforestais de iniciativa pública

Artigo 83. Inicio do procedemento de aprobación para o desenvolvemento dos polígonos agroforestais de iniciativa pública

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A iniciación do procedemento para a aprobación dos polígonos agroforestais de iniciativa pública será acordada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de oficio ou por instancia de parte.

2. O acordo de inicio será motivado, sinalará as causas que xustifican o desenvolvemento do polígono agroforestal e determinará o prazo da elaboración dun estudio de viabilidade. O devandito acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia.

3. Nos supostos de zonas preferentes para os polígonos de iniciativa pública regulados no artigo 70, logo da súa proposta, a persoa titular da consellaría competente en materia de medio rural elevará ao Consello da Xunta de Galicia a declaración de utilidade pública e interese social do polígono agroforestal inmediatamente despois da aprobación do acordo de inicio. A dita declaración formalizarase mediante decreto do Consello da Xunta. Na declaración de utilidade pública e interese social incluiranse os contidos previstos nas letras a), d) e e) do artigo 85.2. Nestes supostos de zonas preferentes poderá publicarse de forma conxunta no Diario Oficial de Galicia o acordo de inicio do procedemento para a aprobación dos polígonos agroforestais e a declaración de utilidade pública e interese social.

4. A declaración de utilidade pública e interese social deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia, e implicará o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento e aos informes ambientais e sectoriais polos órganos autonómicos e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 83 apartados 3 e 4 engadidos por artigo 26 apartados doce e trece.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 83 apartado 3 nova redacción por artigo 22 apartado tres.

Artigo 84. Estudo de viabilidade

1. Os servizos técnicos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elaborarán un estudo de viabilidade no que se inclúan, polo menos, os seguintes contidos:

a) Fixación do perímetro: o estudo recollerá o perímetro proposto de actuación, conforme a definición deste recollida no artigo 4 desta lei. A superficie mínima será de 10 hectáreas, aínda que excepcionalmente poderán levarse a cabo polígonos para perímetros de menor superficie, de existiren circunstancias de índole ambiental, agroforestal ou socioeconómica que así o xustifiquen, debidamente acreditadas.

b) Determinación do grao de abandono: comprobarase, de ser o caso, que no interior do perímetro exista unha situación produtiva que permita presumir un estado de abandono ou

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

infrautilización non inferior ao 50 % da súa superficie, segundo o disposto no número 2 do artigo 68 desta lei e sen prexuízo da resolución que se dite tras a apertura dos correspondentes procedementos regulados nesta lei.

c) Identificación de usos e actividades admisibles: seguiranse as directrices establecidas no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia para o perímetro de afección, aínda que poderán precisarse para adaptalas a unha escala espacial de maior detalle. No suposto de non estar aprobado o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, elaborarase un catálogo parcial para o perímetro de afección do polígono consonte a metodoloxía recollida nesta lei, que poderá ser modificado coa aprobación do proxecto básico do polígono. Este catálogo determinará os usos e actividades admisibles no polígono.

d) Documento ambiental: deberá incluír os contidos regulados na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

e) Análise de prezos de referencia: o estudo incluirá unha valoración dos predios para os efectos da súa posible adquisición ou arrendamento ou, de ser o caso, permuta, para o que se empregarán os prezos de referencia determinados polo Comité técnico de prezos e valores, de acordo co disposto no artigo 53, téndose en conta as seguintes especificacións:

1º. Fixaranse prezos iguais por unidade de superficie en función de cada un dos cultivos ou aproveitamentos previstos e, de tratarse de proxectos de extensión superior ás 100 hectáreas, das características da subzona, entendendo por tal a unidade mínima de terreo de características agronómicas homoxéneas.

2º. Os prezos fixados corresponderanse cos dos cultivos ou aproveitamentos dos establecidos no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.

3º. Estes prezos servirán como prezos mínimos no proceso de selección de solicitudes por concorrencia establecido no artigo 97 desta lei.

f) Superficies mínimas: a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural determinará para cada polígono as superficies mínimas que serán empregadas no deseño dos lotes establecidos no artigo 68 desta lei e, de ser o caso, como parcelas mínimas nos proxectos de reestruturación da propiedade. A superficie mínima determinarase en función do tipo de cultivo ou aproveitamento e das súas características, valorando tamén o mercado de terras na zona en que se localice o polígono.

g) Vida útil: determinarase a vida útil mínima do polígono agroforestal en correspondencia coa duración dos ciclos produtivos das orientacións, cultivos, aproveitamentos ou producións.

1 bis. A valoración derivada da análise de prezos de referencia regulados na letra e) do número 1 poderá ser modificada de forma motivada coa aprobación do proxecto básico do polígono.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Nos supostos previstos no artigo 83.3, ademais dos contidos indicados no número anterior, o estudo de viabilidade poderá incluír tamén os contidos do proxecto básico do polígono agroforestal previstos nas letras b), c), d) ou e) do artigo 86.1. Neste caso, cando finalice o estudo de viabilidade, a documentación resultante deberá ser obxecto de exposición pública nos termos sinalados no artigo 91.

3. No caso de que o estudo de viabilidade comprenda os contidos do proxecto básico recollidos nas letras b) a e) do artigo 86.1, será necesario para a súa aprobación o cumprimento do requisito de que a superficie que se integre nese momento no instrumento represente un mínimo dun 70 % do total da superficie do perímetro do polígono, nos termos que para ese cómputo regula o artigo 92.4. De non acadarse a dita porcentaxe mínima, resolverase o arquivo do expediente e a finalización do procedemento.

4. Unha vez completado o estudo de viabilidade, de ser favorable, remitirase á persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a súa aprobación.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 84 apartados 1, 2, 3 e 4 nova redacción por artigo 26 apartados catorce, quince, dezaseis e dezasete.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 84 apartado 1 bis engadido por artigo 85 apartado sete.

Artigo 85. Declaración de utilidade pública e interese social

1. No caso de non terse realizada a declaración de utilidade pública e interese social, conforme o previsto no artigo 83.3, por proposta da persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a persoa titular da consellaría competente en materia de medio rural elevará ao Consello da Xunta de Galicia a declaración de utilidade pública e interese social do polígono agroforestal. A dita declaración formalizarase mediante decreto do Consello da Xunta.

2. Na declaración de utilidade pública e interese social incluiranse:

a) A delimitación do perímetro do polígono agroforestal, tal como se define no artigo 4 desta lei. Esta delimitación poderá modificarse durante a execución dos proxectos cando circunstancias de índole agroforestal, ambiental ou socioeconómica así o aconsellen, e será precisa resolución motivada da persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta da persoa que exerza a dirección.

b) A vida útil mínima do polígono agroforestal.

c) A identificación de usos e actividades admisibles, así como de boas prácticas agroforestais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) A autorización para a redacción do proxecto básico do polígono agroforestal.

e) A autorización para a execución dos procedementos de investigación da titularidade e declaración de abandono e, de ser o caso, dos de reestruturación da propiedade da forma establecida neste título.

3. A declaración de utilidade pública e interese social implicará o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento e aos informes ambientais e sectoriais polos órganos autonómicos e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A declaración de utilidade pública e interese social, co contido sinalado no número 2 deste artigo, publicarase no Diario Oficial de Galicia.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 85 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado dezaoito.

Artigo 86. Redacción do proxecto básico de polígono agroforestal declarado de utilidade pública e interese social

1. Unha vez declarada a utilidade pública e interese social do proxecto, a persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural acordará o inicio dos trámites precisos para a redacción do proxecto básico de polígono agroforestal. O proxecto incluirá os seguintes contidos:

a) O estudo de viabilidade, no que figuren o perímetro, o catálogo parcial, o documento ambiental, os prezos e as superficies mínimas e a vida útil.

b) A revisión do parcelario afectado e a determinación de parcelas en que se presuma o estado de abandono ou infrautilización.

c) A delimitación de exclusións de carácter produtivo, ambiental, paisaxístico e patrimonial.

d) A investigación da titularidade das parcelas.

e) Os compromisos de adhesión ao proxecto, que deberán supor unha porcentaxe mínima do 70 % da superficie das terras incluídas no perímetro do polígono agroforestal.

f) A proposta de reestruturación da propiedade do polígono agroforestal.

2. Aqueles contidos do proxecto básico que se inclúan no estudo de viabilidade conforme o disposto no artigo 84.2 non requirirán de nova elaboración, e incorporaranse de forma automática ao proxecto.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. O proxecto básico será elaborado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 86 apartado 2 nova redacción e apartado 3 engadido por artigo 26 apartados dezanove e vinte.

Artigo 87. Exclusións

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá xustificar a eventual exclusión total ou parcial de áreas do interior do perímetro polas seguintes causas:

a) Produtivas: non sufrirán modificacións derivadas do proxecto aqueles predios ou conxuntos de predios que se encontren xa en cultivo ou aproveitamento e que se desenvolvan conforme correctas prácticas agroforestais, agás que voluntariamente decidan a súa incorporación, sen prexuízo do establecido nesta lei sobre reestruturación da propiedade, de ser o caso.

b) Ambientais e paisaxísticas: as áreas especialmente sensibles desde o punto de vista ambiental ou paisaxístico, segundo o establecido nas correspondentes normativas ou instrumentos sectoriais, só poderán ser dedicadas a actividades produtivas que, dentro das propostas, poidan compatibilizar ambas as dúas características. No caso de non seren compatibles, respectarase nesas áreas o estado orixinal, e serán, polo tanto, excluídas do perímetro.

c) De patrimonio cultural: os elementos con protección deberán ser excluídos do perímetro, agás que se apliquen técnicas que permitan o aproveitamento produtivo e estean debidamente aprobadas pola autoridade competente na materia.

d) Residenciais: quedarán excluídas as parcelas localizadas no solo de núcleo rural e as parcelas con edificacións residenciais ou calquera outro tipo de edificación non relacionada coa actividade agroforestal.

Artigo 88. Tramitación ambiental

1. Unha vez acordado o inicio da redacción do proxecto básico de polígono agroforestal, a persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural solicitará a emisión de informe por parte daqueles órganos sectoriais cuxas competencias se vexan afectadas e porá de manifesto a existencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia.

2. No caso de que o proxecto deba someterse a avaliación ambiental, solicitarase do órgano competente o inicio do procedemento de avaliación que corresponda e terase en conta o seu ámbito e características. Neste caso, seguirase o procedemento de tramitación establecido na normativa en materia de avaliación ambiental.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. No caso de que o proxecto non deba ser sometido a avaliación ambiental, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elaborará un informe xustificativo do non sometemento.

Artigo 89. Revisión do parcelario e estado das parcelas

1. Para os efectos da redacción do proxecto básico, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizará unha comprobación sobre o terreo da precisión do parcelario existente mediante revisión das estremas das parcelas, e, de ser necesario, executarase un levantamento topográfico ou fotogramétrico complementario. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá realizar tarefas de acondicionamento das devanditas parcelas co fin de poder levar a cabo estes traballos nas mellores condicións posibles.

2. Poderase realizar, de ser preciso, unha comprobación sobre o terreo das características técnicas e do estado das parcelas ou áreas homoxéneas que compoñan o perímetro por persoal técnico competente, para os efectos de elaborar un informe individual de cada unha delas, no que se recolla:

a) A superficie da parcela ou área homoxénea correspondente.

b) A fotografía da parcela ou área homoxénea correspondente.

c) A xeolocalización da parcela ou área homoxénea correspondente.

d) As principais características físicas e técnicas da parcela ou área homoxénea correspondente.

e) A valoración da aptitude para o uso ou usos previstos da parcela ou área homoxénea correspondente.

3. Para a comprobación xeométrica terase en conta o establecido nos artigos 20 e 21 desta lei.

4. Os resultados da comprobación poderán tomarse, de ser o caso, como fundamento para o inicio do procedemento de declaración de predio en abandono ou infrautilización, de acordo co artigo artigo 43 e seguintes desta lei.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 89 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado vinte e un.

Artigo 90. Trámites previos á investigación da titularidade

O procedemento de investigación da titularidade dos predios incluídos no perímetro do polígono agroforestal levarase a cabo conforme o recollido no artigo 19, aínda que, con carácter previo, se levarán a cabo os trámites que a seguir se describen:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) A publicación do plano parcelario, elaborado segundo o recollido no artigo 89, na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e no taboleiro de edictos do concello ou concellos onde radique o polígono agroforestal por un prazo de vinte días hábiles.

b) A recollida por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dos datos persoais das persoas propietarias, ou dos seus representantes legais, das parcelas incluídas no perímetro do polígono agroforestal. Para tal efecto, procederase á consulta nos correspondentes rexistros da propiedade e dos datos catastrais dos predios comprendidos no perímetro do polígono agroforestal ou, de ser o caso, á achega polos interesados da declaración a que se refire o artigo 19.8 desta lei. Deberán obterse todos os datos relativos a quen posúe a parcela en concepto de dono, ás súas cargas e gravames e demais situacións xurídicas que eventualmente poidan afectarlles no referente á propiedade, posesión ou aproveitamento.

c) Recollidos os datos referidos na letra anterior, estes serán notificados ás persoas interesadas para que, no prazo de quince días hábiles, poidan presentar as alegacións pertinentes xunto coa documentación xustificativa dos seus dereitos, así como achegar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na documentación publicada.

Cando non se poida determinar a identidade das persoas titulares dos predios afectados, cando se ignore o lugar de notificación ou cando, intentada esta, non se poida practicar a notificación, esta farase por medio dun anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro edictal do concello, que conterá os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para a presentación de alegacións computarase desde o día seguinte á publicación do anuncio.

d) Unha vez estudadas as alegacións, a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ditará resolución co seguinte contido:

1º. Determinación da titularidade das parcelas, para os efectos da continuidade da tramitación do proxecto básico.

2º. De ser o caso, rectificación e complemento dos datos sobre a titularidade dos bens ou dereitos ou sobre as súas características materiais ou legais.

3º. De ser o caso, identificación das parcelas de titular ilocalizable e iniciación do procedemento de investigación sinalado no artigo 19 desta lei.

e) Contra esta resolución, que se notificará ás persoas titulares dos predios afectados, caberá recurso de alzada ante a persoa que exerza a presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cuxa resolución esgota a vía administrativa.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 90 nova redacción do título por artigo 26 apartado vinte e dous.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo modificado: Artigo 90 letra a) nova redacción por artigo 85 apartado oito.

Artigo 90 bis. Suposto especial de trámites previos á investigación da titularidade

Os trámites descritos no artigo 90 desta lei poderán ser substituídos pola información do plano parcelario das parcelas e da súa titularidade que conteña a resolución firme de aprobación das bases dunha concentración ou reestruturación parcelaria cuxo perímetro inclúa o polígono agroforestal, que se actualizarán nos casos en que sexa necesario.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Artigo 90 bis engadido por artigo 26 apartado vinte e tres.

Artigo 91. Exposición pública das actuacións

1. Unha vez finalizadas as actuacións recollidas nos artigos anteriores, a documentación resultante será exposta na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e no taboleiro edictal do concello ou concellos afectados polo polígono agroforestal para a súa consulta durante un prazo de vinte días hábiles, agás respecto das actuacións que xa fosen obxecto de exposición pública na tramitación do estudo de viabilidade, consonte o previsto no artigo 84.2, sempre que non variase o seu contido.

2. No Diario Oficial de Galicia publicarase un anuncio da dita exposición pública para os efectos de que calquera persoa interesada poida tomar coñecemento das actuacións.

3. Durante este prazo poderán levarse a cabo actuacións de difusión pública por parte de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural tales como reunións informativas, abertas a todas as persoas afectadas, para o cal se contará coa colaboración do concello ou concellos afectados polo polígono. Nestas actuacións de difusión pública presentaranse as principais características do polígono agroforestal.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 91 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado vinte e catro.

Artigo 92. Compromisos de adhesión

1. Ata o momento previo á elaboración da proposta de reestruturación, as persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, as titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles, poderán optar ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) Asinar compromisos de venda ao axente promotor produtivo ao prezo mínimo fixado ou, de ser o caso, permuta. Estes prezos deberán ser respectados ou, se é o caso, mellorados polo axente promotor que resulte elixido conforme o proceso de concorrencia establecido no artigo 97 desta lei.

b) Asinar compromisos de arrendamento ao axente promotor produtivo, por unha duración conforme a vida útil do proxecto, ao prezo mínimo fixado no artigo 84. Estes prezos deberán ser respectados ou, de ser o caso, mellorados polo axente promotor que resulte elixido conforme o proceso de concorrencia establecido no artigo 97 desta lei.

c) Manter ou pór en produción con carácter individual as terras conforme as orientacións determinadas para o proxecto e, dentro destas, as boas prácticas agroforestais recollidas na declaración de utilidade pública e interese social, co compromiso de mantemento destas polo tempo mínimo da vida útil do proxecto. No caso de incumprimento do compromiso, observarase o disposto no número 5 deste artigo.

2. Para os efectos previstos no número anterior, notificaráselles ás persoas propietarias dos predios incluídos no perímetro do polígono ou, de ser o caso, ás titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles, os prezos de transmisión ou arrendamentos mínimos, así como as orientacións de produción establecidas no proxecto, e serán requiridas para que procedan a optar por algunha das alternativas establecidas no punto anterior ou para manifestar a non adhesión ao proxecto.

3. En parcelas incluídas na Rede galega de espazos protexidos, farase efectivo o dereito de tanteo a favor da Administración, conforme recolle o artigo 32.c) da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e o artigo 40 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, ou normas que as substitúan.

4. A superficie que se integre no proxecto deberá representar un mínimo do 70 % do total da superficie das parcelas do perímetro do polígono. Para estes efectos, entenderase por superficie integrada no polígono a que derive da sinatura dos compromisos e da posta en produción, de acordo co indicado no número 1, así como a correspondente ás parcelas integradas transitoriamente no Banco de Terras e ás de propiedade pública xestionadas polo Banco de Terras que se integren no proxecto.

De non se alcanzar esa porcentaxe mínima, resolverase o arquivamento do procedemento de aprobación do proxecto por incumprimento dos seus requisitos básicos.

5. De existiren persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles, que non accedesen a optar individualmente por ningunha das opcións previstas no número 1, sempre que se acadase a superficie mínima prevista no número anterior, e tendo en conta as exclusións sinaladas no artigo 87 desta lei, entenderase que concorre a situación de infrautilización ou abandono para os efectos desta lei, e, unha vez declarada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, esta proporá á consellería competente en materia do medio rural a tramitación do procedemento de declaración do incumprimento da función social da propiedade establecido no número seguinte deste artigo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6. A consellería competente en materia do medio rural iniciará o procedemento notificando ás persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles, a intimación de que deben proceder a optar por calquera das opcións establecidas no número 1 deste artigo ou formular alegacións no prazo de quince días, coa advertencia expresa de que, no caso de que non se formule opción, se declarará o incumprimento da función social da propiedade coas consecuencias establecidas neste artigo. Se non se formula a opción referida, a Consellaría efectuará a declaración de incumprimento da función social da propiedade, o que comportará a existencia de causa de interese social para a integración no proxecto a través do arrendamento do predio polo Banco de Terras e a declaración da necesidade de ocupación dos bens e incorporación ao Banco de Terras para esta finalidade.

Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 92 apartado 1 letras a) e b) nova redacción por artigo 18 apartado dous.

Artigo 93. Reestruturación da propiedade de polígonos agroforestais

1. Á vista da información recollida segundo a metodoloxía desenvolvida nos artigos anteriores, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá elaborar unha proposta de reestruturación da propiedade do polígono agroforestal.

2. Na realización desta proposta de reestruturación da propiedade deberán terse en conta os seguintes criterios:

a) A proposta de redistribución levarase a cabo por superficies agrupadas por dereitos de uso, considerando como tales as pertencentes a calquera persoa titular, agás as incluídas nos compromisos de compra e arrendamento sinalados no artigo anterior, que serán consideradas como dunha única persoa titular e que serán posteriormente atribuídas ao axente promotor produtivo que resulte elixido no procedemento de concorrencia competitiva.

Para esta redistribución, sempre que sexa posible, seguirase o procedemento de permutas con modificación de estremas recollido no artigo 64, considerando a totalidade destas como permutas de especial interese agrario. Cando non sexa posible, e subsidiariamente, aplicaranse os correspondentes procedementos técnicos descritos no título II da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

b) A superficie mínima por titular de dereitos de uso será a determinada no artigo 49 desta lei. No caso de que non se acade esa superficie mínima, o Banco de Terras dará prioridade a eses predios para seren suplementados con terras por el xestionadas e, de non acadarse aínda a devandita superficie, agruparanse as terras correspondentes a dúas ou máis das persoas titulares.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Os predios incluídos nos compromisos para seren obxecto de venda agruparanse en parcelas de superficie superior á mínima regulada no estudo de viabilidade.

d) Os predios incluídos nos compromisos para seren obxecto de arrendamento localizaranse preferentemente de xeito que conformen lotes de parcelas arrendables de superficie superior á mínima regulada no estudo de viabilidade.

e) Os predios de titularidade do Banco de Terras de Galicia ou integrados transitoriamente neste serán, así mesmo, agrupados en lotes de parcelas arrendables e participarán no proxecto nas mesmas condicións económicas que as arrendadas por medio dos compromisos sinalados no artigo anterior.

f) De ser necesaria, a dedución de superficie para infraestruturas farase á custa das parcelas de titularidade do Banco de Terras e, de non seren suficientes, das de titularidade futura do axente promotor produtivo resultante da elección no proceso de concorrencia competitiva.

g) A proposta conterá, así mesmo, un anteproxecto das obras e instalacións que se van executar, desagregadas por unidades de obra, xunto cun orzamento estimado.

h) Poderase recoller na proposta de reestruturación o cambio de localización dos predios excluídos por razóns produtivas, de acordo co indicado no artigo 87 desta lei, sempre que supoña obxectivamente graves dificultades para a reordenación do polígono, xustificado por informe técnico do órgano xestor do Banco de Terras.

Os custos do cambio de localización, así como os das obras e instalacións necesarias, repercutiranse á custa do axente promotor produtivo adxudicatario. En todo caso garantirase para os seus titulares unha capacidade produtiva igual ou superior á de partida.

Non se levará a cabo este cambio de localización cando se trate de áreas de cultivos de singular interese agronómico ou ambiental ou, en todo caso, cando o traslado en iguais condicións sexa tecnicamente inviable. Nese caso deberanse incorporar dentro da proposta de reestruturación solucións alternativas que non impliquen o devandito desprazamento.

3. A proposta de redistribución notificarase a todos as persoas propietarias afectadas e a todas as titulares de dereitos reais sobre as parcelacificando os predios de substitución que lles asignarán e demais información sobre a dita proposta, para efectos de que poidan formular alegacións nun prazo de quince días hábiles para o seu exame polos servizos técnicos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

4. Mediante unha resolución da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobarase a proposta de reestruturación da propiedade xunto coa acta de reorganización da propiedade no polígono agroforestal.

A acta de reorganización da propiedade será obxecto de protocolización notarial e inmatriculación rexistral por instancia da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de conformidade coa lexislación estatal aplicable, e será título inscritible nos termos establecidos por esta.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Todo o anterior, sen prexuízo da aprobación por parte da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural das modificacións da acta de reorganización da propiedade a que dea lugar como consecuencia da rectificación de erros, execución de sentenzas ou recoñecementos de titularidade que procedan. Será documento abondo para a súa inscrición rexistral a acta de rectificación ou complementaria da de reorganización da propiedade, debidamente protocolizada notarialmente.

Así mesmo, resultarán aplicables os artigos 70 e 71 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, ou a norma que a substitúa.

5. No caso de que, tras a aprobación da acta de reorganización, a investigación da titularidade das parcelas dea como resultado a localización dalgún titular, este deberá optar ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por algún dos compromisos indicados no artigo 92 desta lei.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 93 apartado 4 nova redacción por artigo 85 apartado nove.

Artigo 94. Aprobación do proxecto básico

1. Unha vez rematadas as actuacións recollidas nos artigos anteriores e á vista dos seus resultados, a persoa que exerza a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elaborará a proposta de resolución de aprobación do proxecto básico de polígono agroforestal, que terá o contido que se recolle no artigo 86 desta lei.

2. Esta proposta de resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro edictal municipal e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e abrirase trámite de audiencia por un prazo de quince días hábiles para que as persoas interesadas formulen alegacións. Así mesmo, notificarase ás persoas propietarias ou titulares de dereitos de aproveitamento sobre parcelas incluídas no perímetro do polígono agroforestal.

3. Á vista das alegacións presentadas, a persoa que exerza a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural proporá á súa presidencia a aprobación do proxecto básico do polígono agroforestal.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 94 apartado 3 nova redacción por artigo 26 apartado vinte e cinco.

Artigo 95. Pregos de condicións e criterios de avaliación

1. Os pregos de condicións administrativas e técnicas particulares que aprobe a presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural establecerán:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) O procedemento de concorrencia.

b) Os requisitos de participación.

c) Os criterios de solvencia económica, técnica e profesional, e as obrigas dos participantes e adxudicatarios.

d) Os criterios de avaliación e as súas puntuacións relativas, en función das características específicas de cada proxecto.

e) A constitución de garantías, na forma e contía que determinen, dirixidas a asegurar o mantemento da proposta presentada.

f) Aqueloutras prescricións que se estimen convenientes relativas ao desenvolvemento do polígono, incluídas as condicións relativas á correcta execución das obras do polígono, ao cumprimento da proposta presentada e, en xeral, ao cumprimento do resto das obrigas establecidas nesta lei.

2. Os criterios de selección deberán ponderar, de ser o caso, e entre outros, os seguintes aspectos:

a) O prezo ofertado de arrendamento e de venda por unidade de superficie e tipoloxía dos terreos, que será, como mínimo, igual ao dos compromisos asinados ou, de ser o caso, á posibilidade de permuta.

b) En especial, a aplicación das medidas de acceso á terra recollidas no artigo 38 desta lei.

c) No caso da licitación por lotes recollida no artigo 68.2.b) desta lei, poderase outorgar preferencia nos pregos, no número de lotes e baixo a forma que neles se determine, a iniciativas destinadas especificamente ao acceso á terra agroforestal das mulleres que sofren violencia de xénero, ás persoas desempregadas de longa duración ou maiores de 45 anos e á integración social de persoas en risco de exclusión social.

d) A presentación de propostas que tendan a incrementar a capacidade produtiva e as economías de escala de produtores xa implantados na zona de influencia do polígono, de acordo co descrito nos pregos, co obxecto de promover a cohesión social e a fixación de poboación e actividades no territorio.

e) O incremento da base territorial necesaria para unha acaída orientación da actividade das explotacións agroforestais existentes con viabilidade económica acreditada.

f) As propostas que favorezan o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal e que promovan o papel da muller ou a incorporación de persoas mozas ás explotacións.

g) O carácter innovador do aproveitamento produtivo proposto, así como a implantación de métodos de produción sustentables.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

h) As propostas realizadas por cooperativas, sociedades agrarias de transformación ou outras entidades da economía social.

i) A proposta realizada polas persoas propietarias ou titulares dos dereitos de usos ou aproveitamentos de parcelas que supoñen un mínimo do 70 % da superficie incluída no perímetro do polígono, particularmente no caso de que leven a cabo unha actuación de xestión conxunta.

j) O compromiso de residencia do axente promotor produtivo no concello ou concellos do polígono ou en concellos limítrofes.

Artigo 96. Aprobación do polígono agroforestal

1. A resolución de aprobación do polígono agroforestal por parte da persoa que exerza a presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural comportará a aprobación dos pregos de condicións da concorrencia competitiva e a constitución formal do polígono agroforestal.

2. Na resolución expresarase o réxime xurídico aplicable e as potestades que, de acordo co disposto nesta lei, lle corresponden á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no marco do servizo público prestado polo Banco de Terras de Galicia, e as súas finalidades públicas de recuperación das terras abandonadas.

3. A resolución de aprobación, que esgotará a vía administrativa, notificarase aos interesados no procedemento e publicarase no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 97. Procedemento de concorrencia das propostas de actuación nos polígonos agroforestais de iniciativa pública

1. A partir do día seguinte á data de publicación da resolución de aprobación do polígono agroforestal no Diario Oficial de Galicia será aberto un prazo de presentación de propostas de quince días hábiles por parte dos axentes promotores produtivos interesados no polígono agroforestal, conforme o contido dos pregos de condicións administrativas e técnicas particulares aprobados.

2. Transcorrido o prazo de presentación de propostas sen que se presentasen estas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá optar por declarar aberto un novo prazo de presentación ou por asumir a xestión directa dos lotes de parcelas para os cales non haxa propostas.

As propostas presentadas dentro do prazo indicado no parágrafo segundo serán admitidas atendendo á súa prioridade temporal, sempre que cumpran os requisitos de admisión establecidos no prego de condicións administrativas.

No caso de que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural optar por asumir a xestión directa deses lotes do polígono, esta arrendará ou comprará as parcelas para a súa posterior

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

posta en produción ou incorporación ao Banco de Terras para o seu arrendamento a terceiras persoas. Esta xestión directa tamén poderá levarse a cabo mediante a constitución dun espazo agrario de experimentación coas mesmas características que as reguladas no capítulo III do título VI para a declaración destes espazos en aldeas modelo.

No suposto de que transcorrese o prazo de dous anos desde a data de publicación da resolución de aprobación do polígono agroforestal no Diario Oficial de Galicia sen que se presentasen propostas e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural non asumise a xestión directa do polígono declararase a finalización do procedemento e a extinción do polígono agroforestal, e as persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, as titulares das facultades de uso ou aproveitamento sobre aqueles quedarán liberadas dos compromisos asumidos.

3. A presentación das propostas suporá a aceptación incondicionada dos pregos de condicións, así como das condicións do proxecto básico de polígono agroforestal. En particular, suporá o compromiso de arrendar ou comprar a totalidade dos predios ou, de ser o caso, dun dos lotes, recollidos nos compromisos asinados conforme o establecido no artigo 92 desta lei, así como dos de titularidade do Banco de Terras que este poña á disposición do polígono, aos prezos formulados na súa proposta. No caso das parcelas obxecto do procedemento a que se refire o artigo 92.6 desta lei, a presentación das propostas suporá o compromiso de arrendar os predios ao Banco de Terras polo xusto prezo determinado ou que se determine definitivamente ou, de ser o caso, polo ofertado polo adxudicatario se este for superior.

Así mesmo, implica o compromiso de constituír unha garantía, na forma e contía que se determine nos pregos de condicións, que garanta o mantemento da proposta presentada polo importe que se recolla no prego de condicións administrativas, así como o compromiso de cumprir coa obriga de facerse cargo dos custos previos que nel se detallen.

4. Unha vez transcorrido o prazo de presentación, procederase ao exame e á valoración das propostas presentadas polos servizos técnicos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural mediante a aplicación dos criterios de avaliación sinalados no correspondente prego de condicións administrativas. Realizada a valoración, emitirase un informe técnico xunto cunha proposta de adxudicación que será elevada á dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para resolver.

5. A resolución da persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural sobre o axente ou axentes promotores produtivos que resultaren adxudicatarios será notificada á totalidade das persoas solicitantes, xunto co resultado da aplicación dos criterios de avaliación.

Contra a dita resolución caberá recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cuxa resolución esgotará a vía administrativa.

6. Unha vez resolta a adxudicación darase un prazo de dez días hábiles para que os axentes adxudicatarios acheguen a documentación xustificativa requirida no prego. No caso de incumprimento deste requisito por parte dalgún dos axentes adxudicatarios procederase ou

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

ben á adxudicación á seguinte mellor proposta ou a declarar deserto o procedemento, o que deberá ser debidamente xustificado por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 97 apartados 2 nova redacción por artigo 22 apartado catro.

Artigo 98. Control do acaparamento

Para facilitar a participación dos axentes locais e dos colectivos vulnerables na xestión total ou parcial dos polígonos agroforestais e impedir o acaparamento de terras nos polígonos agroforestais, ademais das medidas sinaladas nos artigos anteriores, levaranse a cabo as seguintes actuacións específicas:

a) Limitación da porcentaxe de propiedade dun mesmo axente promotor dentro do conxunto de polígonos, tanto de iniciativa pública como privada, desenvolvidos de acordo con esta lei. Esta porcentaxe non poderá superar o 10 % da superficie total a partir de que existan máis de dez proxectos executados ou en execución, e operará sempre que o mesmo axente promotor participe en máis de tres polígonos.

b) Calquera cambio de titularidade en todo ou en parte da participación dun axente promotor nun proxecto, en calquera momento da súa vida útil, deberá ser autorizado previamente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo da comprobación do cumprimento do requisito establecido na letra anterior e tendo en conta o seguinte:

1º. No caso de que o axente promotor sexa unha persoa xurídica e se extinga a súa personalidade xurídica por absorción ou fusión, continuará o proxecto coa entidade absorbente ou que resulte da fusión. O mesmo se aplicará nos supostos de escisión ou transmisión de empresas ou ramas de actividade destas, en favor da entidade que pase a asumir a rama de actividade á que estea afecto o proxecto.

2º. A subrogación terá que ser solicitada á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola persoa interesada na transmisión do proxecto, acreditando o suposto que a motiva, así como o mantemento das condicións impostas, e autorizada expresamente por resolución da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo de informe do órgano competente.

3º. En calquera caso, a nova persoa participante no proxecto deberá acreditar unha capacidade técnica e profesional equivalente á do anterior titular.

4º. A falta de resolución expresa da solicitude de autorización de transmisión da titularidade da participación do proxecto no prazo de seis meses terá efectos desestimatorios.

Artigo 99. Redacción do proxecto técnico de execución de obras

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. O proxecto técnico de execución de obras necesarias, con base no contido do proxecto básico que se sinala no artigo 86 desta lei será, na súa redacción, responsabilidade dos axentes promotores do polígono. O proxecto técnico incluirá os seguintes contidos:

a) As actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a execución do polígono agroforestal, segundo o descrito no apartado 2 do artigo 60 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

b) As restantes obras e instalacións, con exclusión das edificacións, así como as operacións agronómicas necesarias para a posta en produción do polígono conforme as boas prácticas agroforestais.

c) O contido dos pregos de condicións técnicas e, de ser o caso, as propostas de mellora recollidas na oferta.

2. Cando o proxecto técnico de execución de obras polas súas afeccións requira a tramitación de varios procedementos administrativos de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma, incluídos os ambientais, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizará de forma simultánea a petición de todos os informes ás administracións e aos órganos sectoriais afectados. Os pronunciamentos contidos nos informes sectoriais recadados no procedemento de aprobación do proxecto básico conservarán a súa validez, sempre que se manteñan as circunstancias que os motivaron, polo que non resultará precisa unha nova tramitación sectorial.

3. Darase traslado do proxecto técnico de execución de obras ao concello para efectos de que informe no prazo dun mes sobre a súa adecuación á ordenación urbanística vixente e, de ser o caso, sobre as correccións que haxa que efectuar de acordo coa indicada ordenación, que deberán ser introducidas polo axente promotor no proxecto.

4. O proxecto someterase á aprobación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que, en caso de atopar deficiencias, sinalará estas e dará un prazo de quince días para a súa corrección.

5. A execución das obras e instalacións descritas na letra a) do número 1 deste artigo non requirirá de título habilitante urbanístico. O resto das obras e instalacións seguirán a tramitación establecida na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sen que sexan aplicables as distancias mínimas a vivendas e asentamentos de poboación exixidas no artigo 39.g) da devandita lei para as novas explotacións gandeiras con base territorial. Poderá reducirse xustificadamente esa distancia en función das características de cada polígono.

Artigo 100. Actuacións de posta en marcha do polígono agroforestal

A posta en marcha do polígono agroforestal comprenderá as seguintes actuacións:

a) A execución dos compromisos previos de arrendamento, permuta ou compravenda baixo as seguintes especificidades:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1º. No caso de arrendamentos, as persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento incorporarán as parcelas ao Banco de Terras de Galicia nos termos previstos nesta lei, e asinaranse, nun prazo non superior a quince días hábiles desde a incorporación, os contratos de arrendamento nas condicións fixadas.

No caso das parcelas obxecto do procedemento a que se refire o artigo 92.6 desta lei, estas serán arrendadas polo Banco de Terras, establecendo como prezo do arrendamento o prezo xusto aceptado polo titular ou o determinado polo Xurado de Expropiación de Galicia, ou, de ser o caso, o ofertado polo adxudicatario, se este for superior. No caso de que aínda non estiver determinado o prezo xusto en vía administrativa, non se procederá ao arrendamento e ocupación da parcela sen consentimento do seu titular.

2º. No caso de compravenda, os contratos asinaranse nun prazo non superior a trinta días desde a notificación da resolución de adxudicación.

3º. No caso de permuta, os contratos asinaranse nun prazo non superior a trinta días desde a notificación da resolución de adxudicación.

b) A execución das obras sinaladas no artigo 99, que correrán a cargo das persoas promotoras. Caso de se tratar de varios axentes, os custos distribuiranse de maneira proporcional á superficie ocupada por cada un deles. Os casos sinalados no número 3 do artigo 67 e na letra c) do número 2 do artigo 95 poderán ser financiados, total ou parcialmente, pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de acordo coas previsións do título VII.

En todos os casos a dirección facultativa das obras e a coordinación de seguridade e saúde serán levadas a cabo por técnicos competentes. Deberá darse traslado á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co fin de que verifique os requisitos mínimos de solvencia técnica previamente establecidos.

De ter que realizarse obras da rede viaria, instalacións comúns a todas as parcelas ou labores de acondicionamento e mellora dos terreos obxecto de compravenda, arrendamento ou permuta, a execución deses labores poderá correr a cargo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, sempre por motivos de interese público ou social, de acordo co establecido no título VII.

As obras sinaladas no proxecto de execución iniciaranse nun período non superior a tres meses desde a aprobación do proxecto, agás que se solicite, cunha antelación mínima de quince días á data límite de inicio, unha prórroga por causas extraordinarias e non imputables ás persoas promotoras, que deberá ser aprobada pola dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

As obras serán executadas pola persoa ou persoas promotoras e á súa custa, sen prexuízo, de ser o caso, da posibilidade de apoio ou da percepción de financiamento público nas condicións que se dispoñan de acordo con esta lei ou na normativa aplicable.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) O levantamento topográfico final e a implantación das parcelas resultantes da reestruturación, notificación ao catastro e inscrición no rexistro da propiedade. Todas estas actuacións serán levadas a cabo pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. A inscrición rexistral poderá ser financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de acordo co establecido no título VII desta lei.

O axente promotor produtivo poderá facer uso das parcelas orixinais sobre as que teña efectuado os compromisos de compra, arrendamento ou permuta antes de que se executen as obras e o procedemento de reestruturación parcelaria.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 100 apartados b) e c) nova redacción por artigo 26 apartados vinte e sei,, e vinte e sete.

Artigo 101. Finalización do polígono agroforestal

1. Un polígono agroforestal darase por finalizado cando se alcance o fin da vida útil do proxecto ou se produzan graves incumprimentos ou abandono da actividade por parte do axente promotor produtivo.

2. No caso de finalización da vida útil antes dun ano da data final, os axentes promotores produtivos poderán presentar ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural unha solicitude de prórroga do polígono agroforestal. Esta prórroga poderá concederse nos termos establecidos nos pregos de condicións, sempre que se renoven os compromisos de adhesión correspondentes a unha porcentaxe mínima do 70 % da superficie das terras incluídas no perímetro do polígono agroforestal e se actualicen os prezos de referencia.

3. No caso de finalización por incumprimento ou abandono dos axentes promotores produtivos, independentemente da execución das garantías, reclamación de danos e inicio do correspondente procedemento sancionador, de existir vontade das persoas propietarias, poderase optar polo inicio dun novo procedemento de selección, de conformidade co artigo 97.

Sección 2ª. Procedemento de aprobación dos polígonos cortalumes.

Artigo 102. Procedemento de aprobación dos polígonos cortalumes

1. Os polígonos cortalumes son un tipo específico de polígono agroforestal de iniciativa pública caracterizado pola súa aplicación exclusiva nas áreas cortalumes, que xustifican a delimitación do seu perímetro con base na minimización da probabilidade de expansión dos incendios e da superficie afectada.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Os polígonos cortalumes rexeranse polo disposto na sección 1ª deste capítulo coas seguintes especificidades:

a) O inicio do procedemento para a aprobación dos polígonos cortalumes efectuarao a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de oficio, logo da delimitación das áreas cortalumes por parte dos servizos técnicos da consellaría competente en materia forestal.

b) O estudo de viabilidade do polígono cortalumes poderá exceptuar o requisito do estado de abandono ou infrautilización non inferior ao 50 % da súa superficie, cando así se xustifique por razóns de prevención de incendios e mediante informe da dirección xeral competente en materia de defensa do monte.

c) O proxecto de polígono cortalumes será elaborado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e terá os contidos establecidos para o proxecto básico e o proxecto técnico de execución de obras.

d) Dado o seu obxectivo fundamental de prevención de incendios, non se exixirá o cumprimento do requisito establecido no número 1 do artigo 68 e na letra e) do número 1 do artigo 86.

e) O procedemento de concorrencia terá as seguintes particularidades:

1º. A partir do día seguinte á data de publicación da resolución de aprobación do proxecto de polígono cortalumes no Diario Oficial de Galicia abrirase un prazo de presentación de propostas de quince días hábiles por parte dos axentes promotores produtivos interesados no polígono conforme o contido do prego de condicións administrativas e técnicas particulares.

2º. Caso de non se producir ningunha solicitude válida, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá declarar aberto un novo prazo de presentación de propostas de tres meses, de forma que o proxecto de polígono será adxudicado ao primeiro axente promotor produtivo que durante este prazo faga unha solicitude que se axuste aos requisitos exixidos nesta lei.

3º. Se, unha vez transcorrido o prazo indicado no número anterior, non se presentou ningunha solicitude válida, o polígono poderá ser obxecto de desenvolvemento directo ou indirecto por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que asumirá os compromisos do axente promotor produtivo.

Sección 3ª. Procedemento de aprobación de polígonos agroforestais de iniciativa privada.

Artigo 103. Inicio do procedemento de aprobación para o desenvolvemento dos polígonos agroforestais de iniciativa privada

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. O inicio do procedemento para a aprobación dos polígonos agroforestais de iniciativa privada poderao efectuar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por proposta de un ou varios axentes promotores produtivos interesados.

2. As solicitudes dos axentes promotores produtivos que pretendan o inicio do procedemento de aprobación dun polígono agroforestal presentaranse ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e deberán cumprir, ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os seguintes requisitos:

a) A identificción do perímetro e dos obxectivos do polígono agroforestal proposto, expresando os cultivos ou aproveitamentos produtivos e as súas características técnicas.

b) A achega da documentación que acredite o acordo das persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento que supoñan un mínimo do 70 % do total da superficie incluída dentro do perímetro do polígono agroforestal.

c) A acreditación da dispoñibilidade dos medios persoais e técnicos precisos para a execución do polígono agroforestal.

d) A achega dun plan de negocio do proxecto produtivo de polígono agroforestal que acredite a súa viabilidade económica e técnica e, en particular, as súas fontes de financiamento e as garantías económico-financeiras que sexan precisas para a súa execución.

e) De ser o caso, a achega dun documento ambiental, que deberá incluír os contidos regulados na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

3. Os requisitos recollidos nas letras c) e d) do número anterior entenderanse cumpridos no caso de que o axente promotor produtivo solicitante sexa unha explotación inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia cunha antigüidade mínima de tres anos ou conte cun plan de viabilidade aprobado pola Administración autonómica, un titular inscrito no Rexistro Voluntario de Silvicultores Activos ou un titular dun terreo forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados, cunha antigüidade mínima de tres anos.

4. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá solicitar a emenda, mellora e aclaración da solicitude, e, de ser o caso, a mellora dos medios persoais e técnicos e das garantías económico-financeiras, así como a modificación do ámbito da actuación, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 104. Informe de viabilidade

1. Á vista da solicitude presentada polo axente promotor produtivo, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural examinará a documentación presentada e valorará a viabilidade do polígono agroforestal e o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Elaborarase, por parte dos servizos técnicos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, un informe de viabilidade que analice o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A fixación do perímetro: o estudo recollerá o perímetro proposto de actuación conforme a definición deste recollida no artigo 4. A superficie mínima será de 10 hectáreas, ben que poderán levarse a cabo polígonos para perímetros de menor superficie, de existiren circunstancias de índole ambiental, agroforestal ou socioeconómica que así o xustifiquen, debidamente acreditadas, especialmente cando contribúan a reforzar a base territorial das explotacións existentes.

b) A determinación do grao de abandono: comprobarase que no interior do perímetro exista unha situación produtiva que permita presumir un estado de abandono ou infrautilización non inferior ao 50 % da súa superficie, segundo o disposto na número 2 do artigo 68 desta lei e sen prexuízo da resolución que se dite tras a apertura dos correspondentes procedementos regulados nela.

c) O control do acaparamento, de acordo co establecido no artigo 98 desta lei.

3. Unha vez analizada a documentación achegada coa solicitude e rematado o informe sinalado no número anterior, darase trámite de audiencia ás persoas interesadas, de acordo co disposto no artigo 82 de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A resolución, de forma motivada, estimará ou desestimará a solicitude de inicio de procedemento, de acordo coa valoración da súa viabilidade a que se refire o número 2 deste artigo. A dita resolución deberá ditarse e notificarse dentro do prazo de seis meses desde a presentación da solicitude. No caso de que a resolución non se dite e notifique no indicado prazo, as persoas interesadas poderán considerar desestimadas as súa solicitudes para os efectos da interposición dos recursos procedentes.

Artigo 105. Declaración de utilidade pública e interese social

O recoñecemento da viabilidade determinará que a persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural propoña á persoa titular da consellaría competente en materia do medio rural que eleve ao Consello da Xunta de Galicia a declaración de utilidade pública e interese social do proxecto de polígono agroforestal, segundo o regulado no artigo 85 desta lei. A dita declaración formalizarase mediante decreto do Consello da Xunta.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 105 nova redacción por artigo 26 apartado vinte e oito.

Artigo 106. Redacción do proxecto de polígono agroforestal declarado de utilidade pública e interese social

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. O axente promotor produtivo deberá redactar e presentar ao seu cargo o proxecto de polígono agroforestal no prazo que se sinale na resolución de inicio do procedemento de aprobación do polígono agroforestal da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o cal incluirá os contidos do proxecto básico e do proxecto técnico de execución de obras regulados nos artigos 86 e 99 desta lei, que comprenden os seguintes puntos:

a) O perímetro, o catálogo parcial, o documento ambiental e os prezos e superficies mínimas. Na determinación dos prezos aplicarase o disposto na letra e) do artigo 84.1.

b) A revisión do parcelario afectado e a determinación de parcelas en abandono ou infrautilización.

c) A delimitación de exclusións de carácter produtivo, ambiental, paisaxístico e patrimonial.

d) A investigación da titularidade das parcelas.

e) Os compromisos de adhesión ao proxecto, que deberán supor unha porcentaxe mínima do 70 % da superficie das terras incluídas no perímetro do polígono agroforestal.

f) A proposta de reestruturación da propiedade, nos termos regulados para os polígonos de iniciativa pública no artigo 93 desta lei.

g) O proxecto técnico de execución de obras, tramitado segundo o disposto no artigo 99 desta lei.

2. O axente promotor produtivo deberá solicitar, a través de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, os informes sectoriais ou o inicio do procedemento de avaliación ambiental que, de ser o caso, corresponda.

3. Para os efectos da redacción do proxecto, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizará unha comprobación sobre o terreo da precisión do parcelario nos termos regulados no artigo 20 desta lei, así como, de ser o caso, a investigación da titularidade das parcelas afectas ao proxecto de polígono agroforestal, de acordo co artigo 90 desta lei.

Artigo 107. Exposición pública das actuacións

1. Unha vez finalizadas as actuacións recollidas no artigo anterior, a documentación resultante será exposta na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e no taboleiro edictal do concello ou concellos afectados polo polígono agroforestal para a súa consulta durante un prazo de vinte días hábiles.

2. Así mesmo, notificarase ás persoas propietarias ou titulares de dereitos de aproveitamento de terreos agroforestais a existencia do trámite de exposición pública, para os efectos de que poidan tomar coñecemento das actuacións.

Artigo 108. Compromisos de adhesión

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Ata o momento previo á elaboración da proposta de reestruturación, o axente ou axentes promotores produtivos, de conformidade co procedemento establecido no número 2 do artigo 92 desta lei, deberán presentar ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural compromisos de adhesión, que inclúen os terreos para os cales o axente promotor produtivo posúa previamente dereitos de uso e aproveitamento, relativos a:

a) Venda ou, de ser o caso, permutas.

b) Arrendamento, por unha duración conforme coa vida útil do proxecto.

c) Mantemento e posta en produción das terras conforme as orientacións determinadas no proxecto, co compromiso do seu mantemento polo tempo mínimo da vida útil do proxecto.

2. De existiren persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles, que non accedesen a optar individualmente por ningunha das opcións previstas no número anterior, e tendo en conta as exclusións sinaladas no artigo 87 desta lei, entenderase que concorre a situación de infrautilización ou abandono para os efectos desta lei, e, unha vez declarada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, esta proporá á consellaría competente en materia do medio rural a tramitación do procedemento de declaración do incumprimento da función social da propiedade establecido no artigo 92.6 desta lei.

Artigo 109. Aprobación do proxecto de polígono agroforestal

1. Unha vez rematadas as actuacións citadas anteriormente e á vista dos seus resultados, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural deberá supervisar os contidos do proxecto, con especial atención aos prezos e superficies mínimas fixados, así como á ordenación de usos proposta.

2. Unha vez verificados os contidos do proxecto, a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá ditar proposta de resolución da aprobación do proxecto de polígono agroforestal.

3. A proposta de resolución de aprobación do proxecto de polígono anunciarase no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro edictal municipal e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, así como se notificará esta ao axente ou axentes promotores produtivos.

A partir da publicación e notificacións sinaladas, os axentes interesados no polígono disporán dun prazo de dez días para formular as correspondentes alegacións sobre o proxecto.

4. Finalizado o prazo de audiencia previsto no número anterior, a persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural proporá, se é o caso, á súa presidencia a aprobación do polígono agroforestal.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

5. A resolución de aprobación publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Axencia. Así mesmo, a aprobación suporá a publicación do proxecto na web da Axencia.

6. A posta en marcha do polígono agroforestal levarase a cabo de acordo coas regras xerais previstas no capítulo I deste título.

CAPÍTULO II Procedemento de aprobación de aldeas modelo

Artigo 110. Ámbito do procedemento

1. O procedemento regulado na sección 1ª deste capítulo aplicarase no ámbito do solo rústico dentro do perímetro da aldea modelo, tal e como se define no artigo 4 desta lei. Este ámbito será obxecto dun proxecto de ordenación produtiva, que delimitará un perímetro de actuación integral que poderá abranguer terreos que non se inclúan no dito proxecto por estaren xa en explotación ou parcelas que foron excluídas voluntariamente polas persoas titulares.

2. O ámbito clasificado como solo de núcleo rural dentro do perímetro da aldea modelo poderá ser obxecto, total ou parcialmente, dun plan de dinamización nos termos regulados na sección 2ª deste capítulo.

Sección 1ª. Procedemento específico de declaración, aprobación e execución de aldeas modelo

Artigo 111. Solicitude de declaración de aldeas modelo

1. Os concellos interesados na declaración dunha aldea modelo no seu termo municipal deberán presentar unha solicitude acompañada dunha proposta de perímetro e da documentación xustificativa dos seguintes requisitos:

a) Que o concello xustifique que dispón do acordo das persoas titulares dos dereitos de aproveitamento que alcancen o mínimo do 70 % da superficie do perímetro proposto da aldea modelo.

Coa solicitude, os concellos presentarán unha relación de persoas titulares de dereitos de aproveitamento das parcelas incluídas dentro da proposta de perímetro de aldea modelo, con indicación, respectivamente, daquelas para as que se dispón de autorización, daquelas que non foi posible localizar e das que rexeitaron a súa inclusión. As autorizacións irán acompañadas dunha declaración responsable, que terá a consideración de acreditativa de titularidade nos termos establecidos no artigo 19.8 desta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

No caso das parcelas incluídas no perímetro da aldea modelo para as que resulte imposible identificar as persoas propietarias, con respecto, en todo caso, dos dereitos dos posibles titulares, aplicarase o procedemento de investigación de titularidade das parcelas, de conformidade co disposto no artigo 19 desta lei.

As persoas titulares dos dereitos de aproveitamento sobre parcelas incluídas no perímetro proposto con facultades para arrendalas conforme a lexislación civil e que voluntariamente acorden adherirse a unha aldea modelo deberán asumir o permiso de entrada nelas para a realización das actuacións preparatorias necesarias para materializar a cesión e incluír adicionalmente un compromiso de incorporación das ditas parcelas ao Banco de Terras para a súa cesión por un período mínimo de dez anos, que por causas técnicas xustificadas poderá ser reducido a cinco, a partir do momento en que exista, de ser o caso, unha proposta seleccionada no proceso de concorrencia competitiva.

A cesión realizarase mediante a sinatura dun modelo normalizado aprobado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no que se declare a firmeza dos compromisos asumidos, incluído o da formalización, por parte das referidas persoas titulares de dereitos de aproveitamento, dos contratos de arrendamento coas persoas arrendatarias nas condicións que resulten de aplicar o correspondente proxecto de ordenación produtiva e do resultado do procedemento de concorrencia para a selección das persoas arrendatarias previsto nesta lei.

No caso de incumprimento do devandito compromiso, a persoa titular do predio deberá reembolsar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural os custos derivados das actuacións preparatorias sinaladas anteriormente.

As parcelas adheridas ao proxecto de aldea modelo que xa estean en produción na data de declaración da aldea quedarán eximidas dos devanditos compromisos de incorporación ao Banco de Terras e arrendamento. Así mesmo, quedarán eximidas destes compromisos as parcelas adheridas ao proxecto de aldea modelo que non poidan ser postas en produción por afeccións ambientais, paisaxísticas ou de patrimonio cultural ou nas que existan edificacións non relacionadas coa actividade agroforestal.

b) Que o concello estea adherido ao Sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias definido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

c) Que existe grave situación de abandono nun mínimo do 50 % do perímetro proposto, o que se acreditará mediante informe do órgano xestor do Banco de Terras.

d) Que as terras incluídas no perímetro proposto posúan maioritariamente boas características produtivas, o que se acreditará mediante informe do órgano xestor do Banco de Terras.

2. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta da persoa titular da súa dirección xeral, atendendo á solicitude do concello interesado e unha vez incorporado ao expediente o informe favorable do órgano xestor do Banco de Terras de

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Galicia sobre a concorrencia dos requisitos expostos no punto anterior, declarará a aldea modelo.

3. O número de procedementos abertos de declaración de aldeas modelo adecuarase aos medios humanos e materiais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e poderanse priorizar as actuacións por resolución motivada da persoa titular da súa dirección, con base nas características das solicitudes referidas ao cumprimento dos requisitos do número 1 deste artigo.

4. Regulamentariamente poderán recollerse outros requisitos que se deberán cumprir para a declaración de aldea modelo.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 111 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartados vinte e nove, trinta e trinta e un.

Artigo 112. Declaración de utilidade pública e interese social

1. Por proposta da persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a persoa titular da consellaría competente en materia de medio rural elevará ao Consello da Xunta de Galicia a declaración de utilidade pública e interese social da aldea modelo. Esta declaración formalizarase mediante decreto do Consello da Xunta.

2. Na declaración de utilidade pública e interese social incluiranse:

a) A delimitación do perímetro da aldea modelo, tal como se define no artigo 4 desta lei. Esta delimitación poderá modificarse durante a execución dos proxectos cando circunstancias de índole agroforestal, ambiental ou socioeconómica así o aconsellen, e será precisa resolución motivada da persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta da persoa titular da dirección.

b) A autorización para a redacción do proxecto de ordenación produtiva.

c) A autorización para a execución dos procedementos de investigación da titularidade e declaración de abandono.

3. A declaración de utilidade pública e interese social implicará o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento e aos informes ambientais e sectoriais polos órganos autonómicos e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A declaración de utilidade pública e interese social, co contido sinalado no número 2 deste artigo, así como a propia declaración da aldea modelo, publicaranse no Diario Oficial de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 112 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e dous.

Artigo 113. Proxecto de ordenación produtiva

1. Unha vez declarada a utilidade pública e o interese social da aldea modelo, procederase á incorporación das parcelas ao Banco de Terras de Galicia e a persoa titular da dirección da Axencia acordará o inicio dos trámites necesarios para a redacción do proxecto de ordenación produtiva e autorizará as operacións de limpeza para as parcelas que asuman o compromiso de adhesión ao Banco de Terras. O ámbito da zona de actuación definirase por un perímetro de actuación integral, que poderá abranguer terreos que non se inclúan no proxecto de ordenación produtiva da aldea modelo por estaren xa en explotación ou parcelas que foron excluídas voluntariamente polas persoas titulares. En calquera caso, as parcelas excluídas deberán cumprir cos requisitos de limpeza e mantemento recollidos nesta lei, sen prexuízo, se é o caso, da aplicación do procedemento de declaración de abandono.

2. Os proxectos de ordenación produtiva configúranse como un documento técnico no que se delimitarán os usos produtivos máis idóneos para a explotación das parcelas incluídas na aldea modelo e serán elaborarados por persoal técnico competente en materia agrogandeira ou forestal da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co seguinte contido mínimo:

a) A delimitación do perímetro.

b) A relación das parcelas incluídas no perímetro, das parcelas excluídas e das súas causas de exclusión, así como a relación das parcelas cuxas persoas titulares non foi posible localizar, de acordo coa certificación do concello.

c) Un estudo técnico que terá a consideración de catálogo parcial, segundo o disposto no artigo 31 desta lei, no que se determinen aqueles cultivos ou aproveitamentos para os que exista unha maior aptitude, tecnicamente xustificada, desde o punto de vista económico, técnico, social e ambiental, na totalidade ou nunha parte do perímetro, que serán considerados como preferentes, e aqueloutros que, sen presentaren as anteriores características, non impliquen danos de carácter social ou ambiental, que serán considerados secundarios.

d) O parcelario interior, xunto coa aptitude ou aptitudes produtivas de cada parcela, e a relación de parcelas afectadas.

e) Os prazos de arrendamento para todos os grupos de cultivos ou aproveitamentos, con indicación expresa daqueles para os que, por razóns técnicas, sexa necesaria a ampliación do período mínimo de dez anos.

f) A descrición das obras e infraestruturas necesarias para a posta en produción das actividades que se vaian desenvolver na aldea modelo, sen prexuízo da súa posterior

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

concreción na convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a presentación de propostas de aproveitamento das parcelas incorporadas á aldea modelo.

g) Os prezos mínimos de arrendamento que resulten aplicables ás parcelas sobre as que existe un compromiso de incorporación ao Banco de Terras para a súa cesión ulterior en arrendamento. Estes prezos determinaranse de acordo co sinalado no artigo 53.

3. Unha vez acordado o inicio da redacción do proxecto de ordenación produtiva, a persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural solicitará a emisión de informe por parte daqueles órganos sectoriais cuxas competencias se vexan afectadas, pondo de manifesto a existencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 113 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e tres.

Artigo 114. Tramitación ambiental

1. O borrador do proxecto de ordenación produtiva, tendo en conta o seu ámbito e características, poderá estar suxeito a avaliación ambiental. Neste caso, seguirase o procedemento de tramitación establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou normativa básica estatal que a substitúa.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural garantirá que os trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas no procedemento de avaliación ambiental se realicen de xeito simultáneo aos trámites análogos que, de ser o caso, deban practicarse no procedemento substantivo de adopción, aprobación ou autorización do proxecto de ordenación produtiva.

Artigo 115. Aprobación do proxecto de ordenación produtiva

1. Salvo nos supostos en que o proxecto de ordenación produtiva se encontre sometido ao procedemento de avaliación ambiental, os borradores de proxectos de ordenación produtiva someteranse a un trámite de información pública por un prazo dun mes desde a publicación do anuncio do dito trámite no Diario Oficial de Galicia. O anuncio remitirase aos concellos solicitantes, que o publicarán tamén no taboleiro edictal dos concellos onde estea situada a aldea modelo. Igualmente, o citado anuncio figurará na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, onde estará dispoñible toda a documentación.

2. Concluída a tramitación da avaliación ambiental, nos casos en que sexa preceptiva, ou finalizado o trámite de información pública regulado no número anterior nos restantes supostos, avaliaranse todas aquelas alegacións presentadas, e incorporaranse, de ser o caso, as modificacións procedentes no contido do proxecto de ordenación produtiva.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, concluída a tramitación anterior e por proposta da persoa titular da súa dirección xeral, aprobará o proxecto de ordenación produtiva. A aprobación publicarase no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro edictal dos concellos onde se localice a aldea modelo e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

4. O prazo máximo para aprobar o proxecto será de dezaoito meses, contados desde a presentación da solicitude.

Artigo 116. Actuacións de execución

1. Unha vez concluídos os traballos de limpeza e publicada a aprobación definitiva do proxecto de ordenación produtiva, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural procederá a realizar a convocatoria dun procedemento de concorrencia competitiva para a selección de propostas para o aproveitamento de parcelas incorporadas á aldea modelo, e establecerá os requisitos de admisión das propostas de participación.

2. As propostas no seu conxunto deberán recoller a totalidade das terras incluídas na aldea modelo, aínda que é posible que dúas ou máis persoas formulen propostas parciais sempre que no seu conxunto se incorpore a totalidade das terras incluídas na aldea, non existan solapamentos, se trate sempre de repartición de parcelas completas e a proposta se realice e sexa avaliada conxuntamente. Unha vez resolta a concorrencia, e de resultar favorable a proposta, os contratos correspondentes serán asinados por cada partícipe individual, segundo as parcelas que figuren na repartición.

3. Na referida convocatoria determinaranse os criterios máis acaídos de valoración para a selección de propostas de aproveitamento dos terreos incorporados á aldea modelo mediante a tramitación dun procedemento de concorrencia competitiva. Entre outros, deberanse ter en conta, de ser o caso, os seguintes:

a) A complementariedade con outros proxectos de aldea modelo e a xeración de sinerxías.

b) As orientacións produtivas definidas como preferentes, que se priorizarán respecto das secundarias.

c) A ampliación da base territorial das explotacións existentes.

d) A produción ecolóxica.

e) A continuidade con outras iniciativas de mobilidade de terras xestionadas polas mesmas persoas propoñentes.

f) As propostas presentadas por persoas que acheguen un compromiso de residencia no ámbito de actuación da aldea modelo. Outorgaráselles a máxima puntuación no apartado ás formuladas por persoas que vaian residir na aldea e, en segundo lugar, ás que vaian residir no concello ou nos concellos limítrofes.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

g) O prezo ofertado de arrendamento, que será, como mínimo, igual ao establecido no proxecto de ordenación produtiva.

h) A incorporación á actividade agraria, valorándose a creación de novas explotacións, a incorporación de persoas mozas e a de mulleres titulares ou cotitulares das explotacións.

i) A achega de terras que xa formen parte do perímetro da aldea modelo. Obterán a puntuación máxima aquelas propostas en que se acheguen terras xestionadas polas persoas que concorran á convocatoria.

j) A aplicación das medidas de acceso á terra recollidas no artigo 38 desta lei.

k) A xestión forestal activa e sustentable que promova a multifuncionalidade, os servizos ecosistémicos e a loita contra o cambio climático.

4. As propostas de participación deberán conter unha memoria que identifique, como mínimo, os terreos que se pretenden aproveitar, os cultivos ou aproveitamentos correspondentes e a renda que se vaia satisfacer ás persoas titulares dos dereitos sobre eles, nos termos establecidos no proxecto de ordenación produtiva. Tamén deberán achegar, se así se inclúe na convocatoria, un proxecto básico das obras que pretenda realizar para o desenvolvemento da súa proposta.

5. Para os efectos da valoración das propostas e a súa viabilidade, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá requirir canta documentación complementaria estime pertinente, incluída a presentación dun proxecto de execución da actuación proposta.

6. No caso de que se presenten propostas que soliciten a cesión de terreos por un prazo superior ao mínimo de dez anos, antes da selección da proposta deberá darse traslado ás persoas titulares dos dereitos sobre os terreos para que presten a súa conformidade. No caso de que algunha das persoas titulares non acepte o prazo, darase traslado á persoa propoñente para que reformule a súa proposta. En caso contrario, non poderá ser seleccionada.

7. O órgano de xestión do Banco de Terras de Galicia emitirá unha proposta de selección das propostas admitidas na que se xustifique a aplicación dos criterios de valoración establecidos na convocatoria, de acordo coas previsións do proxecto de ordenación produtiva da aldea modelo. A resolución do procedemento de selección corresponderalle á persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que tamén poderá declarar que o procedemento quede deserto cando as propostas presentadas non cumpran os requisitos.

8. No caso de que non se presenten en prazo propostas ou ningunha das presentadas cumpra os requisitos exixidos, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá acordar a apertura dun novo prazo de presentación, e admitiranse as propostas que se presenten dentro do novo prazo atendendo á súa prioridade temporal, sempre que cumpran os

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

requisitos de admisión previstos na convocatoria e o prazo de duración do compromiso de incorporación das persoas titulares dos dereitos de aproveitamento das parcelas ao Banco de Terras.

9. Notificarase a cada participante a estimación ou desestimación da súa solicitude con indicación dos recursos que procedan.

10. Unha vez resolto o procedemento de selección, que non poderá exceder do prazo de seis meses, que se contarán desde a publicación da convocatoria, procederase á sinatura dos contratos de arrendamento coa persoa que formulou a proposta seleccionada.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 116 apartado 10 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e catro.

Artigo 117. Compromisos da Administración autonómica

1. A declaración de aldea modelo determinará a asunción por parte da consellaría con competencias en medio rural da limpeza dos terreos das persoas titulares incluídos no seu perímetro que asuman o compromiso de incorporación dos ditos terreos ao Banco de Terras.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá acometer as actuacións técnicas necesarias, incluída, de ser o caso, a redacción do proxecto de obras e instalacións, que incluirá os seguintes contidos:

a) As actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a execución do proxecto de ordenación produtiva, segundo o descrito no número 2 do artigo 60 de Lei 4 /2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

b) As restantes obras e instalacións, con exclusión das edificacións, así como as operacións agronómicas necesarias para a posta en produción.

c) O contido dos pregos de condicións técnicas e, de ser o caso, as melloras recollidas na proposta.

Caso de ser necesario, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá solicitar os correspondentes informes sectoriais para a execución das obras. Os pronunciamentos contidos nos informes sectoriais recadados no procedemento de aprobación do proxecto de ordenación produtiva conservarán a súa validez sempre que se manteñan as circunstancias que os motivaron, polo que non resultará precisa unha nova tramitación sectorial.

Do proxecto de obras e instalacións darase traslado ao concello para efectos de que informe no prazo dun mes sobre a súa adecuación á ordenación urbanística vixente e, de ser o caso, sobre as correccións que cumpra efectuar de acordo coa indicada ordenación, que deberán ser introducidas no proxecto. O proxecto someterase á aprobación da Axencia Galega de

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Desenvolvemento Rural, que, en caso de atopar deficiencias, sinalará estas e dará un prazo de quince días para a súa corrección.

A execución das obras e instalacións descritas na letra a) deste número non requirirá de título habilitante urbanístico. O resto das obras e instalacións seguirán a tramitación establecida na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sen que sexan aplicables as distancias mínimas a vivendas e asentamentos de poboación exixidas no artigo 39.g) da devandita lei para as novas explotacións gandeiras con base territorial. Poderá reducirse xustificadamente esa distancia en función das características de cada aldea.

3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá recuperar os custos de acondicionamento, limpeza e posta en cultivo dos predios que asumise atendendo ás potencialidades produtivas da aldea modelo. De ser o caso, esta previsión recollerase no prego de condicións e incorporarase no acordo asinado co arrendatario no momento da sinatura dos contratos de arrendamento.

4. A aprobación da declaración de aldea modelo e do proxecto de ordenación produtiva determinará que os terreos das faixas secundarias de xestión da biomasa da aldea modelo que non estean incluídos no perímetro de aldea modelo ou que, incluídos nel, non se incorporen ao Banco de Terras, poidan acollerse ao Sistema público de xestión da biomasa definido no artigo 21 quater da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Nestes casos, se as persoas titulares dos terreos aceptan a súa incorporación ao indicado sistema, a Administración autonómica aplicará a tarifa correspondente durante o prazo de duración do dito sistema.

5. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural promoverá a adopción de acordos con operadores económicos co obxectivo de intentar garantir a viabilidade económica da aldea modelo mediante o compromiso, entre outros, de adquisición das producións resultantes da posta en valor dos terreos, sen prexuízo da liberdade de contratación das persoas arrendatarias dos terreos.

Sección 2ª. Plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo

Artigo 118. Concepto e obxecto dos plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo

1. O plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo é un instrumento de planificación que formulará un programa plurianual que abranguerá, total ou parcialmente, os ámbitos clasificados como solo de núcleo rural dentro do perímetro das aldeas modelo, e no que se integran actuacións a nivel arquitectónico e tecnolóxico dirixidas a fomentar políticas de rehabilitación de edificios e de vivendas e a mellora do espazo público xunto con outras a nivel económico, ambiental e social.

2. Os plans de dinamización teñen como obxecto coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á dinamización e á rexeneración destes ámbitos, así como ao impulso da recuperación da actividade económica, á innovación tecnolóxica e á mellora das condicións

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

de vida das persoas residentes. Estas actuacións incluirán, entre outras, a mellora da habitabilidade das vivendas, atendendo a criterios de eficiencia enerxética e de integración paisaxística, a implantación de sistemas alimentarios locais e canles curtas de comercialización, a promoción de estratexias para a xeración de valor engadido nos produtos agroalimentarios e forestais, o deseño de modelos de negocio local sustentables ou o desenvolvemento de solucións baseadas na natureza.

3. A consellaría competente en materia de medio rural elaborará un modelo de plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo que servirá como guía para a súa redacción.

Artigo 119. Contido dos plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo

Os plans de dinamización dos núcleos rurais das aldeas modelo conterán, cando menos, as seguintes determinacións:

a) A delimitación do ámbito obxecto da actuación, que poderá ser continuo ou descontinuo.

b) A descrición dos obxectivos que se perseguen na formulación do plan, referidos aos principios xerais das aldeas modelo, que poden incluír tamén fins de interese turístico, transformación ambiental, rehabilitación de edificacións e outros análogos ligados á economía verde ou economía prateada que beneficien a recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da poboación.

c) A análise do ámbito de actuación e a diagnose dos problemas existentes que obstaculicen ou impidan a súa rehabilitación. Esta análise deberá, como mínimo, abarcar os seguintes aspectos:

1º. O estudo da edificación existente, no que se terán en conta o estado de conservación das edificacións e as súas condicións de habitabilidade e de capacidade, ou as carencias, para acoller usos residenciais, o seu grao de ocupación, os usos e as actividades, os valores singulares do ámbito no seu conxunto e dos seus elementos singulares merecedores de protección, e a posta en valor do patrimonio cultural.

2º. A identificación dos seus titulares ou, nos casos en que non se teña certeza sobre a súa titularidade, a indicación sobre a procedencia de iniciar un procedemento de investigación da titularidade.

3º. O estudo das dotacións e dos equipamentos, no que se indiquen os valores e as deficiencias existentes e se analicen as posibilidades de incluír novas dotacións co obxectivo de potenciar a renovación e a rexeneración do ámbito.

4º. O estudo dos espazos libres, de carácter público e privado, así como das características dos servizos urbanísticos existentes, e no que se analicen os déficits que poidan existir.

5º. A análise da poboación residente, que deberá recoller, como mínimo, os aspectos relativos á idade, á ocupación e ao réxime de tenza das vivendas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6º. A análise das actividades económicas que se desenvolven e das potencialidades que se poidan detectar para xerar novas actividades.

7º. O estudo do comercio de proximidade, cos seus déficits e as súas carencias.

d) A proposta de intervención, na que se especificarán as medidas que o programa propón adoptar nos campos social, económico, tecnolóxico e de intervención na edificación e na renovación e rehabilitación.

A proposta de intervención deberá recoller a relación e a localización das obras e actuacións integradas no plan e mais a estimación dos custos das devanditas obras e actuacións. Igualmente, a proposta poderá incluír previsións sobre a intermediación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural na compravenda, permuta ou arrendamento de edificacións na aldea modelo.

As actuacións de intervención na edificación e na renovación e rehabilitación deberán suxeitarse ao establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. De acordo co indicado, en particular, con carácter previo ao inicio das actuacións de rehabilitación, o concello, de conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 1/2019, poderá delimitar, de ser o caso, o ámbito da actuación, mediante un acordo administrativo de identificación da actuación illada de rehabilitación ou de delimitación dunha área de actuación conxunta, que terá o contido expresado na norma citada. Así mesmo, as actuacións de intervención poderán ser desenvoltas, en colaboración co concello, directamente por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

e) A memoria de viabilidade económica, que conterá a formulación do programa de investimentos públicos e privados que prevé o plan.

Este programa deberá reflectir os recursos directos e indirectos cos que se pretenda financiar as obras e as actuacións incluídas no plan, así como establecer a orde de prioridades para a súa execución e mais a programación temporal para a iniciación das obras e das actuacións que inclúe.

Neste programa de investimentos, o financiamento público preverá as achegas do concello que contribúan a financiar as actuacións recollidas no plan. A previsión de achegas de fondos da Comunidade Autónoma que se inclúa no plan de dinamización poderá estar amparada unicamente nos diferentes plans ou programas de actuación dos que dispoña a consellaría competente en materia do medio rural para a finalidade establecida en cada unha das accións propostas e poderá estar supeditada á resolución das oportunas convocatorias públicas.

f) A análise da eventual eficacia das medidas propostas para conseguir os fins establecidos, con indicación da coherencia entre as normas e as actuacións propostas, particularmente as previstas no proxecto de ordenación produtiva.

g) O programa de seguimento e de avaliación anual das actuacións.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

h) Os mecanismos para fomentar a participación social da poboación e das súas entidades representativas e a gobernanza das aldeas modelo.

Artigo 120. Procedemento de formulación e aprobación dos plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo

1. Os plans de dinamización dos núcleos rurais das aldeas modelo serán formulados polos concellos, que poderán pedir a colaboración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a súa realización.

2. A tramitación dos plans de dinamización axustarase ao seguinte procedemento:

a) O concello elaborará o proxecto do plan de dinamización, que será redactado por equipos multidisciplinares atendendo ás actividades propostas e conforme os obxectivos, os criterios básicos da intervención, a proposta das medidas que se deben adoptar e a avaliación económica das actuacións públicas e privadas que se prevexan, con indicación do organismo ou dos organismos encargados do seu financiamento. Así mesmo, cando o documento estableza a posibilidade de que outras administracións participen no financiamento ou na adopción das medidas propostas, deberase acreditar a dispoñibilidade ou a posibilidade da súa obtención.

b) A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural será a entidade pública encargada da tramitación do plan de dinamización. Recibida a documentación correspondente enviada polo concello, o citado organismo remitirá o documento aos distintos departamentos da Xunta de Galicia afectados polo plan para a emisión do informe no prazo dun mes.

Estes informes deberanse pronunciar sobre a viabilidade técnica e, de ser o caso, o financiamento das actuacións que lles corresponden, proporán os programas de actuación ou as actividades e formularán, se é o caso, as propostas de modificación ou as observacións e alternativas que estimen convenientes. No devandito informe estableceranse as condicións ás cales se deberán axustar os programas incluídos no plan de dinamización para garantir a participación do organismo correspondente.

c) Ao recibir os informes, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, se é o caso, proporá ao concello que elaborou o plan as correccións que se deberán introducir no documento. No caso de que non sexan realizadas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural procederá ao arquivamento do expediente.

d) Logo de realizar as correccións, ou no caso de non seren necesarias, o plan será sometido á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de medio rural.

e) No caso de que o Consello da Xunta de Galicia acorde a aprobación do plan, determinará, así mesmo, as consellarías e os organismos da Xunta de Galicia que deberán participar nel.

f) O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia, na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e no taboleiro edictal do concello.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 121. Modificacións e revisións dos plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo

As modificacións de carácter substancial e as revisións dos plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo requirirán a mesma tramitación que a sinalada nos artigos precedentes para a súa aprobación.

CAPÍTULO III Medidas de fomento da incorporación de persoas mozas ou emprendedoras á actividade agraria: espazos agrarios de experimentación

Artigo 122. Espazos agrarios de experimentación

1. Os espazos agrarios de experimentación configúranse como espazos destinados á formación e experimentación de actividades agrarias, nos que as persoas mozas ou emprendedoras poidan recibir formación e probar o seu modelo de negocio nunha contorna favorable que fomente a innovación e facilite a súa incorporación progresiva ao sector agrario e a transferencia de coñecemento.

2. O obxectivo destes espazos será facilitar procesos progresivos de novas incorporacións, nomeadamente de persoas mozas, ao sector agrario a través das seguintes actuacións:

a) Impulso de novos modelos de remuda xeracional no ámbito agrario, proporcionando o espazo físico, as ferramentas e as infraestruturas necesarias para iniciar proxectos novos e innovadores.

b) Impulso de novos modelos de formación, asesoramento e transferencia de coñecemento.

c) Provisión de espazos para o ensaio de novas ideas e proxectos antes da súa incorporación efectiva ao mercado e a validación da súa viabilidade técnica e económica .

d) Fomento da bioeconomía circular, das cadeas curtas de comercialización e de modelos agroecolóxicos.

Artigo 123. Declaración e ámbito espacial dos espazos agrarios de experimentación

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá declarar, mediante acordo do seu Consello Reitor, unha aldea modelo como espazo agrario de experimentación cando, rematado o procedemento de concorrencia competitiva regulado no artigo 116, non se presentasen en prazo propostas ou ningunha das presentadas cumpra os requisitos exixidos. Tamén poderá declarar como espazo agrario de experimentación, mediante acordo do Consello Reitor, terreos incluídos no ámbito de instrumentos de recuperación ou mobilización de terras ou propiedade de Agader.

2. Caso de o espazo agrario de experimentación non abranguer a totalidade das parcelas da aldea modelo, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá convocar un novo

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

procedemento de concorrencia competitiva nos termos previstos no artigo 116, referido ás parcelas non integradas no devandito espazo.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 123 apartado 1 nova redacción por artigo 22 apartado cinco.

Artigo 124. Efectos da declaración de espazo agrario de experimentación

1. A declaración de espazo agrario de experimentación terá carácter temporal. A súa vixencia non poderá exceder o prazo de duración do compromiso de incorporación das persoas titulares de dereitos de aproveitamento das parcelas ao Banco de Terras.

2. Finalizado o prazo de vixencia do espazo agrario de experimentación, poderase realizar unha nova convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a selección de propostas para o aproveitamento das parcelas integradas nel, nos termos previstos no artigo 116.

3. Entre os criterios de valoración da nova convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva deberá incluírse a continuidade nas súas explotacións das persoas mozas ou emprendedoras que participasen no espazo agrario de experimentación.

Artigo 125. Funcionamento dos espazos agrarios de experimentación

1. Unha vez declarado o espazo agrario de experimentación, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá asumir como arrendataria a sinatura dos contratos de arrendamento das ditas parcelas polo tempo de vixencia do espazo agrario de experimentación. Nestes contratos de arrendamento aplicaranse os prezos mínimos recollidos no proxecto de ordenación produtiva da aldea modelo.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural redactará un plan de actuacións para a posta en marcha das actividades do espazo agrario de experimentación, que deberán axustarse ás establecidas no proxecto de ordenación produtiva previsto no artigo 113. Así mesmo, a Axencia poderá executar total ou parcialmente as obras correspondentes para a posta en marcha do espazo agrario de experimentación.

3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá subscribir convenios de colaboración cos concellos afectados, con outras administracións públicas ou con entidades públicas ou privadas para o desenvolvemento dos espazos agrarios de experimentación.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 125 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e cinco.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

TÍTULO VII Instrumentos de fomento da recuperación da terra agraria de Galicia

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 126. Medidas de fomento

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá:

a) Realizar traballos de mellora nos predios integrados no Banco de Terras, de acordo co previsto nas condicións xerais de prestación do servizo, coa finalidade de conservar os recursos naturais daqueles e favorecer a súa explotación racional.

b) Establecer liñas de axudas destinadas á limpeza, á posta en cultivo ou funcionamento e ás melloras, incluso de carácter permanente, nos predios integrados no Banco de Terras, cuxos beneficiarios poderán ser tanto as persoas titulares como as persoas arrendatarias destes.

c) Executar, en todo ou en parte, as obras correspondentes aos polígonos agroforestais, ás aldeas modelo ou ás actuacións de xestión conxunta previstos nesta lei, con carácter excepcional, e sempre por motivos de interese público ou social.

d) Conceder de forma directa axudas, e prestar apoio técnico e financeiro á tramitación respecto dos polígonos agroforestais, das aldeas modelo ou das actuacións de xestión conxunta que posúan carácter singular por desenvolverse os ditos proxectos a través dos procedementos previstos nesta lei, logo da xustificación do seu interese público, social ou económico que dificulte a súa convocatoria pública.

e) Subscribir, directamente cos interesados ou con entidades financeiras, convenios para facilitar operacións financeiras ou a concesión de subvencións e outras axudas económicas ás persoas arrendatarias dos predios integrados no Banco de Terras, destinadas á adquisición da súa propiedade.

f) Promover convenios con sociedades de garantía recíproca para apoiar os axentes produtivos que non conten por si mesmos coas garantías económicas suficientes, pero que conten cun perfil técnico que contribúa a acadar os obxectivos xerais da lei. En concreto, prestarase especial atención aos produtores agrogandeiros e silvicultores activos xa establecidos que precisen do incremento da súa base territorial e aos colectivos vulnerables que se recollen na letra b) do do artigo 38 desta lei.

g) Subvencionar, total ou parcialmente, os prezos de arrendamento nos polígonos agroforestais, nas aldeas modelo e nas actuacións de xestión conxunta de terras aos que se refire o título V, mediante axudas ás persoas titulares ou arrendatarias sempre que se considere que as condicións económicas da transferencia sexan incompatibles coa viabilidade técnica ou social do proxecto.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

h) Subvencionar os proxectos previos respecto dos polígonos agroforestais ou das actuacións de xestión conxunta, sexa total ou parcialmente. Caso de as actuacións se proxectaren en concellos ou áreas rurais que presenten grave regresión demográfica, poderán concederse de forma directa.

i) Concertar contratos temporais cos axentes produtivos, de carácter voluntario, para a execución das obras correspondentes aos polígonos agroforestais, ás aldeas modelo ou ás actuacións de xestión conxunta previstos nesta lei, de acordo coas prioridades que fixe a dita Axencia.

Para estes efectos, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobará as condicións xerais en que se realizarán estas obras e os servizos asociados, así como os negocios xurídicos derivados deles, que serán obxecto de publicación na súa páxina web, e deberán ser aceptadas polos axentes produtivos, en caso de optaren pola sinatura dos devanditos contratos.

Os investimentos iniciais para as obras e os servizos realizados con cargo a estes contratos poderán ser realizados pola Administración directamente ou por medio dos seus entes instrumentais. Estes investimentos terán a natureza de anticipo reintegrable, e compensaranse con cargo ás tarifas que fixe a Axencia, cuxa contía e prazo de reintegro se determinarán con base na tipoloxía do aproveitamento que se vaia realizar.

Esta actividade de prestación de servizos que se pon á disposición dos axentes produtivos terá a consideración de servizo público e rexerase polo disposto nesta lei.

No caso de que a prestación do servizo se realice en réxime de xestión indirecta, a falta de pagamento das tarifas establecidas no contrato como contraprestación a cargo das persoas usuarias terá a consideración de créditos de dereito público, e será aplicable o previsto no artigo 39 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración.

2. Así mesmo, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá:

a) Subscribir convenios con outras administracións ou entidades públicas ou privadas titulares de predios de terra agroforestal, co fin de que estes se poidan incorporar ao Banco de Terras de Galicia.

b) Establecer incentivos para que as persoas titulares de predios de terra agroforestal os incorporen ao Banco de Terras de Galicia.

c) Impulsar convenios de colaboración con entidades colaboradoras para a realización de actuacións de asesoramento na posta en marcha dos instrumentos de mobilización e de recuperación da terra agraria.

3. Os plans e os programas autonómicos de axudas plurianuais destinados ao desenvolvemento rural ou ao fomento da actividade agroforestal en Galicia procurarán o establecemento de liñas de axuda específicas destinadas á mobilización e recuperación da

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

terra agroforestal, particularmente co obxectivo de incentivar as persoas titulares de explotacións agroforestais, e especialmente as de explotacións gandeiras, a que amplíen a base territorial daquelas a través das fórmulas establecidas nesta lei.

Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 126 apartado 1 letra i) nova redacción por artigo 18 apartado tres.

CAPÍTULO II Medidas fiscais e financeiras de incentivo á recuperación da terra agraria de Galicia

Artigo 127. Medidas fiscais específicas de carácter autonómico

A Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias e coa finalidade de previr o abandono e favorecer a recuperación da terra agraria de Galicia, a adecuada ordenación dos usos, o fomento da actividade económica e o asentamento da poboación no rural, a prevención e loita contra os incendios forestais, así como os restantes obxectivos previstos nesta lei, regulará os incentivos fiscais adecuados nos impostos de carácter autonómico sobre os que teña competencia, así como nos impostos estatais cedidos á Comunidade Autónoma, de acordo coas competencias normativas asumidas respecto de cada un deles.

Artigo 128. Interlocución co Estado no ámbito fiscal

1. A Xunta de Galicia procurará manter unha interlocución activa co Estado presentando propostas de carácter fiscal para os efectos de poder acadar, a través de medidas de competencia estatal nesta materia, os obxectivos comúns previstos nesta lei.

2. Para tal efecto, a Xunta de Galicia levará a cabo, polas canles legalmente establecidas, as propostas que considere adecuadas para o cumprimento dos ditos obxectivos, e de xeito particular:

a) A prevención do abandono e a recuperación da terra agraria de Galicia, así como a adecuada ordenación de usos do solo.

b) O fomento da actividade agrícola, gandeira e forestal.

c) O asentamento de poboación no rural.

3. Para dar cumprimento ao obxectivo de prevención do abandono e recuperación da terra agraria de Galicia e á adecuada ordenación de usos do solo, as propostas en materia tributaria deberán recoller, polo menos, incentivos fiscais nos tributos estatais para promover:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) O arrendamento das parcelas rústicas ao Banco de Terras.

b) A transmisión ou arrendamento das parcelas rústicas que se incorporen aos polígonos agroforestais, ás agrupacións de xestión conxunta ou ás aldeas modelo.

c) A incorporación de axentes promotores aos polígonos agroforestais ou ás aldeas modelo.

d) O desenvolvemento das agrupacións agroforestais de xestión conxunta.

e) O impulso das permutas que se fagan en solo rústico e que, de acordo con esta lei, sexan declaradas de especial interese agrario.

f) De xeito xeral, a mobilidade da terra na superficie rústica galega, mediante bonificacións nas compravendas ou cesións que eviten, na maior medida posible, a tributación das rendas percibidas e os seus efectos negativos noutras rendas percibidas polas persoas propietarias. Regularase de maneira particular a tributación dos propietarios residentes no rural e que perciban calquera tipo de pensión contributiva ou non contributiva.

4. Para dar cumprimento ao obxectivo de fomento da actividade agrícola, gandeira e forestal e ao asentamento de poboación no rural, as propostas en materia tributaria deberán recoller, polo menos:

a) Incentivos fiscais nos tributos estatais para o impulso da xestión forestal sustentable, de xeito particular:

1º. A configuración dun réxime fiscal específico para a figura do silvicultor activo, calquera que sexa a súa forma de organización, como suxeito que desenvolve a xestión forestal sustentable.

2º. A redución do tipo impositivo aplicable no imposto sobre sociedades ás comunidades de montes veciñais en man común.

3º. O establecemento dun réxime fiscal que permita promover a figura do investidor forestal.

4º. O afondamento nos beneficios fiscais para as agrupacións forestais de xestión conxunta no imposto que grave a súa renda.

5ª. O establecemento de beneficios fiscais para a tributación dos dividendos percibidos polos socios das sociedades de fomento forestal.

6ª. O afondamento nos beneficios fiscais para as persoas titulares ou xestoras de montes abertais.

7ª. A promoción da remuda xeracional e a incoroporación de persoas mozas á actividade forestal.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) Incentivos fiscais nos tributos estatais para o impulso da competitividade das explotacións agrícolas e gandeiras, de xeito particular:

1º. A configuración dun réxime fiscal específico para a figura do agricultor e gandeiro xenuíno, calquera que sexa a súa forma de organización, favorecendo a implantación e mantemento das explotacións agrogandeiras no territorio rural.

2º. O afondamento nos beneficios fiscais previstos na lexislación estatal que regula a modernización das explotacións agrarias.

3º. A promoción da remuda xeracional e da incorporación de mozos e mozas á actividade agrogandeira.

c) Incentivos fiscais nos tributos estatais para favorecer o asentamento da poboación no territorio rural, de xeito particular:

1º. A promoción da dinamización, a rexeneración e recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da poboación dos núcleos rurais existentes.

2º. O impulso da rehabilitación das súas edificacións con criterios de eficiencia enerxética e de integración paisaxística.

3º. A configuración dun réxime fiscal específico para os modelos de negocios locais sustentables e que opten por solucións baseadas na natureza.

Artigo 129. Medidas financeiras de incentivo á recuperación da terra agraria de Galicia

1. A Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias e coa finalidade de dar cumprimento aos obxectivos previstos nesta lei, poderá articular medidas financeiras de incentivo á recuperación da terra agraria de Galicia.

2. As medidas financeiras terán por obxecto apoiar os investimentos requiridos polos instrumentos de recuperación da terra agraria regulados nesta lei, e poden consistir, entre outras, en:

a) Axudas públicas.

b) Liñas de crédito, que poderán ser bonificadas.

c) Outros instrumentos financeiros, en particular, préstamos garantidos cofinanciados por fondos estruturais ou de investimento europeos.

d) A potenciación do investimento en terra agroforestal dentro dos plans de responsabilidade social corporativa das empresas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

e) O impulso de vehículos de investimento ligados aos instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia.

f) Contratos temporais de xestión pública para o caso das agrupacións de xestión conxunta.

3. Para optar a esas medidas financeiras de incentivo os instrumentos de recuperación de terras deberán estar inscritos no correspondente rexistro.

Artigo 130. Contratos temporais de xestión pública

1. A consellaría competente en materia de medio rural ou a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderán concertar contratos temporais, de carácter voluntario, coas agrupacións de xestión conxunta agroforestais, de acordo coas prioridades que se fixen e, en particular, cando carezan dos recursos iniciais económicos e financeiros suficientes para asegurar a súa xestión sustentable.

2. Esta actividade de prestación de servizos que se pon á disposición da cidadanía terá a consideración de servizo público e rexerase polo disposto nesta lei.

Para estes efectos, a Consellaría e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobarán as condicións xerais en que se realizará a prestación destes servizos e dos negocios xurídicos derivados deles, que serán obxecto de publicación na páxina web da Consellaría e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e deberán ser aceptadas polos solicitantes dos indicados servizos.

3. Os contratos temporais deberán prever unha cantidade anual en concepto de compensación polos servizos de xestión prestados. Os investimentos iniciais para as obras e os servizos realizados con cargo aos contratos de xestión pública terán a natureza de anticipo reintegrable e compensaranse con cargo aos ingresos obtidos polos aproveitamentos agroforestais ou por calquera outro ingreso de natureza ordinaria ou extraordinaria.

4. A xestión ou a execución das actuacións agroforestais nos terreos obxecto destes contratos poderán ser realizadas pola Administración, ben directamente ou por medio dos seus entes instrumentais, ben indirectamente mediante a súa contratación, de acordo co indicado na lexislación de contratos do sector público.

TÍTULO VIII Normas de control, inspección, infraccións e sancións

CAPÍTULO I Réxime de control e inspección

Sección 1ª. Disposicións xerais

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 131. Funcións de control e inspección

1. A consellaría competente en materia do medio rural levará a cabo as actuacións de control e inspección que considere necesarias sobre as parcelas que se inclúan no ámbito de aplicación desta lei.

2. Os feitos constatados e formalizados polo devandito persoal nas correspondentes actas de inspección terán presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que poidan achegar as persoas interesadas en defensa dos seus respectivos dereitos e intereses.

3. No desenvolvemento das súas funcións de control e inspección, o persoal funcionario terá a consideración de axente da autoridade, cos efectos previstos no artigo 77.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, no exercicio da función inspectora, poderán solicitar o apoio necesario de calquera outra autoridade, incluíndo as forzas e corpos de seguridade.

Artigo 132. Facultades de inspección

No exercicio das súas funcións propias de control e inspección, o persoal funcionario está facultado para as seguintes tarefas:

a) Acceder, identificándose previamente, a parcelas, explotacións, locais e instalacións, a menos que teñan o cualificativo de vivenda, e á documentación industrial, mercantil e contable das empresas que inspeccionan cando o consideren necesario no curso das súas actuacións, que en todo caso teñen carácter confidencial. O persoal funcionario está obrigado a cumprir co deber de segredo profesional, e o seu incumprimento poderá dar lugar á exixencia de responsabilidade.

b) Solicitar información ás persoas presentes, tomar as mostras necesarias para practicar as análises correspondentes e levar a cabo as probas, as investigacións ou os exames que sexan necesarios para asegurarse da observancia das disposicións vixentes.

c) Levantar a acta correspondente e, cando advirtan algunha conduta que poida representar unha infracción, adoptar as medidas cautelares necesarias para asegurar a eficacia da resolución final que poida recaer.

Artigo 133. Obrigas das persoas inspeccionadas

1. As persoas físicas e xurídicas que no exercicio das súas actuacións estean comprendidas no ámbito de aplicación desta lei están obrigadas a consentir as visitas de inspección e a conservar durante un tempo mínimo de catro anos a documentación relativa ás súas obrigas en condicións que permitan a súa comprobación.

2. A requirimento dos órganos competentes ou dos inspectores están obrigadas a:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) Fornecer calquera clase de información sobre as instalacións, os produtos, os servizos ou os sistemas de produción, e permitir a comprobación directa dos inspectores.

b) Exhibir a documentación que sirva de xustificación das transaccións efectuadas, e tamén facilitar que se obteña unha copia ou unha reprodución da documentación.

Sección 2ª. Inspección de predios

Artigo 134. Obxecto das inspeccións de predios

Están suxeitos ás actuacións de inspección reguladas nesta lei os predios de terra agroforestal situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que poidan encontrarse en situación de abandono ou infrautilización, os predios para os que se leve a cabo a investigación da propiedade ao abeiro desta lei, aqueles que pretendan incorporarse ou estean incorporados ao Banco de Terras de Galicia ou aqueloutros que estean ou poidan estar incluídos nalgún dos instrumentos de recuperación de terras desenvolvidos nesta lei.

Artigo 135. Contido das inspeccións de predios

1. As actuacións de inspección dos predios de terra agroforestal nos casos recollidos nesta lei estarán destinadas á comprobación xeométrica de estremas, o seu uso actual e as características que poidan servir de base técnica para a determinación do seu uso potencial produtivo.

2. Adicionalmente, os predios que se pretendan incorporar ou que estean incorporados ao Banco de Terras de Galicia, con independencia de que o aproveitamento estea ou non cedido temporalmente a terceiras persoas, estarán suxeitos ás actividades de inspección recollidas nesta lei.

Artigo 136. Persoal inspector de predios

As funcións de dirección e execución da actividade de inspección serán desempeñadas por persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias técnicas na materia, coa colaboración, de ser o caso, doutros suxeitos habilitados para o efecto.

Artigo 137. Obrigas das persoas titulares dos predios

As persoas propietarias dos predios suxeitos a inspección ou, de ser o caso, aquelas que sexan titulares das facultades de uso e aproveitamento daqueles, están obrigadas a colaborar co persoal inspector, facilitándolle canta información e documentación precise para o desenvolvemento das súas funcións, así como o acceso aos predios.

CAPÍTULO II Ordes de execución, multas coercitivas e execución subsidiaria

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 138. Ordes de execución, multas coercitivas e execución subsidiaria

1. A consellaría competente en materia do medio rural, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, poderá ditar ordes de execución que obriguen as persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles a realizar as actuacións necesarias para dar o debido cumprimento aos deberes recollidos nesta lei.

2. As ordes de execución conterán a determinación concreta das actuacións que se realizarán, conforme as condicións establecidas nesta lei. Así mesmo, deberán fixar o prazo para o cumprimento voluntario por parte das persoas responsables do ordenado, que se determinará en razón directa á importancia, volume e complexidade das actuacións que se pretenden realizar.

3. No caso de incumprimento da orde de execución, a Administración procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria.

4. A imposición dunha multa coercitiva irá precedida do preceptivo requirimento de execución da resolución, e advertirase o destinatario do prazo de que dispón para o seu cumprimento e da contía da multa coercitiva que pode serlle imposta en caso de incumprimento. As multas coercitivas serán reiteradas por lapsos de tempo non inferiores a un mes se as persoas responsables persisten no incumprimento do deber. O prazo sinalado terá que ser, en todo caso, suficiente para o cumprimento da obriga de que se trate e a multa, proporcionada á gravidade e alarma social xerada, sen que poida exceder nunca de 1.000 euros.

Estas multas coercitivas son independentes e compatibles coas multas que poidan imporse en concepto de sanción e, no caso de impagamento, serán exixibles por vía de constrinximento.

5. A consellaría competente en materia do medio rural poderá proceder á execución subsidiaria das obrigas que correspondan ás persoas responsables, e á súa custa, logo de apercibimento, unha vez transcorrido o prazo establecido para a súa execución voluntaria.

CAPÍTULO III Réxime sancionador

Sección 1ª. Infraccións

Artigo 139. Infraccións

1. As infraccións administrativas relativas ao incumprimento do prescrito nesta lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Considéranse infraccións leves:

a) A ocupación de predios incorporados ao Banco de Terras sen que exista cultivo sobre eles ou que estean ocupados por cultivos agrícolas ou aproveitamentos gandeiros.

b) A obstaculización ou o impedimento, por parte da persoa titular dun predio arrendado, da súa ocupación por parte da persoa arrendataria.

c) A non formalización dun contrato de arrendamento por parte da persoa seleccionada como arrendataria, unha vez notificada a dita selección, por causa imputable a esta.

d) No caso de declaración de predios en abandono ou infrautilización cunha superficie igual ou inferior a unha hectárea, a falta de comunicación á Administración pública da opción elixida, consonte o establecido no número 3 do artigo 44 desta lei, ou o incumprimento da realización da opción elixida no prazo establecido no número 4 do mesmo artigo.

e) As accións e as omisións que dean lugar á concorrencia dalgunha das circunstancias establecidas no artigo 42.1 desta lei para que un predio sexa declarado en estado de abandono ou infrautilización, sempre que o predio teña unha superficie inferior a unha hectárea.

3. Considéranse infraccións graves:

a) A ocupación de predios incorporados ao Banco de Terras cando estean ocupados por aproveitamentos forestais.

b) No caso de declaración de predios en abandono ou infrautilización cunha superficie superior a unha hectárea, a falta de comunicación á Administración pública da opción elixida, consonte o establecido no artigo 44.3, ou o incumprimento da realización da opción elixida no prazo establecido no número 4 do mesmo artigo.

c) As accións e as omisións que dean lugar á concorrencia dalgunha das circunstancias establecidas no artigo 42.1 para que un predio sexa declarado en estado de abandono ou infrautilización, sempre que o predio teña unha superficie comprendida entre unha e dez hectáreas.

d) A realización de actividades distintas das admitidas polo Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou polos catálogos parciais, caso de estaren estes vixentes, así como aquelas distintas ás permitidas na disposición transitoria primeira desta lei.

e) A obstrución ou a negativa a facilitar as funcións de inspección reguladas nesta lei por calquera medio, incluíndo a negativa a subministrar información ou documentación precisa para o desenvolvemento das devanditas funcións ou a subministración de información inexacta ou falsa.

f) O incumprimento das medidas cautelares e preventivas adoptadas pola autoridade competente.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. Considéranse infraccións moi graves:

a) As accións e as omisións que dean lugar á concorrencia dalgunha das circunstancias establecidas no artigo 42.1 para que un predio sexa declarado en estado de abandono ou infrautilización, sempre que o predio teña unha superficie superior a dez hectáreas.

b) A existencia de graves deficiencias ou o abandono por un axente promotor dun polígono agroforestal ou unha aldea modelo.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 139 apartado 3 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e seis.

Sección 2ª. Sancións

Artigo 140. Sancións

Ás infraccións tipificadas no artigo anterior aplicaránselles as seguintes sancións:

a) Infraccións leves: apercibimento ou multa de ata 600 euros.

b) Infraccións graves: multa de entre 601 e 3.000 euros.

c) Infraccións moi graves: multa de entre 3.001 e 6.000 euros.

Artigo 141. Sancións accesorias

1. Ás persoas responsables de infraccións moi graves poderá aplicárselles a inhabilitación durante un período de dous anos para seren adxudicatarias en calquera concepto de predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia.

2. O órgano competente para resolver imporá acumulativamente, de ser o caso, a sanción accesoria de comiso definitivo da madeira correspondente ás especies arbóreas retiradas pola Administración no caso de ocupación ilegal con aproveitamento forestal recollido no artigo 139 desta lei.

Artigo 142. Criterios de gradacións das sancións

1. Para a determinación concreta da sanción que se impoña, de entre as asignadas a cada tipo de infracción, tomaranse en consideración os seguintes criterios:

a) A existencia de intencionalidade.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) A reiteración, entendida como a concorrencia de varias infraccións ou irregularidades que se sancionen no mesmo procedemento, así como o incumprimento de apercibimentos previos.

c) A natureza e contía dos prexuízos causados.

d) A reincidencia, nos termos establecidos pola lexislación de réxime xurídico do sector público.

e) A extensión da superficie do predio.

f) A situación do predio dentro do perímetro dun instrumento de recuperación de terras dos previstos nesta lei.

2. Os criterios de gradación recollidos no número 1 non se poderán utilizar para agravar a infracción cando estean contidos na descrición da conduta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.

3. A proposta de resolución do procedemento sancionador e a resolución administrativa que recaia deberán explicitar os criterios de gradación da sanción tidos en conta, de entre os sinalados no número 1 deste artigo. Cando non se considere relevante para estes efectos ningunha das circunstancias enumeradas, a sanción imporase na contía mínima prevista para cada tipo de infracción.

4. A contía da sanción poderase minorar motivadamente, atendendo as circunstancias específicas do caso, cando a sanción resulte excesivamente onerosa ou cando o infractor corrixa a situación creada pola comisión da infracción. Este efecto minorador da culpabilidade poderá implicar que o órgano sancionador aplique unha sanción correspondente a categorías infractoras de inferior gravidade que a infracción cometida.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 142 apartado 4 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e sete.

Sección 3ª. Procedemento sancionador

Artigo 143. Principios xerais

1. A potestade sancionadora no ámbito competencial autonómico corresponderalle á consellaría competente en materia de medio rural e exercerase a través do correspondente

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

procedemento sancionador, para o que resultarán aplicables as regras e os principios establecidos na lexislación sobre o procedemento administrativo común e sobre o réxime xurídico do sector público.

2. O prazo máximo para a tramitación, resolución e notificación do procedemento sancionador será dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación. Ao transcorrer o devandito prazo sen que se ditase e notificase unha resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento na forma prevista pola lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 144. Competencias sancionadoras

1. A competencia para incoar o procedemento sancionador polas infraccións tipificadas nesta lei corresponde á persoa titular da xefatura territorial da consellaría competente en materia de medio rural en cuxo ámbito se sitúe o predio, ou a maior superficie deste, no caso de estar situado no ámbito de máis dunha xefatura territorial.

Se a infracción administrativa afecta o ámbito territorial de dúas ou máis provincias, a competencia para a incoación poderá ser exercida por calquera das persoas titulares das xefaturas territoriais correspondentes, as cales o notificarán á outra xefatura territorial afectada.

2. A competencia para resolver corresponde:

a) No caso das infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de medio rural no caso de que a infracción afecte unha única provincia, ou á persoa titular do órgano directivo competente en materia de desenvolvemento rural ou de planificación e ordenación forestal, segundo o caso, se a infracción afecta máis dunha provincia.

b) No caso das infraccións graves, á persoa titular do órgano directivo competente en materia de desenvolvemento rural ou de planificación e ordenación forestal, segundo o caso.

c) No caso das infraccións moi graves, á persoa titular da consellaría competente en materia de medio rural.

Artigo 145. Suxeitos responsables

1. A responsabilidade das infraccións reguladas neste título recaerá sobre:

a) A persoa física ou xurídica, así como os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos, que sexan titulares do dominio ou doutro dereito real de uso e aproveitamento sobre os predios, agás a existencia de calquera tipo de cesión do dereito de uso e aproveitamento en favor dunha terceira persoa, caso en que a responsabilidade recaerá sobre esta última, salvo que acredite que as persoas arrendadoras ou cedentes lle impiden o normal desenvolvemento dos dereitos de uso e aproveitamento dos predios.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) Se a persoa xurídica autora dunha infracción tipificada nesta lei se extingue antes de ser sancionada, considerararanse responsables as persoas físicas que, desde os seus órganos de dirección ou actuando ao seu servizo ou por elas mesmas, determinaron coa súa conduta a comisión da infracción. As persoas socias ou partícipes no capital responderán solidariamente do pagamento da sanción e, de ser o caso, do importe da reparación do dano, ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase.

2. Cando o cumprimento das obrigas que prevé esta lei corresponda a varias persoas conxuntamente, ou se a infracción é imputable a varias persoas e non é posible determinar o grao de participación de cada unha delas, responderán, se é o caso, de maneira solidaria das infraccións que se cometan e das sancións que se impoñan.

3. Nas infraccións imputadas a unha persoa xurídica tamén se consideran responsables as persoas físicas que integren os seus órganos reitores ou de dirección, e tamén os técnicos responsables da elaboración e do control, cando se acredite a súa responsabilidade.

4. Sen prexuízo das sancións que correspondan, as persoas responsables das infraccións administrativas deberán indemnizar polos danos e as perdas causados e, se é o caso, restituír a legalidade xurídica conculcada. De non se satisfacer a indemnización no prazo que para o efecto se determine en función da súa contía, procederase na forma prevista no artigo 101 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 146. Recoñecemento da responsabilidade

1. Iniciado un procedemento sancionador, se a persoa infractora recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda.

2. O pagamento voluntario por parte da presunta persoa responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a finalización do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e as perdas causados pola comisión da infracción.

3. En ambos os casos, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións de, polo menos, o 20 % sobre o importe da sanción proposta. As citadas reducións deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou á renuncia de calquera acción ou recurso na vía administrativa contra a sanción.

A porcentaxe de redución prevista neste número poderá ser incrementada regulamentariamente.

Artigo 147. Reparación do dano ou indemnización

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Sen prexuízo das sancións penais ou administrativas que en cada caso procedan, as persoas infractoras deberán reparar o dano causado na forma e nas condicións fixadas polo órgano sancionador ou, de non ser posible, indemnizar polos danos e perdas causados, para o que poderán ser requiridas.

2. O órgano competente para sancionar determinará na resolución sancionadora a forma e o prazo en que a reparación se deberá levar a cabo ou, de ser o caso, a imposibilidade da reparación e o conseguinte establecemento da indemnización. Unha vez firme a resolución da infracción cometida, determinaranse os danos e perdas segundo un criterio técnico debidamente motivado e estableceranse a forma e o prazo en que a reparación deberá levarse a cabo ou, de ser o caso, a imposibilidade da reparación e consecuente establecemento da indemnización que puider corresponder por danos e perdas.

Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Artigo 147 apartado 1 nova redacción por artigo 26 apartado trinta e oito.

Artigo 148. Vinculación coa orde xurisdicional penal

1. En calquera momento do procedemento sancionador en que o instrutor do procedemento ou órgano competente para resolver estimar que os feitos tamén poden ser constitutivos de ilícito penal, porao en coñecemento do órgano xurisdicional competente e daralle traslado da denuncia e das demais actuacións practicadas.

Solicitarase, así mesmo, a dita comunicación cando se teña coñecemento de que se está a desenvolver un procedemento penal sobre os mesmos feitos que son obxecto dun procedemento administrativo.

2. De se estimar que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que podería corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento sancionador acordará a súa suspensión ata que se teña coñecemento da resolución xudicial que recaia.

3. Unha vez que o órgano competente para resolver teña coñecemento da resolución xudicial penal, acordará a non exixencia de responsabilidade administrativa ou a continuación do procedemento sancionador. Durante o tempo en que o procedemento sancionador estea en suspenso pola incoación dun proceso penal, entenderase interrompido tanto o prazo de prescrición da infracción como o de caducidade do propio procedemento.

4. A sanción penal excluirá a imposición da sanción administrativa nos casos en que se apreciase a identidade do suxeito, feito e fundamento. De non estimarse a existencia de delito ou falta, o órgano competente continuará, de ser o caso, o procedemento sancionador, tendo en conta os feitos declarados probados na resolución firme do órgano xudicial competente.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 149. Prazos de prescrición

1. As infraccións leves tipificadas nesta lei prescriben aos seis meses; as graves, aos dous anos; e as moi graves, aos tres anos.

O prazo da prescrición comeza a computar desde o día en que se cometeu a infracción ou desde que se tivo coñecemento da súa comisión.

2. Nas infraccións continuadas e permanentes, o prazo de prescrición non comezará a computarse ata que cese a situación infractora. Para estes efectos, enténdese que existe unha infracción permanente cando unha actividade concreta produce efectos que perduran no tempo. Considéranse, así mesmo, comprendidas dentro das infraccións permanentes as infraccións por omisión nas que o incumprimento nun determinado momento dunha obriga produce efectos permanentes.

3. Interrompe a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento da persoa á que se atribúa a responsabilidade, do procedemento sancionador.

4. No caso de concorrencia de infraccións leves, graves e moi graves, ou cando algunha destas infraccións sexa medio necesario para cometer outra, o prazo de prescrición é o establecido para a infracción máis grave das cometidas.

5. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescriben ao ano; as impostas por infraccións graves, aos dous anos; e as impostas por infraccións moi graves, aos tres anos. Estes prazos comezan a contarse a partir do día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución sancionadora.

6. A obriga de reparar o dano causado regulada nesta lei prescribirá no prazo de quince anos, contados desde que a Administración dite o acto que acorde a súa imposición, independentemente da data de inicio do cómputo da prescrición da sanción, conforme o que establece o número 2 deste artigo.

Disposición adicional primeira. Simplificación administrativa

1. Nos procedementos de recuperación de terras regulados nesta lei terase en conta o principio xeral de xestión simultánea de todos os tramites que poidan realizarse deste xeito, segundo o establecido na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

2. Así mesmo, agás que a presente lei estableza un prazo inferior, os informes que deban solicitarse aos órganos da Administración autonómica galega como consecuencia das afeccións sectoriais dos instrumentos de recuperación de terras emitiranse no prazo xeral

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

de tres meses. No caso de producirse unha demora na súa emisión, terán a consideración de favorables á implantación do concreto instrumento de que se trate, salvo nos supostos en que a normativa estatal que resulte aplicable determine outra solución.

3. Con carácter xeral, os pronunciamentos contidos nos informes sectoriais emitidos nos procedementos establecidos nesta lei conservarán a súa validez nos sucesivos trámites de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron tales pronunciamentos. Esta conservación de trámites tamén se manterá nos supostos en que a implantación dos instrumentos de recuperación de terras requira dun título municipal habilitante.

4. Nos casos en que un mesmo órgano sectorial autonómico deba emitir informe para varios efectos, dentro dos trámites ambiental, urbanístico e trámite da autorización substantiva, emitirá un único informe que abarque os distintos aspectos sobre os que deba pronunciarse, sempre e cando se analice a documentación exixida a cada caso.

5. Cando se tramiten procedementos de recuperación de terras que polas súas afeccións requiran a tramitación de varios procedementos administrativos de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, incluídos os ambientais, poderán tramitarse conxuntamente de acordo co establecido na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Nestes supostos o órgano responsable da tramitación someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución e o documento ambiental correspondente e realizará de xeito simultáneo a petición de todos os informes ás administracións e aos órganos sectoriais afectados, tanto os exixidos pola norma reguladora da autorización sectorial como os exixidos para os efectos da tramitación ambiental e urbanística.

Disposición adicional segunda. Prazos dos procedementos e sentido do silencio administrativo

1. O prazo máximo para resolver os procedementos previstos nesta lei que non teñan fixado un prazo específico será de tres anos, contado desde a data do acordo de inicio ou, no caso de iniciación por solicitude dunha persoa interesada, desde a data en que a solicitude entrase no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

2. O silencio administrativo, no ámbito desta lei e para os casos en que non estean previstos expresamente os seus efectos, producirá efectos desestimatorios da solicitude no caso de procedementos iniciados por instancia dunha das partes.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición adicional segunda apartado 1 nova redacción por artigo 85 apartado dez.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Disposición adicional terceira. Permutas que afecten montes de titularidade pública ou montes veciñais en man común

No caso de permutas que afecten montes de utilidade pública ou montes veciñais en man común, terase en conta a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, ou normas que as substitúan.

Disposición adicional cuarta. Colaboración para a creación de emprego e o asentamento da poboación no eido rural

A consellaría con competencias en materia de emprego e a consellaría con competencias en materia de medio rural establecerán, mediante convenios ou outros instrumentos de cooperación, as accións de colaboración que permitan realizar unha adecuada intermediación no mercado laboral.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, ambas as consellarías levarán a cabo, dentro dos seus respectivos ámbitos, a recompilación e o tratamento de datos econométricos, así como a promoción, creación e desenvolvemento de ferramentas tanto para a formación e asesoramento como para a xestión e explotación daqueles, e que permitan realizar o cruzamento de datos de oferta e demanda de emprego entre outras accións.

Disposición adicional quinta. Cuestións xudiciais

As resolucións ditadas nos procedementos de recuperación de terras previstos no título VI desta lei non quedarán en suspenso polas cuestións xudiciais que se promovan entre particulares sobre os dereitos afectados por elas.

Disposición adicional sexta. Acceso á información catastral

Os centros directivos, organismos e entidades públicas adscritos á consellaría competente en materia de medio rural poderán acceder de forma dixital e directa aos datos de nome, apelidos, razón social, código identificativo e domicilio de todas aquelas persoas ou entidades que figuren nas bases de datos do Catastro como titulares ou suxeitos pasivos do imposto sobre bens inmobles co fin de poderen realizar as funcións en materia de investigación da titularidade que os instrumentos, medidas e accións de control e sanción en materia agroforestal lles son encomendados en virtude desta lei e da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, así como para aqueloutras actuacións administrativas declaradas nas devanditas leis que teñan como obxecto o tratamento dos datos co fin de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos, sempre que este tratamento se realice coas garantías adecuadas para os dereitos e liberdades dos solicitantes nos termos do artigo 89, número 1 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

Disposición adicional sétima. Información ao servizo provincial de montes

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural solicitará informe ao correspondente servizo provincial en materia de montes na tramitación dos instrumentos de recuperación da terra agraria desenvolvidos nesta lei. O citado informe pronunciarase, de ser o caso, sobre a existencia de afección con algunha das superficies inscritas no Sistema rexistral forestal de Galicia.

Disposición adicional oitava. Referencias ás aldeas modelo

As referencias que se efectúan nesta lei ás aldeas modelo entenderanse feitas aos asentamentos rurais.»

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional oitava engadida por artigo 85 apartado once.

Disposición adicional novena. Funcións relativas ao Banco de Explotacións

Todas as referencias que se efectúan nesta lei nos artigos 34, 39, 40 e 41 á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no que atinxe ás funcións de xestión, intermediación, proposta e resolución relativas ao Banco de Explotacións entenderanse realizadas ao órgano de dirección do que dependan funcionalmente as oficinas rurais.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional novena engadida por artigo 85 apartado doce.

Disposición adicional décima. Solo rústico de protección forestal

Será considerado como solo rústico de protección forestal tanto o incluído con tal clasificación no Catálogo de solos agropecuarios e forestais, previsto no artigo 25, como o inscrito no Sistema rexistral forestal de Galicia, regulado no artigo 126 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo engadido: Disposición adicional décima engadida por artigo 85 apartado trece.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio de usos do solo

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Mentres non estean aprobados os catálogos oficiais de solos agropecuarios e forestais, manterase o uso agropecuario ou forestal do solo acorde coa súa clasificación, sen prexuízo do indicado nos números seguintes desta disposición.

2. Coa finalidade de manter a súa potencialidade agropecuaria e de prevención contra os incendios forestais, se os terreos están destinados actualmente ao uso agropecuario consideraranse como agropecuarios, polo que non terán a consideración de monte ou terreo forestal para os efectos do establecido na lexislación de montes. Se os terreos son de uso mixto agrosilvopastoral ou compatibilizan un uso agrícola principal ou maioritario nese terreo cun uso forestal, seguirán mantendo o uso actual.

3. Así mesmo, considerarase que o uso dos terreos é forestal nos supostos establecidos no artigo 2.1 a), b) e d) da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. En particular, terán uso forestal aqueles terreos rexistrados no Sistema rexistral forestal de Galicia creado no artigo 126 da citada lei.

4. Se nos terreos se veñen desenvolvendo aproveitamentos dos recursos forestais definidos no artigo 84 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, poderase manter o uso forestal.

5. Non obstante o establecido no número anterior, os terreos de antigo uso agrícola que non adquirisen a condición de monte, conforme o establecido na letra c) do número 1 do artigo 2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, poderán retomar o seu uso agrícola para os efectos de protexer a súa potencialidade agropecuaria e de prevención contra os incendios forestais.

Nestes terreos en ningún caso se entenderá como transformación ou cambio de uso do solo a recuperación do uso agrícola, e isto con independencia de que as operacións de recuperación impliquen modificacións nas condicións de limpeza e mantemento dos predios ou calquera outra intervención encamiñada á mellora da súa capacidade produtiva.

Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición transitoria primeira apartados 1 letra b), 2 e 5 nova redacción por artigo 22 apartado seis.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición transitoria primeira nova redacción por artigo 85 apartado catorce.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo derrogado: Disposición transitoria segunda suprimida por artigo 85 apartado quince.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Disposición transitoria terceira. Cualificación provisional dos enclaves forestais en terreos agrícolas

Mentres non estean aprobados os catálogos oficiais de solos agropecuarios e forestais, terán a condición de monte ou terreo forestal os enclaves forestais en terreos agrícolas con superficie mínima de 1 hectárea de masas forestais de frondosas do anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición transitoria terceira nova redacción por artigo 85 apartado dezaseis.

Disposición transitoria cuarta. Expedientes en tramitación no Banco de Terras de Galicia

Todos os expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei pasarán a tramitarse de conformidade co establecido nela, salvo aqueles respecto dos cales xa se ditase proposta de resolución, que continuarán a tramitarse pola normativa de conformidade coa cal foron iniciados. En todo caso, a aplicación desta lei aos referidos procedementos precisará da súa implementación no Sitegal.

Disposición transitoria quinta. Funcionamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural adaptará a súa organización e funcionamento ao disposto nesta lei nun prazo máximo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria sexta. Infraccións, sancións e recursos

1. Aos procedementos sancionadores en tramitación na data de entrada en vigor desta lei seralles aplicable a normativa vixente no momento da comisión da infracción, salvo que o réxime sancionador establecido nesta lei sexa máis favorable para o infractor. A competencia para resolver o procedemento sancionador rexerase, en todo caso, pola normativa vixente no momento da súa iniciación.

2. Os recursos administrativos contra resolucións recaídas en procedementos sancionadores tramitados conforme a normativa anterior que na data de entrada en vigor desta lei estean pendentes de resolución resolveranse de acordo coa normativa anterior.

Disposición transitoria sétima. Aplicación de prezos

Aplicaranse prezos calculados con base en métodos de valoración comunmente aceptados e debidamente xustificados, a excepción dos de arrendamento do Banco de Terras, para os que se manterán os prezos de referencia oficiais en vigor no momento da aprobación da lei, en tanto non se dispoña do documento técnico descrito no apartado 4 do artigo 13, que deberá ser aprobado no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Disposición transitoria oitava. Réxime de adquisición por parte da Comunidade Autónoma de Galicia dos inmobles situados no seu territorio vacantes por teren sido abandonados polos seus donos ou cuxos donos son descoñecidos

O disposto nesta lei no referente á adquisición por parte da Comunidade Autónoma de Galicia dos inmobles situados no seu territorio vacantes por teren sido abandonados polos seus donos ou cuxos donos son descoñecidos será aplicable a partir da entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria novena. Repoboacións co xénero Eucalyptus

1. Con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2030 só estarán permitidas as repoboacións con especies do xénero Eucalyptus nos seguintes casos:

a) Repoboacións previstas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal que fosen aprobados pola Administración forestal antes da entrada en vigor desta disposición, ou nos devanditos instrumentos cando a súa solicitude de aprobación se atopase en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta disposición e que fosen, finalmente, obxecto de aprobación pola Administración forestal.

b) Repoboacións do xénero Eucalyptus que se realicen co cumprimento de todas as condicións seguintes:

1º. As novas repoboacións deben realizarse en substitución doutras plantacións existentes de Eucalyptus situados noutras superficies, denominadas en adiante «superficies orixinarias».

2º. As plantacións existentes nas superficies orixinarias deben ter cumprido no momento da súa plantación o disposto nesta lei e no resto da lexislación sectorial vixente e ser tamén legais no momento en que se pretenda a substitución.

3º. As plantacións existentes nas superficies orixinarias deberán ter unha ocupación dominante do xénero Eucalyptus, de acordo co establecido no número 3 desta disposición.

4º. As persoas titulares das superficies orixinarias deberán transformar a plantación existente do xénero Eucalyptus noutras formacións específicas, que serán masas de coníferas ou de frondosas caducifolias.

5º. A nova superficie de repoboación con individuos do xénero Eucalyptus poderá pertencer á persoa titular da superficie orixinaria na que se encontre a plantación existente ou a unha persoa distinta. Non obstante, no caso de que se vaia realizar a repoboación en superficies que non pertenzan á titular da superficie orixinaria, ademais dos requisitos normativamente establecidos deberase presentar ante a Administración forestal, para os efectos do outorgamento da autorización, o acordo entre as titulares afectadas no que se ceda o dereito a efectuar a repoboación co xénero Eucalyptus na nova superficie e a declaración responsable da titular da plantación orixinaria na que se compromete a manter a nova masa creada e renuncia expresamente a calquera futura plantación con xénero Eucalyptus nos predios nos que se vai eliminar.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A autorización para a substitución recollerá expresamente a obriga de non iniciar os traballos para a nova repoboación de eucalipto ata que a plantación orixinaria estea transformada nunha nova masa de coníferas ou de frondosas caducifolias, e concederá un prazo máximo de tres anos desde o outorgamento da autorización para a execución da transformación da plantación orixinaria e a execución da nova plantación. Se, transcorrido o antedito prazo, non se realizou a nova plantación a autorización caducará, sen que caiba reverter a eucalipto a masa orixinal, se xa foi obxecto de transformación.

6º. As novas repoboacións co xénero Eucalyptus e as repoboacións da superficie orixinaria deberán cumprir o disposto nesta lei e no resto da lexislación sectorial vixente.

7º. A superficie da nova repoboación co xénero Eucalyptus non poderá superar o 75 % da superficie orixinaria que foi obxecto de transformación. Non obstante, no caso de plantacións de Eucalyptus existentes legalmente realizadas na Rede Natura 2000, co obxecto de fomentar a súa retirada, a superficie da nova repoboación realizada fóra dela poderá alcanzar ata o 100 % daquela que foi obxecto de transformación.

No suposto previsto nesta letra, será necesaria a autorización previa emitida pola persoa titular da dirección territorial competente na materia de montes onde radiquen os montes ou terreos forestais afectados. No suposto de que os montes ou terreos forestais afectados radiquen en provincias diferentes, a autorización será outorgada polo órgano de dirección competente na materia forestal.

2. Con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2030 as reforestacións con especies do xénero Eucalyptus unicamente estarán permitidas cando a ocupación anterior do terreo obxecto da reforestación constituíse unha masa pura ou mixta dominante deste xénero, e sempre e cando as plantacións anteriores se realizasen respectando o disposto na lexislación sectorial vixente.

3. O indicado nos números anteriores será aplicable ás masas puras de Eucalyptus e ás masas mesturadas pé a pé, dentro dunha mesma referencia catastral. Nunha masa mesturada pé a pé entenderase por especie dominante aquela ocupación que dentro da mesma referencia catastral supoña unha porcentaxe de pés maiores do xénero Eucalyptus superior ao 50 % do total da masa. Para estes efectos, consideraranse pés maiores aqueles que presenten un diámetro normal igual ou superior a 7,5 centímetros. Para o cómputo da superficie ocupada de masas mesturadas do xénero Eucalyptus excluiranse as mouteiras de masas puras doutras especies existentes na parcela catastral.

Para os efectos da aplicación do indicado no número 2, no caso de que a ocupación do eucalipto sexa superior ao 50 % e inferior ao 80 % do total da masa será necesaria autorización previa emitida polo órgano territorial competente en materia forestal onde radique o monte ou terreo forestal.

Igualmente, poderá solicitarse autorización ante o mesmo órgano para aquelas parcelas poboadas con pés do xénero Eucalyptus que estean a ser xestionadas conforme a adhesión a modelos silvícolas orientadores EG2 ou EN2 cuxo obxectivo de xestión sexa a produción de madeira para serra, chapa ou bateas en quendas superiores a vinte e cinco anos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. O prazo para a execución das novas plantacións que se realicen co xénero Eucalyptus e que fosen autorizadas consonte o artigo 67 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, finalizará aos 30 días da entrada en vigor desta lei.

5. A data establecida nos anteriores números 1 e 2 desta disposición poderá ser obxecto de revisión con base nos datos consolidados obtidos polo inventario forestal continuo de Galicia e na revisión das medidas establecidas no Plan forestal de Galicia 2021-2040.

6. Para os efectos previstos nesta disposición, entenderase por repoboación forestal a introdución de especies forestais arbóreas ou arbustivas nun terreo mediante sementeira ou plantación, e poderá ser forestación ou reforestación.

A reforestación consistirá na reintrodución de especies forestais, mediante sementeira ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.

7. Excepcionalmente, e co fin de restaurar as masas de piñeiro radiata (Pinus radiata) gravemente afectadas pola enfermidade da banda marrón (Lecanosticta acicola), poderán autorizarse reforestacións do xénero Eucalyptus. O anterior será aplicable ás masas puras de piñeiro radiata e ás masas mesturadas pé a pé, dentro dunha mesma referencia catastral. Nunha masa mesturada pé a pé entenderase por especie dominante aquela ocupación que dentro da mesma referencia catastral supoña unha porcentaxe de pés maiores de piñeiro radiata superior ao 50 % do total da masa. Para estes efectos, considerararanse pés maiores aqueles que presenten un diámetro normal igual ou superior a 7,5 centímetros. Para o cómputo da superficie ocupada de masas mesturadas de piñeiro radiata excluiranse as mouteiras de masas puras doutras especies existentes na parcela catastral.

Estas autorizacións só poderán concederse cando se cumpran todos os seguintes requisitos:

a) Eliminación da totalidade das masas de piñeiros afectados pola enfermidade da banda marrón (Lecanosticta acicola) dentro da referencia catastral, co fin de favorecer a erradicación da enfermidade.

b) A plantación do xénero Eucalyptus quedará limitada a un máximo do 50 % da superficie de piñeiro eliminada. Deberá repoboarse o 50 % restante con calquera outra especie de coníferas ou frondosas permitidas, agás o xénero Eucalyptus.

c) A plantación do xénero Eucalyptus quedará limitada a un máximo dunha única quenda de corta. Transcorrido o prazo desta quenda de corta, a persoa titular do dereito de aproveitamento queda obrigada á plantación da superficie con calquera outra especie de coníferas ou frondosas, agás o xénero Eucalyptus.

A autorización poderá denegarse se non se xustifica suficientemente a gravidade da afectación da enfermidade e a consecuente falta de viabilidade da explotación, aspectos que poderán ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

8. O establecido neste artigo entenderase sen prexuízo do réxime aplicable en cada caso ás repoboacións reguladas nela, de acordo coa normativa sectorial correspondente, xa sexa por mor do tipo de espazo protexido, pola prevención de incendios forestais ou por outras posibles afeccións.

Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo modificado: Disposición transitoria novena apartados 1, 2 e 3 nova redacción e apartados 7 e 8 engadidos por artigo 85 apartados dezasete e dezaoito.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

1. Derrógase a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

2. Así mesmo, quedan derrogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos ceidos polo Estado

Modifícase o Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, nos termos que se indican a seguir:

Un. Engádense dous novos números cinco e seis ao artigo 3, co seguinte contido:

«Cinco. Actividade agraria, explotación agraria, elementos da explotación, agricultor profesional, silvicultor activo e titular da explotación.

Para os efectos previstos neste texto refundido, os conceptos de «actividade agraria», «explotación agraria», «elementos da explotación», «agricultor profesional», «silvicultor activo» e «titular da explotación» serán os recollidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

Seis. Obras de rehabilitación.

Para os efectos previstos neste texto refundido, para determinar o concepto de obras de rehabilitación, en todo aquilo que non veña expresamente regulado nel, será de aplicación o previsto na normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Dous. Modifícase o número quince do artigo 5, que queda redactado como segue:

«Quince. Dedución por investimento en empresas que desenvolvan actividades agrarias.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, o 20 % das cantidades ou, no caso de achegas que non sexan en diñeiro, do valor dos bens que destinen no exercicio aos seguintes investimentos:

a) Adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, así como calquera achega a reservas en:

1º. Sociedades de fomento forestal reguladas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e outro tipo de sociedades de xestión conxunta.

2º. Entidades agrarias, cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra que teñan por obxecto exclusivo actividades agrarias.

3º. Entidades que teñan por obxecto a mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia ao abeiro dos instrumentos previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) Préstamos realizados a favor das mesmas entidades citadas na letra a) anterior, así como garantías que o contribuínte constitúa persoalmente a favor destas entidades.

c) Achegas que os socios capitalistas realicen a contas en participación constituídas para o desenvolvemento de actividades agrarias e nas que o partícipe xestor sexa algunha das entidades citadas na letra a) anterior.

2. Para ter dereito a estas deducións deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) As operacións ás que sexa de aplicación a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

b) Os investimentos realizados deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de cinco anos, computado a partir do día seguinte á data en que se formalice a operación en escritura pública. No caso de operacións de financiamento, o prazo de vencemento deberá ser superior ou igual a cinco anos, sen que se poida amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal. Durante ese mesmo prazo de cinco anos deben manterse as garantías constituídas.

c) O contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos, nin pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Esta dedución é incompatible coas recollidas nos números nove, dez e once deste artigo».

Tres. Engádese un novo número vinte ao artigo 5, co seguinte contido:

«Vinte. Dedución por adquisición e rehabilitación de vivendas nos proxectos de aldeas modelo.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades satisfeitas no exercicio para a adquisición ou rehabilitación de vivendas, sempre que:

a) As vivendas se sitúen en terreos que se integren en proxectos de aldeas modelo, de conformidade co previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) As vivendas estean destinadas a residencia dos contribuíntes que as adquiran ou rehabiliten, xa sexa con carácter habitual ou esporádico.

A base desta dedución non poderá exceder de 9.000 euros anuais para o caso de construcións destinadas a constituír a vivenda habitual dos contribuíntes. Noutro caso, a base da dedución non poderá exceder de 4.500 euros anuais.

A base da dedución estará constituída polas cantidades satisfeitas para a adquisición ou rehabilitación da vivenda, incluídos os gastos orixinados que corresen a cargo do adquirente, e, no caso de financiamento alleo, a amortización, os xuros, o custo dos instrumentos de cobertura do risco de tipo de xuro variable dos préstamos hipotecarios regulados no artigo décimo noveno da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, e demais gastos dela derivados. En caso de aplicación dos citados instrumentos de cobertura, os xuros satisfeitos polo contribuínte minoraranse nas cantidades obtidas pola aplicación do citado instrumento.

2. Para efectos da presente dedución, terán a consideración de obras de rehabilitación aquelas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan dos permisos e autorizacións administrativas correspondentes.

b) Que teñan por obxecto principal a reconstrución da vivenda mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas, sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda do 25 % do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmoble no momento do devandito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmoble a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

Esta dedución resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coas previstas nos números trece e dezaoito».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Catro. Modifícase a letra b) do apartado 1 do número cinco do artigo 7, que queda redactada como segue:

«b) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa causante».

Cinco. Modifícanse as letras a) e b) do apartado 2 do número cinco do artigo 7, que queda redactado como segue:

«a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa causante.

b) Que as persoas adquirentes ou os seus cónxuxes teñan a condición de persoas agricultoras profesionais en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan bens titulares dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á que estean afectos os elementos que se transmiten. A condición de persoa agricultora profesional deberá terse na data de devindicación do imposto ou adquirirse no prazo dun ano, contado desde o día seguinte á data de devindicación.

O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas comporta a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos».

Seis. Elimínase o apartado 4 do número cinco do artigo 7.

Sete. Modifícase o número seis do artigo 7, que queda redactado como segue:

«Seis. Redución por adquisición de predios rústicos.

1. Cando na base impoñible dunha adquisición mortis causa estiver incluído o valor de predios rústicos de dedicación forestal situados en terreos incluídos na Rede galega de espazos protexidos, e sempre que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa causante, practicarase unha redución do 95 % do mencionado valor.

As persoas adquirentes deberán manter os predios adquiridos durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro deste prazo faleza a persoa adquirente ou as transmita en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Nos casos en que na base impoñible dunha adquisición mortis causa estiver incluído o valor de predios rústicos, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa causante.

b) Que os predios rústicos adquiridos non se encontren en situación de abandono ou, de o estaren, mude esa situación no prazo dun ano desde a adquisición.

c) Que se manteñan os predios adquiridos á marxe dunha situación de abandono durante, polo menos, un prazo de cinco anos desde a súa adquisición ou desde o momento en que mudou a dita situación de abandono, agás que o adquirente faleza dentro deste prazo.

Para efectos da redución prevista neste número 2 entenderase por predios rústicos os que se correspondan co solo rústico definido como tal no artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción que non estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, a redución non se estenderá á parte da base liquidable que corresponda co valor da devandita construción e do solo sobre o que asenta, agás que no prazo máximo dun ano desde que tivo lugar a adquisición dos predios rústicos se incorporen a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou ben os ditos predios xa estivesen adheridos a algún destes instrumentos no momento en que tivo lugar adquisición mortis causa. Nese caso, a redución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os predios e do solo sobre o que asenten.

Unha vez rematado o prazo dun ano sen que tivese lugar a incorporación a que se refire o parágrafo anterior, no prazo dun mes o adquirente deberá presentar unha autoliquidación complementaria, incorporando á base liquidable o 99 % do valor das construcións e do solo sobre o que asentan e ingresando a contía que resulte dela e mais os correspondentes xuros de mora.

Así mesmo, para os efectos de cualificar a situación de abandono dun predio rústico atenderase á definición de «terra agroforestal en situación de abandono» prevista no artigo 4 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia».

Oito. Modifícase a letra c) do número cinco do artigo 8, que queda redactada como segue:

«c) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa doadora».

Nove. Elimínase o último parágrafo do número cinco do artigo 8.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Dez. Engádese un novo número nove ao artigo 8, co seguinte contido:

«Nove. Redución por adquisición de predios rústicos.

Nos casos en que na base impoñible dunha adquisición lucrativa inter vivos estea incluído o valor de predios rústicos, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, da persoa doadora.

b) Que a adquisición se formalice en escritura pública.

c) Que os predios rústicos adquiridos non estean en situación de abandono ou, de o estaren, mude esa situación no prazo dun ano desde a adquisición.

d) Que se manteñan os predios adquiridos á marxe dunha situación de abandono durante, polo menos, un prazo de cinco anos desde a súa adquisición ou desde o momento en que mudou a dita situación de abandono, agás que o adquirente faleza antes deste prazo.

Para efectos desta redución entenderase por predios rústicos os que se correspondan co solo rústico definido como tal no artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción que non estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, a redución non se estenderá á parte da base liquidable que corresponda co valor da devandita construción e do solo sobre o que asenta, agás que no prazo máximo dun ano desde que tivo lugar a adquisición dos predios rústicos se incorporen a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou ben os ditos predios xa estivesen adheridos a algún destes instrumentos no momento en que tivo lugar a adquisición lucrativa inter vivos. Nese caso, a redución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os predios e do solo sobre o que asenten.

Unha vez rematado o prazo dun ano sen que tivese lugar a incorporación a que se refire o parágrafo anterior, no prazo dun mes o adquirente deberá presentar unha autoliquidación complementaria, incorporando á base liquidable o 99 % do valor das construcións e do solo sobre o que asentan e ingresando a contía que resulte desta e mais os correspondentes xuros de mora.

Así mesmo, para os efectos de cualificar a situación de abandono dun predio rústico atenderase á definición de «terra agroforestal en situación de abandono» prevista no artigo 4 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia».

Once. Modifícase o apartado dous do artigo 13 ter, que queda redactado como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«Dous. Dedución por investimentos en empresas agrarias.

1. Os contribuíntes poderán aplicar unha dedución do 100 % da parte da cota do imposto que proporcionalmente corresponda ao valor dos seguintes bens ou dereitos:

a) Participacións no capital social de:

1º. Sociedades de fomento forestal reguladas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

2º. Entidades agrarias, cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra que teñan por obxecto exclusivo actividades agrarias.

3º. As entidades que teñan por obxecto a mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia ao abeiro dos instrumentos previstos na Lei 11/2021, do 14, de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) Préstamos realizados a favor das mesmas entidades citadas na letra a) anterior, así como garantías que o contribuínte constitúa persoalmente a favor destas entidades.

c) Participacións dos socios capitalistas en contas en participación constituídas para o desenvolvemento de actividades agrarias e nas que o partícipe xestor sexa algunha das entidades citadas na letra a) anterior.

No caso de participacións no capital social de entidades, a dedución só se aplicará ao valor destas, determinado segundo as regras deste imposto, na parte que corresponda á proporción existente entre os activos necesarios para o exercicio da actividade agraria, minorados no importe das débedas derivadas desta, e o valor do patrimonio neto da entidade. Para determinar esta proporción tomarase o valor que se deduza da contabilidade, sempre que esta reflicta fielmente a verdadeira situación patrimonial da entidade.

No caso de préstamos ou participacións en contas en participación, a dedución só se aplicará ao importe que financie a actividade agraria da entidade, entendéndose que financian esta actividade na parte que resulte de aplicar á súa contía total a proporción determinada conforme o previsto no parágrafo anterior.

2. Para ter dereito a esta dedución deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Os investimentos aos que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

b) Os investimentos realizados deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de cinco anos, computado a partir do día seguinte á data en que se formalice a operación en escritura pública. No caso de operacións de financiamento, o prazo

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

de vencemento deberá ser superior ou igual a cinco anos, sen que se poida amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal. Durante ese mesmo prazo de cinco anos deben manterse as garantías constituídas.

3. Esta dedución será incompatible coa aplicación para os mesmos bens ou dereitos das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que a dita exención sexa parcial».

Doce. Suprímese o terceiro parágrafo do apartado catro do artigo 13 ter.

Trece. Elimínanse os números tres e cinco do artigo 13 ter e renuméranse as restantes deducións.

Catorce. Engádese un número seis ao artigo 13 ter do Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, coa seguinte redacción:

«Seis. Dedución por incorporación de bens e dereitos aos instrumentos de mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base impoñible se incluísen bens incorporados a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos devanditos bens ou dereitos, sempre que a citada adscrición se manteña durante un prazo de, polo menos, cinco anos.

Os citados bens e dereitos deberán estar inscritos nos rexistros que resulten de aplicación, conforme o previsto na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Esta dedución será incompatible coa aplicación para os mesmos bens ou dereitos das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que a dita exención sexa parcial».

Quince. Modifícase o número dous do artigo 16, que queda redactado como segue:

«Dous. Dedución por arrendamento de predios rústicos.

Establécese unha dedución na cota do 100 % na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, no suposto de arrendamento de predios rústicos, sempre que as persoas arrendatarias teñan a condición de agricultores profesionais en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas, ou de silvicultores activos, e sexan titulares dunha explotación agraria á cal queden afectos os elementos obxecto do alugamento, ou ben socios dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á que queden afectos os elementos arrendados.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Tamén se establece unha dedución na cota do 100 % na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para os arrendamentos ou cesións temporais de predios rústicos que se leven a cabo para a súa incorporación a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Dezaseis. Modifícase o número tres do artigo 16, que queda redactado como segue:

«Tres. Dedución aplicable á transmisión, ao arrendamento ou á cesión temporal de terreos incorporados ao Banco de Terras de Galicia.

1. As transmisións en propiedade, o arrendamento ou a cesión temporal de terreos en que interveña o Banco de Terras de Galicia, conforme o previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, gozarán dunha dedución na cota tributaria do 100 % no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Este beneficio fiscal será incompatible con calquera outro que poida ser aplicable a esas adxudicacións ou ao encargo de mediación.

2. A aplicación do devandito beneficio fiscal quedará condicionada ao mantemento, durante un período mínimo de cinco anos, do destino agrario do terreo, salvo nos supostos de expropiación para a construción de infraestruturas públicas ou para a edificación de instalacións ou construcións asociadas á explotación agraria.

3. No caso de incumprimento da devandita condición, a persoa beneficiaria deberá ingresar o importe do beneficio gozado e os xuros de mora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo dun mes desde o incumprimento da condición».

Dezasete. Modifícase o número cinco do artigo 16, que queda redactado como segue:

«Cinco. Dedución aplicable ás transmisións de solo rústico.

Ás transmisións inter vivos de solo rústico aplicaráselles unha dedución do 100 % da cota. Para estes efectos, entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 31 da Lei 2 /2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción que non estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, a dedución non se estenderá á parte da cota que corresponda co valor na base liquidable da devandita construción e do solo sobre o que asenta, agás que se trate de transmisións de predios rústicos que no prazo máximo dun ano desde que tivo lugar a súa adquisición se incorporen a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou que xa estean adheridas a algún destes instrumentos. Nese caso, a dedución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os predios e do solo sobre o que asenten.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

No caso de incumprimento da devandita condición, a persoa beneficiaria deberá ingresar o importe do beneficio gozado e os xuros de mora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo dun mes desde o incumprimento da condición».

Dezaoito. Engádese un novo número dez ao artigo 16, co seguinte contido:

«Dez. Dedución aplicable ás transmisións de elementos afectos a explotacións agrarias.

Aplicarase unha dedución do 100 % da cota do imposto que puider devindicarse como consecuencia das transmisións inter vivos do pleno dominio ou do usufruto de elementos afectos a unha explotación agraria, xa sexa como consecuencia da súa transmisión individualizada ou con ocasión da transmisión inter vivos do pleno dominio ou do usufruto dunha explotación agraria na súa integridade.

A aplicación desta dedución quedará condicionada á concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a adquisición se formalice en escritura pública.

b) Que os elementos adquiridos se manteñan afectos á explotación agraria durante un prazo de cinco anos desde a súa adquisición, ben directamente por parte do adquirente, agás que este faleza dentro deste prazo, ou ben por parte daquelas persoas ás que o adquirente lles transmitise os elementos en virtude dun pacto sucesorio, antes da finalización dese prazo de cinco anos. O titular da explotación durante este prazo de mantemento debe ter a condición de persoa agricultora profesional ou silvicultora activa.

c) Que no seo da explotación agraria da que proceden os elementos adquiridos se viñesen realizando, efectivamente, actividades agrarias durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Esta dedución resultará incompatible, para un mesmo negocio xurídico, coa prevista nos números catro e cinco».

Dezanove. Modifícase o número sete do artigo 17, que queda redactado como segue:

«Sete. Dedución aplicable ás agregacións, agrupacións e segregacións para posterior agregación ou agrupación de predios que conteñan solo rústico.

1. Ás agregacións e agrupacións de predios que conteñan solo rústico aplicaráselles unha dedución do 100 % na cota correspondente ao gravame gradual sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais, que recaia sobre o devandito solo. Para estes efectos entenderase como solo rústico o definido como tal no artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No caso de que sobre o solo rústico exista unha construción que non estea afecta a unha explotación agraria en funcionamento, a dedución non se estenderá á parte da cota que corresponda co valor na base liquidable da devandita construción e do solo sobre o que

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

asenta, agás que se trate de agrupacións de predios rústicos que se leven a cabo para a súa incorporación, no prazo máximo dun ano desde a data de devindicación, a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou que xa estean adheridas a algún destes instrumentos, caso en que a dedución si comprenderá o valor das construcións que existan sobre os predios e do solo sobre o que asenten.

2. A dedución regulada no número 1 deste apartado será, así mesmo, aplicable, coas mesmas condicións, ás segregacións de predios que conteñan solo rústico cando a devandita segregación teña por finalidade unha agregación ou agrupación de predios de solo rústico posterior que se vaia realizar nos mesmos termos que se establecen no número 1 deste apartado. Esta condición entenderase cumprida soamente cando na mesma escritura pública de segregación ou nunha escritura pública da mesma data se outorgue a agregación ou agrupación de predios que inclúa algún dos predios segregados».

3. No caso de incumprimento dos requisitos exixidos nos números anteriores para a aplicación desta dedución, a persoa beneficiaria deberá ingresar o importe do beneficio gozado e os xuros de mora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo dun mes desde o incumprimento da condición».

Vinte. Engádese un novo número once ao artigo 17, co seguinte contido:

«Once. Dedución aplicable en supostos de transmisión de elementos afectos a explotacións agrarias.

Aplicarase unha dedución do 100 % da cota do imposto que poida devindicarse como consecuencia das transmisións inter vivos do pleno dominio ou do usufruto de elementos afectos a unha explotación agraria, xa sexa como consecuencia da súa transmisión individualizada ou con ocasión da transmisión inter vivos do pleno dominio ou do usufruto dunha explotación agraria na súa integridade.

A aplicación desta dedución quedará condicionada á concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que os elementos adquiridos se manteñan afectos á explotación agraria durante un prazo de cinco anos desde a súa adquisición, ben directamente por parte do adquirente, agás que este faleza dentro deste prazo, ou ben por parte daquelas persoas ás que o adquirente lles transmitise os elementos en virtude dun pacto sucesorio, antes da finalización dese prazo de cinco anos. O titular da explotación durante este prazo de mantemento debe ter a condición de persoa agricultora profesional ou persoa silvicultora activa.

b) Que no seo da explotación agraria da que proceden os elementos adquiridos se viñesen realizando, efectivamente, actividades agrarias durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

Esta dedución resultará incompatible, para o mesmo negocio xurídico, coa prevista no número dous».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

Engádese no capítulo II do título III a sección 4ª, «Adquisición de inmobles vacantes», integrada polo artigo 59 bis, á Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«Sección 4ª. Adquisición de inmobles vacantes

Artigo 59 bis. Inmobles vacantes e sen dono coñecido

1. Ademais dos bens que se lle atribúen por dereito sucesorio á Comunidade Autónoma de Galicia, pertence a esta, a través do ministerio da lei, a propiedade dos inmobles situados no seu territorio vacantes por teren sido abandonados polos seus donos ou cuxos donos sexan descoñecidos.

2. Porén, non derivarán obrigas ou responsabilidades para a Comunidade Autónoma de Galicia por razón da propiedade destes bens en tanto non se produza a súa incorporación efectiva ao patrimonio da Comunidade Autónoma, logo da instrución do correspondente expediente de investigación, que se tramitará de acordo co establecido no artigo 117 desta lei ou, se é o caso, na lexislación especial que a regula.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá tomar posesión dos bens así adquiridos en vía administrativa, sempre que non foren posuídos por ninguén a título de dono e sen prexuízo dos dereitos de terceiros.

4. De existir un posuidor a título de dono, a Comunidade Autónoma de Galicia deberá levar a cabo a acción que corresponda perante os órganos da orde xurisdicional civil».

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Suprímense as letras c) e e) do número 1 do artigo 2.

Dous. Suprímese a letra d) do número 2 do artigo 2.

Tres. Modifícase a letra e) do número 2 do artigo 2, que queda redactada como segue:

«2. Non teñen a consideración de monte ou terreo forestal:

e) Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria».

Catro. Modifícase o número 39, e engádense os números 40, 41, 42 e 43 ao artigo 8, coa seguinte redacción:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«39. Silvicultor/a activo/a: persoas ou entidades, con ou sen personalidade xurídica, que sexan persoas propietarias, titulares ou xestoras dos aproveitamentos e servizos ecosistémicos daquelas unidades de xestión forestal que conten cun instrumento de ordenación ou de xestión forestal e sempre que dispoñan ou estean incluídos dentro dun certificado de xestión forestal sustentable emitido por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente, sen prexuízo do disposto na disposición adicional novena desta lei.

40. Unidades de xestión forestal: son montes ou parcelas forestais con lindeiros identificables incluídos nun único instrumento de ordenación ou xestión forestal.

41. Explotación forestal: unidade de xestión forestal con fins primordialmente de mercado, entendendo esta como o conxunto de bens e dereitos organizados pola persoa titular, arrendataria ou xestora no exercicio da actividade silvícola e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica.

42. Certificado de xestión forestal sustentable: título ou documento, expedido por terceira parte independente, que acredita que, nos montes ou unidades de xestión forestal nel incluídos, se leva a cabo unha xestión forestal sustentable, segundo requisitos determinados previamente por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente.

43. Persoas titulares de certificados de xestión forestal sustentable: persoa ou entidade á que se lle expediu un certificado de xestión forestal sustentable».

Cinco. Engádese un novo número ao artigo 20 na súa parte final:

«4. As comunidades de montes veciñais en man común poderán pertencer ás agrupacións forestais de xestión conxunta, preferentemente a aquelas agrupacións que dispoñan, dentro da súa superficie de actuación de xestión conxunta, de parcelas lindeiras co límite do monte veciñal. Coa finalidade de procurar unha explotación máis eficiente e sustentable do monte, as comunidades de montes veciñais en man común terán plena capacidade xurídica para a realización de actos ou negocios xurídicos para pertencer ás agrupacións de xestión conxunta».

Seis. Engádese un artigo 60 bis, coa seguinte redacción:

«1. As persoas propietarias de montes ou terreos forestais privados que pretendan realizar cambios de actividade de forestal a agrícola terán que presentar a comunicación previa ou, de ser o caso, a solicitude de autorización de cambio de actividade, de acordo co establecido no número 1 do artigo 60 desta lei, ante a persoa titular da xefatura territorial da consellaría competente en materia de montes en cuxo ámbito se sitúe o monte ou terreo forestal en que se vai realizar o cambio de actividade a agrícola ou a maior superficie daquel, no caso de estar situado no ámbito de máis dunha xefatura territorial.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Cando para a realización do cambio de actividade de forestal a agrícola sexa necesaria a realización dun aproveitamento forestal, a solicitude de autorización ou a comunicación previa irán acompañadas da solicitude de autorización ou, de ser o caso, da declaración responsable de aproveitamento forestal, conforme o réxime normativo de aplicación.

3. No caso de cambios de actividade suxeitos a autorización, tras a instrución do procedemento por parte da xefatura territorial, corresponderá á persoa titular do centro directivo competente en materia forestal resolver sobre a solicitude de autorización de cambio de actividade de forestal a agrícola presentada no prazo máximo de seis meses. O aproveitamento forestal, mediante declaración responsable, non se poderá realizar ata que se dite a resolución sobre a autorización de cambio de actividade solicitada.

Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución, a solicitude de autorización entenderase desestimada, ao tratarse dunha actividade que pode danar o ambiente.

4. Os cambios de actividade suxeitos a comunicación previa poderán ser realizados desde o momento en que se presente esta, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas a Administración forestal e as demais administracións públicas competentes, agás nos casos en que para a realización do cambio de actividade sexa necesaria a realización dun aproveitamento forestal suxeito a autorización. Nestes últimos supostos, non se poderá realizar o cambio de actividade ata que o titular da xefatura territorial competente se pronuncie sobre a solicitude de autorización do aproveitamento forestal ou ben ata que esta se estime concedida por silencio administrativo.

Cando a realización do cambio de actividade requira dunha avaliación de impacto ambiental, a comunicación previa non poderá presentarse ata que o órgano ambiental conclúa a dita avaliación e estea publicada no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. Para estes efectos, actuará como órgano substantivo aquel competente na actividade ou uso a que se vaia destinar o predio.

5. O prazo máximo para a realización do cambio de actividade e, de ser o caso, do aproveitamento madeireiro necesario, será de doce meses, que se contarán desde a data da notificación da autorización de cambio de actividade ou desde a presentación da comunicación previa.

No caso de cambios de actividade suxeitos a comunicación previa que impliquen a realización de aproveitamentos forestais suxeitos a autorización, o prazo de doce meses computarase desde a notificación da autorización do aproveitamento forestal ou desde a data en que esta se estime concedida por silencio administrativo.

Cando se demore a execución por causas non imputables ao propietario do monte ou terreo forestal, o dito prazo poderá ser prorrogado pola persoa titular do centro directivo competente en materia forestal, logo de solicitude xustificada, por un único prazo, que non poderá exceder en ningún caso do inicialmente concedido».

Sete. Suprímese o artigo 61, «Cambio de actividade agrícola a forestal».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Oito. Suprímese o número 4 do artigo 62, «Supostos especiais de cambio de actividade ».

Nove. Modifícase o número 6 do artigo 62, que queda redactado como segue:

«6. As plantacións para a mellora da explotación agrícola ou gandeira consistentes en faixas cortaventos de ata 10 metros de largo e os bosquetes para a protección de gando de ata 500 metros cadrados non terán a consideración de plantacións forestais. En ningún caso poderán empregarse para tal fin plantas do xénero Eucalyptus».

Dez. Suprímese o número 1 do artigo 67, «Condicións que deben cumprir as repoboacións forestais».

Once. Modifícanse os números 2 e 4 do artigo 67, que quedan redactados como segue:

«2. Queda prohibida a sementeira ou a plantación, incluso de pés illados, en todo terreo forestal e nas zonas de influencia forestal definidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, con exemplares do xénero Acacia e calquera outro sen aproveitamento comercial relevante que se determine mediante orde da consellaría competente en materia de montes.

4. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións forestais co xénero Eucalyptus naquelas superficies poboadas por especies do anexo I e nas masas compostas por formacións arbóreas onde estean mesturados ou intercalados pés maiores pertencentes a especies do anexo I con pés maiores do xénero Eucalyptus, cando estes últimos integren unha porcentaxe de individuos inferior ao 50 % do total da masa. Esta prohibición aplicarase incluso con posterioridade ao aproveitamento final desa masa mixta ou á súa afectación por un incendio forestal. Exceptuaranse desta prohibición as parcelas poboadas con pés do xénero Eucalyptus que estean a ser xestionadas consonte modelos silvícolas EG2 ou EN2 cuxo obxectivo de xestión sexa a producion de madeira para serra, chapa ou bateas en quendas superiores a vinte e cinco anos e sempre e cando obtivesen autorización previa emitida polo órgno territorial competente en materia de medio rural onde radique o monte ou terreo forestal.

Para estes efectos, consideraranse pés maiores aqueles que presenten un diámetro normal igual ou superior a 7,5 centímetros. Esta prohibición non será aplicable nos casos de rexeneración posterior á plantación ou rexeneración, en piso inferior ou sotobosque, de especies do anexo I.

En masas consolidadas de frondosas autóctonas, a prohibición anterior esténdese igualmente ás reforestacións e ás novas plantacións intercaladas co xénero Pinus, Picea sp., Abies sp., Pseudosuga sp. e Tsuga sp».

Doce. Modifícase a letra a) do número 2 do artigo 70, que queda redactada do seguinte xeito:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«a) Vincularase a unha agrupación con capacidade xurídica para a xestión conxunta dos seus terreos, que se acreditará mediante a integración das persoas titulares nas correspondentes agrupacións forestais de xestión conxunta, mediante a achega de títulos de propiedade dos terreos e/ou de dereitos de aproveitamento sobre eles».

Trece. A letra d) do número 2 do artigo 121 queda coa seguinte redacción:

«d) As agrupacións forestais de xestión conxunta».

Catorce. O artigo 122 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 122. Agrupacións forestais de xestión conxunta

1. As persoas propietarias ou titulares de dereitos de aproveitamento de terreos forestais que pretendan a súa xestión conxunta de acordo coas normas desta lei poderán solicitar o seu recoñecemento como agrupación forestal de xestión conxunta.

2. As agrupacións terán por finalidade a xestión conxunta e sustentable dos terreos forestais, a súa recuperación e impedir o seu abandono; favorecer a xestión, produción e comercialización conxunta; servir como instrumento para a conservación do ambiente, a prevención e defensa contra os incendios forestais, a protección fronte a catástrofes e a mitigación e adaptación contra o cambio climático; e a creación de emprego endóxeno, colaborando no aumento da calidade de vida e en expectativas de desenvolvemento da poboación rural.

3. De acordo coas finalidades expresadas no número anterior, por transcender os seus fins e obxectivos daqueles exclusivamente de interese particular, poderá declararse de interese xeral a xestión conxunta realizada polas indicadas agrupacións forestais.

4. Poderán solicitar o recoñecemento como agrupacións forestais de xestión conxunta as seguintes entidades cuxa actividade se desenvolva en terreos forestais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Asociacións sen ánimo de lucro constituídas para o auxilio, apoio e asesoramento ás persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento de terreos na planificación da xestión forestal e na xestión e comercialización conxunta dos seus aproveitamentos, sempre que estean compostas por persoas titulares dos indicados dereitos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Sociedades civís e comunidades de bens.

c) Cooperativas e outras entidades de economía social.

d) Sociedades agrarias de transformación.

e) Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

f) Sociedades de fomento forestal.

g) Calquera outra que teña por obxecto a recuperación, de forma conxunta, de terras forestais».

Quince. O artigo 122 bis queda coa seguinte redacción:

«Artigo 122 bis. Obxecto das agrupacións forestais de xestión conxunta

1. O obxecto das agrupacións forestais de xestión conxunta será, de forma exclusiva, un ou varios dos seguintes:

a) A mobilización de terreos forestais por medio dunha actuación de xestión conxunta.

b) A explotación e o aproveitamento conxunto dos terreos forestais mediante unha xestión sustentable e multifuncional dos produtos e servizos forestais, contribuíndo a aumentar a rendibilidade e a calidade dos recursos forestais. Para estes efectos, entenderanse por recursos e servizos forestais aqueles definidos polo artigo 84 desta lei.

c) A comercialización, prestación e/ou produción conxunta de produtos e servizos forestais, a realización de melloras no medio rural, a promoción e desenvolvemento agrarios e a prestación de servizos comúns que sirvan a aquela finalidade.

d) A xestión activa e valorización das masas consolidadas de frondosas autóctonas, tendo en conta os beneficios sociais e ambientais que achegan á sociedade galega.

e) O apoio á xestión forestal sustentable no marco das estratexias de mitigación e adaptación fronte ao cambio climático e nas políticas activas de descarbonización, sen esquecer o seu papel como refuxio da biodiversidade e a importancia que presenta en servizos fundamentais para a vida.

f) A restauración e conservación de ecosistemas forestais.

2. As agrupacións de xestión conxunta poderán ter por obxecto, ademais dos aproveitamentos correspondentes á súa propia natureza, aproveitamentos mixtos, así como calquera outro secundario vinculado a estes e compatible co uso de parcelas rústicas, de conformidade coas previsións da lexislación urbanística».

Dezaseis. Engádese un artigo 122 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 122 ter. Requisitos das agrupacións forestais de xestión conxunta

1. As agrupacións forestais de xestión conxunta deberán dispor da xestión dunha superficie mínima de 10 hectáreas.

2. As persoas ou entidades que formen parte da agrupación forestal deberán asinar a cesión ou delegación da planificación da xestión forestal ou da representación para a xestión e

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

comercialización conxunta durante un prazo mínimo de dez anos, ou o prazo que permita completar a quenda de corta do aproveitamento principal, no caso de que esta sexa maior.

3. As agrupacións forestais poderán asinar acordos de cesión coas persoas titulares de terreos forestais para o uso e o aproveitamento do seu predio mediante calquera negocio xurídico válido en dereito, e non será necesaria a súa integración como socios na dita agrupación. Estes acordos incluirán expresamente a obriga da persoa cesionaria de cumprir cos prazos de cesión dispostos neste artigo.

A Administración forestal facilitará ás persoas titulares de predios forestais modelos tipo para a constitución dun dereito de uso e aproveitamento a favor de terceiras persoas.

4. Os estatutos da agrupación de xestión conxunta recollerán, sempre que pola súa natureza mercantil sexan aplicables, entre outras, as seguintes previsións:

a) A maioría dos dereitos de voto deberá corresponder ás persoas socias que acheguen a propiedade ou os dereitos de uso de parcelas forestais.

b) Os dereitos económicos das persoas membros da agrupación. Para tales efectos, de ser o caso, os estatutos sociais poderán prever a posibilidade de que cada participación ou acción social implique unha diferente participación nos beneficios da sociedade.

c) A obrigatoriedade de reservar, dos ingresos que obteñan pola xestión dos aproveitamentos forestais, cando menos:

1º. A contía necesaria para facer fronte aos custos previstos nas actuacións obxecto de planificación dispostas nos instrumentos de ordenación ou xestión forestal.

2º. O cen por cento dos ingresos xerados a partir dos produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais, agás que se xustifique documentalmente ante a consellaría competente en materia de montes que é suficiente a reserva dunha porcentaxe menor.

5. As agrupacións forestais de xestión conxunta deberán presentar perante a Administración forestal, sobre os terreos que teñan a condición de monte, un instrumento de ordenación ou xestión forestal para a dita superficie de acordo co previsto nesta lei, no prazo dun ano desde a súa inscrición no Rexistro de Agrupacións de Xestión Conxunta de Terreos Forestais.

6. As agrupacións forestais de xestión conxunta deberán dispor dos servizos para a xestión profesionalizada mediante persoal técnico competente en materia forestal. Este persoal técnico deberá elaborar o preceptivo instrumento de ordenación ou xestión e prestar o apoio técnico que asegure unha xestión forestal sustentable e o cumprimento das obrigas normativamente aplicables. Porén, non será necesario que a administración dunha agrupación forestal de xestión conxunta sexa desempeñada por unha empresa de servizos forestais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

7. Mediante desenvolvemento regulamentario poderán determinarse requisitos adicionais que deberán cumprir estas agrupacións forestais de xestión conxunta e as particularidades do seu réxime xurídico».

Dezasete. Engádese un artigo 122 quater, coa seguinte redacción:

«Artigo 122 quater. Do recoñecemento das agrupacións forestais de xestión conxunta

1. As solicitudes das persoas interesadas que pretendan o recoñecemento da agrupación forestal de xestión conxunta deberán, ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, presentar a seguinte documentación:

a) Identificar a tipoloxía da agrupación proposta.

b) Xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e, en particular, se for o caso, a constitución da entidade correspondente que vai levar a cabo a actuación de xestión conxunta, achegando os seus estatutos.

c) Identificar a superficie da iniciativa de actuación de xestión ou comercialización conxunta.

d) Achegar a documentación que acredite a disposición dos dereitos de uso da superficie das terras de natureza forestal incluídas no ámbito da iniciativa de xestión ou comercialización conxunta. Deberase acreditar a disposición dos dereitos de uso dunha porcentaxe superior ao 70 % da superficie das terras incluídas no ámbito da iniciativa. Respecto da xustificación dos dereitos de uso, para os efectos desta lei, salvo proba en contrario, a Administración considerará a persoa que con tal carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais, ou finalmente a quen o sexa pública e notoriamente, aínda que careza do oportuno título escrito.

e) Acreditar a dispoñibilidade dos medios persoais e técnicos precisos e a obriga de mantelos ao longo de toda a actividade.

f) Achegar, de ser o caso, a solicitude da declaración de utilidade pública e interese social para a actuación de xestión conxunta.

2. Os terreos incluídos dentro do ámbito da iniciativa non poderán formar parte doutra agrupación co mesmo obxecto.

3. O órgano forestal, logo da remisión a este da documentación requirida, comunicará a dita solicitude á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o seu coñecemento e solicitará, de ser o caso, a emenda e mellora da solicitude, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39 /2015. En particular, poderá solicitar, de acordo co indicado neste precepto, a aclaración da documentación presentada e a modificación do ámbito da actuación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. Á vista da documentación achegada e, de ser o caso, as súas emendas, o órgano forestal resolverá o recoñecemento da agrupación de xestión conxunta. O órgano forestal notificará a resolución de recoñecemento da agrupación de xestión conxunta e da viabilidade da superficie de actuación dentro do prazo de seis meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para resolver. No caso de que non se dite e notifique no indicado prazo a resolución, as persoas interesadas poderán considerar desestimada a súa solicitude para os efectos da interposición dos recursos procedentes.

5. Unha vez recoñecida a agrupación, esta inscribirase de oficio no Rexistro de Agrupacións Forestais regulado no artigo 126 desta lei. A dita resolución e inscrición serán comunicadas á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a súa inscrición na sección forestal do Rexistro Público de Agrupacións Agroforestais da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. As asociacións sen ánimo de lucro poderán ser declaradas de utilidade pública de acordo cos requisitos establecidos na lexislación de asociacións. En particular, a Administración autonómica entenderá que promoven o interese xeral, para os efectos do previsto na lexislación de asociacións, aquelas inscritas no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta cuxa actividade se refira a terreos compostos, cando menos, nun 85 % por formacións arbóreas das especies do anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou de piñeiro do país (Pinus pinaster Ait.).

7. A declaración de utilidade pública da asociación farase por iniciativa das correspondentes asociacións mediante orde da consellaría competente na materia, logo da instrución do correspondente procedemento».

Dezaoito. Engádese un artigo 122 quinquies, coa seguinte redacción:

«Artigo 122 quinquies. Sociedades de fomento forestal

1. Para os efectos desta lei, serán consideradas como sociedades de fomento forestal aquelas agrupacións de xestión conxunta constituídas por entidades que teñan a forma de sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital ou de sociedades reguladas pola lexislación civil. Para mellorar a sustentabilidade das agrupacións, tamén poderán incluírse na agrupación persoas propietarias ou titulares de dereitos de uso de parcelas non forestais.

2. No caso das sociedades de fomento forestal, poderán pertencer á sociedade persoas físicas ou xurídicas que non sexan titulares de dereitos de uso de parcelas, sempre que a súa participación en conxunto non supere, en ningún caso, o 49 % das accións ou participacións sociais.

3. Mediante desenvolvemento regulamentario, determinaranse os requisitos adicionais que deberán cumprir estas sociedades, o seu obxecto e finalidade e outras particularidades do seu réxime xurídico».

Dezanove. Engádese un artigo 122 sexies, coa seguinte redacción:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«Artigo 122 sexies. Xestión das parcelas incluídas no ámbito da actuación de xestión forestal conxunta

1. Na superficie da iniciativa de actuación de xestión forestal conxunta, as persoas titulares ou con dereitos de uso ou aproveitamento de parcelas forestais non pertencentes á agrupación forestal de xestión conxunta, ou que non teñan acordos de cesión coa dita agrupación para o uso e o aproveitamento do seu predio, quedan obrigadas a manter unha adecuada xestión forestal da súa propiedade, cando menos mediante a súa adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais que alcancen un nivel de actividade de xestión forestal equiparable ao da agrupación forestal. O incumprimento desta obriga poderá xustificar o inicio dun procedemento de declaración de parcelas en situación de abandono ou infrautilización, segundo o disposto na lexislación en materia de recuperación da terra agraria.

2. No caso de que, tras a declaración de abandono ou infrautilización, as persoas titulares das parcelas opten por incorporalas ao Banco de Terras, esta incorporación deberá efectuarse a través dun arrendamento pactado a favor da agrupación de xestión conxunta, segundo o disposto na lexislación en materia de recuperación da terra agraria.

3. As parcelas declaradas en situación de abandono ou infrautilización no número anterior poderán ser obxecto do réxime de permutas voluntarias ou de permutas de especial interese agrario, segundo o disposto na lexislación en materia de recuperación de terra agraria».

Vinte. Engádese un capítulo IV no título X, rubricado «Do Rexistro Voluntario de Silvicultores/ as Activos/as».

Vinte e un. Engádese un artigo 125 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 125 bis. Do Rexistro

1. No Rexistro figurará, para cada silvicultor/a activo/a inscrito/a, unha anotación respecto da unidade ou unidades de xestión forestal correspondentes. A unidade de xestión forestal poderá estar conformada por unha única parcela forestal ou por unha pluralidade de montes ou parcelas, que deberán atoparse todas elas situadas dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A transmisión da propiedade da unidade de xestión forestal, ou do dereito que atribúa o seu uso e gozo, comportará a transmisión da condición de silvicultor/a activo/a ao adquirente, sempre que este manifeste a súa vontade e compromiso de continuar coa súa xestión de conformidade co instrumento de ordenación ou de xestión en vigor. En caso contrario, unha vez comunicada a transmisión, procederase a dar de baixa de oficio a unidade de xestión do Rexistro Voluntario de Silvicultores/as Activos/as.

3. Os silvicultores/as activos/as poderán actuar por medio de representante ante o Rexistro, de acordo co réxime xeral de representación previsto no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En particular, as persoas ou entidades que sexan titulares de certificados de xestión forestal

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

sustentable en vigor, con superficie no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e cos requisitos previstos na lexislación do procedemento administrativo, poderán ser designados como representantes para calquera tramitación ante o Rexistro».

Vinte e dous. Engádese un artigo 125 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 125 ter. Da inscrición, modificación e baixa no Rexistro Voluntario de Silvicultores/ as Activos/as

1. As solicitudes das persoas ou entidades interesadas en que sexan recoñecidas como persoas silvicultoras activas deberán, ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, presentar a seguinte documentación:

a) Relacionar as unidades de xestión forestal que se rexistrarán, que deberán ser identificadas ben polas referencias catastrais que correspondan, ben polo código de aprobación do seu instrumento de ordenación ou de xestión forestal, ou a través do código de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos outorgados polo órgano forestal.

b) Achegar a documentación que acredite a disposición dos dereitos de uso da superficie das unidades de xestión forestal. Para estes efectos, a xustificación dos dereitos de uso poderá facerse mediante a documentación acreditativa que conste nos rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, a quen os teña pública e notoriamente, aínda que careza do oportuno título.

c) No caso de que a inscrición sexa realizada por representación, deberá presentar documento acreditativo da representación.

2. O órgano forestal, logo da remisión da documentación requirida, solicitará, de ser o caso, a emenda e mellora da solicitude, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015; en particular, poderá solicitar, de acordo co indicado neste precepto, a aclaración da documentación presentada e a modificación do ámbito da actuación.

3. Á vista da documentación achegada e, de ser o caso, das súas emendas, o órgano forestal resolverá o recoñecemento como silvicultor/a activo/a. O órgano forestal notificará a resolución de recoñecemento dentro do prazo de tres meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para resolver. No caso de que non se dite e notifique no indicado prazo a resolución, as persoas ou entidades interesadas poderanas considerar estimadas para os efectos da interposición dos recursos procedentes. Unha vez recoñecido como silvicultor/a activo/a, procederá a inscribirse de oficio no Rexistro Voluntario de Silvicultores/as Activos/as regulado no artigo 126 desta lei.

4. O Rexistro Voluntario de Silvicultores/as Activos/as expedirá certificacións do seu contido, que poderán ser obtidas, por medios telemáticos, por calquera suxeito que acredite un interese lexítimo na súa obtención e utilizando un certificado de sinatura electrónica

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

recoñecido. Así mesmo, de forma agregada, a información sobre o número e superficie rexistrada será publicada e difundida periodicamente mediante os informes de estatística forestal, ao abeiro do artigo 103 desta lei.

5. Calquera alteración dos datos inscritos ou baixas deberá ser comunicada ao órgano forestal nun prazo máximo de tres meses desde que se producise. No caso de que unha unidade de xestión pase a estar incluída noutro certificado de xestión forestal sustentable, o silvicultor/a activo/a, ben directamente ou ben a través do seu representante, deberá igualmente comunicar ao Rexistro a dita circunstancia.

6. O órgano forestal poderá, en colaboración coas persoas titulares de certificados de xestión forestal sustentable e cos sistemas de certificación forestal, realizar controis administrativos co fin de asegurar a veracidade da información rexistrada. A detección de discrepancias significativas de información poderá producir a baixa de oficio da inscrición do silvicultor/a no Rexistro.

7. A persoa titular da consellaría con competencias en materia de montes poderá, mediante orde, regular os anexos de solicitude, modificación e baixa rexistral para o recoñecemento e inscrición como silvicultor/a activo/a».

Vinte e tres. Suprímese o número 3 da letra e) do artigo 128.

Vinte e catro. Modifícanse o número 1 da letra e) e os números 1 e 2 da letra i) e a letra ñ) e engádese a letra z) do artigo 128, que quedan redactados como segue:

«Artigo 128. Infraccións en materia de montes

e) Infraccións en materia de cambios de actividade:

1. A realización de cambios de actividade forestal a agrícola sen que se obtivese a preceptiva autorización para aqueles casos en que o exixa a presente lei e o incumprimento das condicións previstas na autorización outorgada para o efecto.

i) Infraccións en materia de repoboacións forestais, novas plantacións e cultivos enerxéticos:

1º. A realización de repoboación forestais coas especies que estean expresamente prohibidas nesta lei.

2º. A realización de reforestacións ou novas plantacións intercaladas co xénero Eucalyptus naquelas parcelas poboadas por especies do anexo I, incluso con posterioridade ao seu aproveitamento ou á súa afectación por un incendio forestal, ou a realización de novas plantacións co xénero Eucalyptus sen que se obtivese a preceptiva autorización nos casos previstos nesta lei.

ñ) Infraccións en materia de aproveitamentos:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1º. A realización de aproveitamentos forestais recollidos no artigo 92 desta lei, cando non se dispoña dun instrumento de ordenación ou de xestión forestal aprobado pola Administración, sen que se obtivese previamente a preceptiva autorización da Administración forestal para a súa execución nos casos en que esta sexa preceptiva.

2º. A realización de aproveitamentos madeireiros ou de biomasa en montes de xestión privada sen cumprir o requisito da declaración responsable preceptiva nos casos establecidos nesta lei ou incumprindo os prazos para a súa execución.

3º. A realización de aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada, incorporando á preceptiva declaración responsable inexactitudes, falsidades ou omisións, de carácter esencial, de calquera dato ou información, así como a non presentación da documentación que sexa requirida. As sobredeclaracións ou infradeclaracións de volumes e ou densidades existentes nunha parcela consideraranse falsidades de carácter esencial.

A non presentación de calquera documentación que sexa requirida aos xestores dos aproveitamentos en cumprimento da lexislación vixente será considerada como unha omisión de carácter esencial.

4º. A realización de aproveitamentos en masas consolidadas de frondosas autóctonas en superficies maiores de 15 hectáreas sen dispor dun instrumento de ordenación ou de xestión forestal aprobado pola Administración.

5º. A realización de aproveitamentos madeireiros sen extracción ou trituración da biomasa forestal residual, agás nos casos establecidos nesta lei.

6º. A realización en montes de xestión pública de aproveitamentos madeireiros sen proverse da correspondente licenza de corta ou de calquera outro instrumento disposto nos pregos de prescricións técnicas, así como non aterse o adxudicatario ao cumprimento de todas as obrigas e aos requisitos establecidos para a execución dos aproveitamentos en montes de xestión pública.

7º. A realización de aproveitamentos de cortizas ou resinas en montes de xestión privada sen obter a autorización da Administración forestal no caso de que esta sexa preceptiva ou sen cumprir o requisito da declaración responsable preceptiva nos casos establecidos na lexislación vixente.

z) O incumprimento das obrigas impostas polo Regulamento (UE) nº 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, polo que se establecen as obrigas dos axentes que comercializan madeira e produtos da madeira. Ademais das infraccións recollidas no artigo 67.r) da Lei 43/2003, de montes, serán sancionables:

1º. O incumprimento da obriga de presentación da comunicación anual de datos ao Rexistro de Empresas do Sector Forestal, prevista no artigo 103.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2º. A falsidade ou a omisión ou inexactitude de carácter esencial na documentación xerada pola empresa (desde a adquisición ata a venda do produto) que, en cumprimento da dilixencia debida, permite identificar o produto garantindo a súa rastrexabilidade».

Vinte e cinco. Modifícase a letra a) do número 1 e engádense as letras l), m), n) e ñ) no número 2 do artigo 129, que queda redactado como segue:

«1. Infraccións leves:

a) As infraccións tipificadas na letra e).2 do artigo 128 desta lei.

2. Infraccións graves:

l) As infraccións tipificadas na letra ñ).3 do artigo 128 desta lei.

m) As infraccións tipificadas na letra z) do artigo 128 desta lei.

n) As infraccións tipificadas na letra i).1 do artigo 128 desta lei, cando se trate de novas plantacións realizadas co xénero Eucalyptus que incumpran a disposición transitoria novena da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

ñ) As infraccións tipificadas na letra i).2 do artigo 128 desta lei».

Vinte e seis. Engádese a letra n) no número 1 do artigo 132, que queda redactado como segue:

«1. Para a concreta determinación da sanción impoñible, entre as asignadas a cada tipo de infracción, tomaranse en consideración, ademais dos criterios establecidos na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, os que seguen, que deberán ser debidamente motivados na resolución do procedemento:

n) O valor da madeira ou produtos forestais obxecto do incumprimento dos deberes de información».

Vinte e sete. Modifícase o número 1 do artigo 133, que queda redactado como segue:

«1. Sen prexuízo das sancións penais ou administrativas que en cada caso procedan, o infractor deberá reparar o dano causado na forma e condicións fixadas polo órgano sancionador. Esta obriga é imprescritible no caso de danos ao dominio público forestal.

A transmisión da parcela polo responsable da infracción non extinguirá a obriga de reparar o dano causado na forma e condicións fixadas polo órgano sancionador, nin transmitirá a dita obriga ao novo titular da parcela».

Vinte e oito. Modifícase o número 2 e engádese o número 5 no artigo 135, que quedan redactados como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«2. A inhabilitación para realizar actividades de produción, intermediación, xestión ou aproveitamento no eido forestal.

5. A imposibilidade de instar novos procedementos para a realización de aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes de xestión privada mediante declaración responsable durante un período dun ano».

Vinte e nove. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. Mecenado

Ás asociacións sen ánimo de lucro recoñecidas como agrupacións forestais de xestión conxunta de acordo co disposto nesta lei seralles de aplicación o réxime respecto dos incentivos fiscais ao mecenado previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, cando cumpran os requisitos establecidos nesta».

Trinta. Engádese unha nova disposición adicional novena, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional novena. Recoñecemento da condición de titulares de explotación agraria das persoas silvicultoras activas

Recoñécese a condición de titulares de explotación agraria ás persoas inscritas no Rexistro Voluntario de Silvicultores/as Activos/as, ao abeiro do artigo 126 da lei, para os efectos da súa posibilidade de asociación para a promoción da constitución de sociedades agrarias de transformación».

Trinta e un. Engádese unha disposición adicional décima, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional décima. Dos titulares con terreos inscritos no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas

1. Aqueles titulares inscritos nunha agrupación forestal de xestión conxunta que posúan terreos inscritos no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas serán dados de alta de oficio polo órgano forestal como silvicultores/as activos/as.

2. Estes titulares dispoñen dun prazo máximo de tres anos desde o día seguinte á súa inscrición no Rexistro de Agrupacións de Xestión Conxunta para disporen do instrumento de ordenación ou xestión forestal e de certificado de xestión forestal sustentable pertinente; a súa falta producirá a súa baixa, igualmente de oficio, como silvicultores/as activos/as».

Trinta e dous. Modifícase o número 3 da disposición transitoria décima, que queda redactado como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«3. As repoboacións existentes no momento da entrada en vigor desta lei teñen un prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta para adecuárense ás novas distancias.

As repoboacións e rexenerados de especies existentes o 1 de xaneiro de 2019 teñen que estar adaptados ás novas distancias do anexo II que entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2019 establecidas nas letras h), i) e j) para especies non incluídas no anexo I o 1 de xaneiro de 2021».

Trinta e tres. Engádese a letra g) no número 1 da disposición derrogatoria única, que queda coa seguinte redacción:

«g) Os artigos 4, 5 e 7, o número 2 do artigo 8 e o número 5 do artigo 16 do Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro».

Trinta e catro. Engádese unha nova disposición adicional undécima, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional undécima. Terreos inscritos no Rexistro de Montes de Varas, Abertais, de Voces, de Vocerío ou de Fabeo

No ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, aqueles terreos inscritos no Rexistro de Montes de Varas, Abertais, de Voces, de Vocerío ou de Fabeo gozarán dos mesmos incentivos e estarán nas mesmas condicións que aqueles terreos inscritos no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta».

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un número 6 ao artigo 6 coa seguinte redacción:

«6. Cando as iniciativas de reestruturación parcelaria que se recollen nas letras b) e c) do número 1 deste artigo teñan por obxecto terreos de monte, priorizaranse aquelas que acheguen o compromiso, por parte dos afectados polo proceso, de levaren a cabo unha xestión e aproveitamento dos terreos de xeito sustentable e viable mediante a súa integración en agrupacións de xestión conxunta ou, de ser o caso, polígonos agroforestais».

Dous. Suprímense as letras f) e g) do artigo 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Tres. Engádese un número 4 ao artigo 11 coa seguinte redacción:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«4. Publicado o decreto polo que se declara a reestruturación parcelaria dunha zona, o servizo provincial competente por razón da materia elaborará e porá á disposición de todos os interesados unha listaxe de persoas titulares que desexen adquirir, allear ou permutar terreos achegados ao proceso.

A inclusión na referida listaxe poderá levarse a cabo ata a declaración da firmeza de bases e será necesario que, xunto coa solicitude, se autorice a Administración ao tratamento dos datos achegados co único fin de facilitalos a terceiras persoas que acrediten o seu interese na adquisición, alleamento ou permuta dos terreos afectados polo proceso de reestruturación e incluídos na listaxe elaborada».

Catro. Modifícase o artigo 22, ao que se engade uns novos puntos 17 e 18:

«17. A resolución favorable do órgano ambiental respecto da avaliación de impacto ambiental da zona de reestruturación parcelaria. Para iso, procederase previamente segundo o establecido na normativa de avaliación de impacto ambiental.

18. Unha delimitación das zonas de obrigada conservación e protección que, polas súas características, constitúan masas consolidadas de frondosas autóctonas».

Cinco. Suprímese o número 6 do artigo 34 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Seis. Modifícase o número 3 do artigo 41, «Tramitación da documentación», que queda redactado como segue:

«3. Unha vez aprobadas as bases, só se tramitarán as solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega que se presenten antes da data límite que determine para cada zona a dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria, por proposta do servizo provincial. Esta resolución será obxecto de publicación nos termos establecidos no número 1 do artigo 42 desta lei.

Transcorrido o dito prazo e ata o momento de aprobación do acordo, unicamente se admitirán as solicitudes de cambio de titularidade das parcelas de achega, sempre e cando o cambio afecte a totalidade das parcelas achegadas por unha persoa titular e a transmisión se faga integramente a outra, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitadas sempre. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

No caso de falecemento dun titular e cando exista partición de herdanza, procederase á tramitación do cambio de titularidade ata a firmeza do acordo, sempre e cando esta partición afecte parcelas de substitución íntegras. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sete. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 48, «Tramitación», que quedan redactados como segue:

«1. Comprobado o cumprimento dos obxectivos xerais conforme o disposto no artigo 7 desta lei, así como os requisitos establecidos nos artigos 46 e 47, o servizo provincial emitirá informe dirixido á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, no que analizará a viabilidade da execución do proceso de reestruturación e proporá a aceptación ou denegación da solicitude de reestruturación.

2. No caso de que a proposta sexa de aceptación da solicitude de reestruturación e os peticionarios manifesten a súa vontade de continuidade do proceso, a dirección xeral competente en desenvolvemento rural dirixirase aos órganos das administracións autonómica, central e local que puideren verse afectados por razón das súas competencias polo proceso, co obxecto de solicitar, nun prazo máximo de dous meses, a información necesaria, coñecer a existencia de plans ou actuacións específicas sobre a zona que puidere afectar a delimitación do perímetro ou a execución do procedemento e, en xeral, calquera outra incidencia que deba de ser reflectida no expediente.

Á vista disto, a citada dirección xeral comunicará o resultado do informe ás persoas solicitantes para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á data de recepción da notificación, de ser o caso, aleguen o que estimen oportuno.

3. Completados os trámites dos números anteriores, por proposta da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, mediante orde da Consellaría, autorizarase a execución do proceso de reestruturación da propiedade de leiras de vocación agraria polas persoas particulares.

4. Contra esta orde, as persoas propietarias e titulares de dereitos e situacións xurídicas alleas á agrupación e afectadas polo proceso poderán presentar recurso de alzada ante a consellaría competente en materia de desenvolvemento rural».

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 50, «Execución dos traballos técnicos», que queda redactado como segue:

«1. O procedemento de execución dos traballos técnicos responderá estritamente ao exposto no título II. En todo o que lle sexa aplicable redactarase o preceptivo documento ambiental, que será remitido ao órgano competente co fin de que este realice a tramitación establecida na normativa de avaliación ambiental».

Nove. Suprímese o título IV, «Reestruturación da propiedade mediante permutas voluntarias », e, en consecuencia, os artigos 55, 56 e 57.

Dez. Modifícase a disposición transitoria sexta, «Coordinación catastral», que queda redactada como segue:

«As actuacións a que se refiren os apartados anteriores deberán levarse a cabo dentro do prazo dos sete anos seguintes á entrada en vigor desta lei».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Once. Engádese unha nova disposición transitoria novena, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición transitoria novena. Limitación dos cambios de titularidade en bases definitivas aprobadas non firmes

O establecido no número 3 do artigo 41 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia, será aplicable a todos os procedementos de concentración parcelaria que se encontren en bases definitivas aprobadas e non acadasen aínda a aprobación do acordo no momento da entrada en vigor desta lei».

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

Modifícanse as letras a) e b) do número 2 do artigo 34 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa seguinte redacción:

«a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración ou reestruturación parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que exerza a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Para os efectos do previsto nesta letra, non se entenderán incluídos os terreos que formen parte de procesos de concentración ou reestruturación parcelaria que teñan natureza forestal.

b) Solo rústico de protección forestal, constituído polos terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que exerza a competencia sectorial en materia forestal».

Disposición derradeira sexta. Modificación do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

Modifícase a táboa 1 do anexo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactada como segue:

Disposición derradeira sétima. Modificación da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Engádese un novo parágrafo no número 1 in fine da disposición transitoria cuarta da Lei 9 /2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactado como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«Previamente á cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal consonte o artigo 81 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que garanta a continuidade da xestión forestal sustentable».

Disposición derradeira oitava. Comisión de Avaliación e Seguimento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia

1. Co fin de levar a cabo o seguimento e a avaliación da presente lei crearase, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor e mediante Decreto do Consello da Xunta, a Comisión de Avaliación e Seguimento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

2. A Comisión terá unha composición plural e contará coa presenza de expertos e especialistas na materia, procedentes do eido universitario, académico ou dos colexios profesionais relacionados co ámbito sectorial.

3. A Comisión terá as seguintes funcións:

a) Remitir bianualmente ao Parlamento de Galicia un informe de avaliación sobre as actuacións realizadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en materia de recuperación da terra agraria.

b) Coñecer os informes de control da xestión económico-financieira emitidos polos órganos de control externo e interno, e propor as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas.

c) Analizar os recursos persoais, materiais e orzamentarios que a Administración autonómica debe soportar para a consecución dos obxectivos desta lei, así como o seu escenario plurianual.

Disposición derradeira novena. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira décima. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, agás o disposto nos números un, dous e tres da disposición derradeira primeira, que terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2021.

Santiago de Compostela, catorce de maio de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.